


# OBRAS PÚBLICAS E PATRIMONIO: ESTUDO ARQUEOLÓXICO DO CORREDOR DO MORRAZO

FELIPE CRIADO Boado e Elena Cabrejas Domínguez (Coordinadores)



Santiago de Compostela 2005

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento  
Consejo Superior de Investigaciones Científicas - Xunta de Galicia

35

TAPA

TRABALLOS de ARQUEOLOXÍA e PATRIMONIO



# TAPA 35

## OBRAS PÚBLICAS E PATRIMONIO: ESTUDO ARQUEOLÓXICO DO CORREDOR DO MORRAZO

Felipe Criado Boado e Elena Cabrejas Domínguez  
COORDINADORES

[TRABALLOS DE ARQUEOLOXÍA E PATRIMONIO]  
decembro de 2005



# TAPA 35

Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio  
Santiago de Compostela, 2005

## Comité editorial

Felipe Criado Boado, IEGPS, CSIC-XuGa (director)  
Manuel Santos Estévez, IEGPS, CSIC-XuGa (secretario)  
Agustín Azkárate Garai-Olaun, Euskal Herriko Unibertsitatea  
Teresa Chapa Brunet, Universidad Complutense  
Marco García Quintela, LPPP, Universidade de Santiago de Compostela  
Antonio Gilman Guillén, California State University (EEUU)  
Kristian Kristiansen, Göteborgs Universitet (Suecia)  
María Isabel Martínez Navarrete, Instituto de Historia, CSIC  
María Luisa Ruíz Gálvez, Universidad Complutense

## Consello asesor

Xesús Amado Reino, Delegación Territorial da Consellería de Cultura e Deporte; XuGa  
Luis Caballero Zoreda, Instituto de Historia, CSIC  
Paloma González Marcén, Universitat Atònoma de Barcelona  
Víctor Hurtado, Universidad de Sevilla  
José M<sup>a</sup> López Mazz, Universidad de La República (Uruguay)  
Pedro Mateos, Instituto de Arqueología de Mérida, CSIC  
Björn Olsen, Universitet i Tromsø (Noruega)  
María Pilar Prieto Martínez, Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, CSIC-XuGa  
Gonzalo Ruiz Zapatero, Universidad Complutense  
João Senna Martínez, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Christopher Tilley, University College (Reino Unido)  
Juan Vicent García, Centro de Estudios Históricos, CSIC

## Enderezo de contacto

Secretaría de **TAPA**  
Laboratorio de Arqueología da Paisaxe  
Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento  
CSIC – Xunta de Galicia

Rúa San Roque, 2  
15704 Santiago de Compostela  
Galicia, España

Tel. +34 981 540246  
Fax +34 981 540240  
E-mail [phsantos@usc.es](mailto:phsantos@usc.es)

Os volumes da serie TAPA pódense descargar gratuitamente  
da páxina web [hppt://www.lppp.usc.es](http://www.lppp.usc.es)

Todas as figuras deste número TAPA pódense descargar en formato PDF

**Edita:** Laboratorio de Arqueología da Paisaxe. Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento,  
CSIC – Xunta de Galicia

**ISBN:** 84-00-08377-6

**ISSN:** 1579-5357

**NIPO:** 653-05-114-5

**Depósito Legal:** C-60-06

**Imprime:** euroGráficas

## Ficha Técnica

### Responsables de Edición

Felipe Criado Boado e Elena Cabrejas Domínguez

### Autores

Felipe Criado Boado, Elena Cabrejas Domínguez, Alberto Rodríguez Costas, David Barreiro Martínez, Xesús Amado Reino, Elena Lima Olivera, Camila Gianotti García, Cristina Cancela Cereijo, Andrés Bonilla Rodríguez, Mario César Vila, Patricia Mañana Borrazás, Francisco Xavier Chao Álvarez, Pablo Vázquez Liz, Yolanda Seoane Veiga, Roberto Aboal Fernández, Virginia Castro Hierro, Fidel Méndez Fernández, José Manuel Rey García, Manuel Santos Estévez, Antonio Martínez Cortizas, Pilar Prieto Martínez, Marta Tabarés Domínguez, Sofía Baqueiro Vidal e Yolanda Porto Tenreiro

### Revisión dos textos

David Barreiro Martínez

### Delineación e composición de modelos dixitais

Anxo Rodríguez Paz, Elena Lima Olivera, Cristóbal Nodar Nodar, María Méndez Martínez, Nuria Calo Ramos, Sergio Paredes Fortes, Virginia Castro Hierro, César Parcero Oubiña, Pastor Fábrega Álvarez e Paula Méndez Santiago

### Deseño e maquetación

tresCtres

### Xestión

Sofía Quiroga Limia

### Dirección da Serie

Felipe Criado Boado

### Co-financiación

Dirección Xeral de Obras Públicas da CPTOPV- Xunta de Galicia

## TÁBOA DE CONTIDOS

<b>Prólogos</b> .....	5
<b>Presentación</b> .....	13
<b>O Proxecto. Plantexamentos e Metodoloxía</b> .....	17
Precedentes: a Avaliación do	
Impacto Arqueolóxico e as resolucións da Declaración de Impacto Ambiental ....	25
Historial do proxecto. ....	28
A Corrección de Impacto .....	35
O Seguimento arqueolóxico .....	38
<b>Os Resultados: as principais intervencións</b> .....	41
Neolítico Inicial / Medio: O Regueiriño. ....	44
Neolítico Final: Montenegro .....	50
Calcolítico: Monte dos Remedios. ....	55
Neolítico Final / Idade do Bronce: Os Laguiños .....	59
Idade do Bronce: Devesa de Abaixo – Os Torradoiros. ....	63
Idade do Bronce: os petroglifos de O Vieiro, Devesa do Rei e Gondarán .....	70
Cultura Castrexa: o Castro de Montealegre .....	76
Romanidade tardía: O Redolliño .....	81
<b>O Coñecemento: a significación de Morrazo na Prehistoria</b> .....	85
O modelo de formación dun xacemento .....	89
De conxuntos materiais a poboados:	
patróns de asentamento en O Morrazo durante a Prehistoria Recente .....	95
Arte Rupestre na Península do Morrazo .....	106
Os territorios prehistóricos do entorno das Rías de Pontevedra e Vigo .....	109
A Cultura material dos xacementos de Montenegro,	
A Devesa de Abaixo e O Regueiriño. ....	117
<b>Bibliografía</b> .....	137





## PRÓLOGOS



El CSIC (Consejo Superior de Investigaciones Científicas) se encuentra en la actualidad en pleno proceso de reestructuración. Como principal organismo de investigación científica del Estado Español, debe adaptarse para responder a los nuevos retos que la emergencia de una sociedad de la información y la construcción de una economía del conocimiento demandan. Su propia misión en el conjunto del sistema español de I+D+i (investigación-desarrollo-innovación) está siendo reformulada en la actualidad: el CSIC aspira a producir, como en el pasado, investigación de excelencia basada en los más sólidos estándares de calidad y relacionada activamente con la ciencia que se realiza en las potencias mundiales en investigación; pero al mismo tiempo pretende, como signo obvio de adaptación a los tiempos, que esa investigación esté orientada hacia la transferencia finalista de conocimientos al entorno socio-econo-mo-cultural para permitir, de este modo, el desarrollo social y coadyuvar a la consolidación del bienestar.

Esta misión involucra plenamente a todas las áreas científicas y grupos de investigación del CSIC. También a las ciencias humanas y sociales. Si bien tradicionalmente se ha considerado que la transferencia de tecnología era ajena a las preocupaciones y posibilidades de estas disciplinas, la preponderancia actual de la información y el conocimiento, de los valores incluso, para adaptar los procesos económicos y sociales, reserva un lugar especial a las antiguas “Humanidades” en el siglo XXI.

El trabajo del que da cuenta este volumen representa un buen ejemplo de esto. Un equipo de investigación del CSIC colaboró con la Administración Gallega (en concreto con la Dirección Xeral de Obras Públicas de la Xunta de Galicia), con diversas empresas de arqueología, con constructoras y con la misma Universidad de Santiago de Compostela, para corregir (primero) la afección del Corredor de O Morrazo al rico Patrimonio Cultural gallego y estudiar y valorar (después) los importantes restos arqueológicos localizados. El CSIC se ocupó, en concreto, de asumir la dirección científica de los trabajos de campo y estudios posteriores, además de realizar diferentes intervenciones e investigaciones. En este tipo de colaboraciones, la

finalidad del CSIC es aproximar los intereses y posiciones de los diferentes agentes involucrados y de la sociedad misma a través de los criterios científico-técnicos que, fundados en una investigación veraz, permitan erigir un consenso correcto y, al tiempo, legítimo. El Consejo aportó recursos propios y movilizó otros procedentes de fuentes distintas a las Obras Públicas para poder responder de forma satisfactoria a las demandas del trabajo.

De este modo se viabilizó una obra de gran importancia para la sociedad gallega, se concilió la misma con el ingente Patrimonio de la Península de O Morrazo, se profundizó en el estudio de la evolución socio-cultural y se devuelve ahora al público el resultado de esos trabajos en forma de conocimiento nuevo. Si de alguna forma se puede materializar el ideal de sostenibilidad de la Agenda 21, sin duda es a través de investigaciones y prácticas como ésta.

No podía ser de otro modo, ya no sólo por la misión del CSIC citada más arriba, ni por responder así a la demanda que desde la Dirección Xeral de Obras Públicas de la Xunta de Galicia se planteó al CSIC; sino porque el grupo de investigación responsable del trabajo pertenece al Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, y éste es en la actualidad un Centro Mixto de titularidad compartida entre el CSIC y la Xunta de Galicia. Por este motivo el CSIC entiende que entre las funciones de este instituto se debe situar el colaborar de forma activa, y desde las posibilidades de la investigación que le es propia, para resolver las necesidades que, en términos de I+D, demanda la acción de gobierno de la Xunta de Galicia.

Por último, este trabajo es un buen ejemplo del actual compromiso del CSIC con Galicia y de su interés en colaborar en el desarrollo del I+D en esta Comunidad a través de conciertos y acuerdos con la Xunta de Galicia y con otros organismos de investigación científico-técnica gallegos.

**José Manuel Fernández Labastida**

VICEPRESIDENTE DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA Y TÉCNICA DEL CSIC.

O CSIC (Consejo Superior de Investigaciones Científicas) encóntrase na actualidade en pleno proceso de restructuración. Como principal organismo de investigación científica do Estado Español, debe adaptarse para responder ós novos retos que a emerxencia dunha sociedade da información e a construción dunha economía do coñecemento demandan. A súa propia misión no conxunto do sistema español de I+D+i (investigación – desenvolvemento – innovación) está sendo reformulada na actualidade: o CSIC aspira a producir, como no pasado, investigación de excelencia baseada nos máis sólidos estándares de calidade e relacionada activamente coa ciencia que se realiza nas potencias mundiais en investigación; pero ó mesmo tempo pretende, como signo obvio de adaptación ós tempos, que esa investigación estea orientada cara a transferencia finalista de coñecementos ó entorno socio-económico-cultural para permitir, dese modo, o desenvolvemento social e coadxuvar á construción do benestar.

Esta misión involucra plenamente a tódalas áreas científicas e grupos de investigación do CSIC. Tamén ás ciencias humanas e sociais. Se ben tradicionalmente se considerou que a transferencia tecnolóxica era allea ás preocupacións e posibilidades desta disciplinas, a preponderancia actual da información e o coñecemento, dos valores incluso, para adaptar os procesos económicos e sociais, reserva un lugar especial ás antigas “Humanidades” no século XXI.

O traballo do que dá conta este volume representa un bo exemplo disto. Un equipo de investigación do CSIC colaborou coa Administración Galega (en concreto coa Dirección Xeral de Obras Públicas da Xunta de Galicia), con diversas empresas de arqueoloxía, con construtoras e coa mesma Universidade de Santiago de Compostela, para corrixir (primeiro) a afección do Corredor do Morrazo ó rico Patrimonio Cultural galego e estudar e valorar (despois) os importantes restos arqueolóxicos localizados. O CSIC ocupouse, en concreto, de asumir a dirección científica dos traballos de campo e estudos posteriores, ademais de realizar diferentes intervencións e investigacións. Neste tipo de colaboracións, a fi-

nalidade do CSIC é aproxima-los intereses e posicións dos diferentes axentes involucrados e da sociedade mesma a través dos criterios científico-técnicos que, fundados nunha investigación veraz, permitan erixir un consenso correcto e, ó tempo, lexítimo. O Consello aportou recursos propios e mobilizou outros procedentes de fontes distintas ás Obras Públicas para poder responder de forma satisfactoria ás demandas do traballo.

Deste modo se viabilizou unha obra de gran importancia para a sociedade galega, conciliouse a mesma co inxente Patrimonio da Península do Morrazo, se profundizou no estudo da evolución socio-cultural e devólvese agora ó público o resultado destes traballos en forma de coñecemento novo. Si dalgunha forma se pode materializa-lo ideal de sustentabilidade da Axenda 21, sen dúbida é a través de investigación prácticas como esta.

Non podía ser doutro modo, xa non solo pola misión do CSIC citada máis arriba, nin por responder así a demanda que dende a Dirección Xeral de Obras Públicas da Xunta de Galicia se plantexou ó CSIC; se non porque o grupo de investigación responsable do traballo pertencente ó Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, e este é na actualidade un Centro Mixto de titularidade compartida entre o CSIC e a Xunta de Galicia. Por este motivo o CSIC entende que entre as funcións deste instituto débese situar o colaborar de forma activa, e dende as posibilidades da investigación que lle é propia, para resolvelas necesidades que, en termos de I+D, demanda a acción do goberno da Xunta de Galicia.

Por último, este traballo é un bo exemplo do actual compromiso do CSIC con Galicia e do seu interese en colaborar no desenvolvemento do I+D nesta Comunidade a través de concertos e acordos coa Xunta de Galicia e con Outros organismos de investigación científico-técnica galegos.

**José Manuel Fernández Labastida**

VICEPRESIDENTE DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TÉCNICA DO CSIC.

O necesario desenvolvemento de Galicia leva aparellada unha estruturación do territorio que permita superar o ancestral illamento das súas entidades territoriais, provocado pola abrupta paisaxe galega. É neste marco cando a dotación das infraestruturas viarias convertese nunha prioridade básica para un correcto artellamento do territorio.

Compaxinar e harmonizar este desenvolvemento coa preservación do medio ambiente natural e cultural é, non só unha obriga das institucións, senón un dereito da sociedade presente e futura.

A Dirección Xeral de Obras Públicas ven desenvolvendo unha política na que ten en conta esta necesidade, polo que persigue que as súas actuacións impliquen o menor impacto posible sobre os bens culturais. Esta preocupación supuxo que, dende a primeira fase de estudo para verificar a viabilidade dun proxecto, téñase en conta a posible afección sobre o patrimonio cultural.

Actualmente os proxectos de obras públicas están suxeitos, por tanto, a unha serie de controles da propia Dirección Xeral de Obras Públicas nos que se busca, ademais de cumprir coa lexislación en materia de patrimonio cultural, que as afeccións das obras sobre o patrimonio cultural sexan as menores posibles, tanto nas que se corresponden con estradas de nova construción como nas simples melloras das xa existentes e, cando estas afeccións existen, búscanse as solucións máis axeitadas para cada caso. É polo que o que noutro tempo víase de forma anecdótica, estraña e incluso allea á obra, como é a presenza dun equipo de control e seguimento arqueolóxico dos movementos de terras, hoxe considérase normal e intégrase como unha unidade máis na dinámica da obra.

Este labor de prevención, na fase de proxecto, e de minimizar, na fase de obra, as afeccións sobre o patrimonio cultural require da cooperación e coordinación de unidades administrativas pertencentes ás Consellerías de Cultura e Turismo e de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

O Corredor do Morrazo foi unha mostra da cooperación destes organismos, unido a unha planificación detallada e axeitada das afeccións

que inevitablemente produciríanse sobre o patrimonio cultural. Esta cooperación logrou reverter o que podería ter sido o deterioro de elementos patrimoniais nun extenso e fructífero programa de investigación que permitirá, sen dúbida, un avance cuantitativo e cualitativo do coñecemento das sociedades do pasado que poboaron a Península do Morrazo.

A Península do Morrazo é unha das comarcas galegas que foi obxecto, como demostra a abundante bibliografía especializada, de múltiples investigacións arqueolóxicas, ó ser unha das zonas de maior densidade e variedade de xacementos arqueolóxicos. Esta importancia queda patente si se consulta calquera manual de prehistoria de Galicia, nos que abundan as referencias a xacementos arqueolóxicos da Península do Morrazo. Non son alleas a este proceso as recentes investigacións que se están a realizar no Castro do Facho, que puxeron á luz o que posiblemente será o máis importante santuario da idade do ferro do occidente peninsular.

A confección do proxecto do Corredor do Morrazo tivo que dar resposta á presenza dun elevado número de elementos do patrimonio cultural que se detectaron nos estudos realizados sobre o impacto das obras. Estes estudos que, como base, tiveron dúas prospeccións arqueolóxicas, unha extensiva e outra posteriormente intensiva, recolleron ademais dos elementos patrimoniais xa coñecidos, outros que se documentaron no transcurso destes estudos.

Esta presenza de elementos patrimoniais influíu na elección do trazado definitivo, xa que, entre outros factores, buscouse minimizar a afección da obra sobre o patrimonio cultural. Esta circunstancia supuxo, incluso, a substitución da trincheira inicialmente formulada na zona do Castro de Montealegre por un túnel.

Esta densidade de elementos patrimoniais quedou patente á hora de establecer as medidas correctoras que figuraban no proxecto, que contemplaba actuacións puntuais en 16 elementos, ademais do control y seguimento arqueolóxico. Actuacións, que nalgúns casos non cumpriron as expectativas iniciais, mentres que noutros as superaron amplamente, tal e como se pode apreciar na presente publicación.

As actuacións inicialmente previstas deberon ser complementadas con outras, debido á aparición de novos elementos patrimoniais, durante as obras, polo que o orzamento inicialmente reflectido no proxecto para temas de patrimonio cultural, 832.618,98 €, que xa era unha cantidade bastante elevada, finalmente elevouse a máis do dobre, acadando o gasto a cifra de 1.845.616,81 €.

A importancia e interese que a Dirección Xeral de Obras Públicas prestou a este proxecto supuxo que, en coordinación coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e coa cooperación das empresas involucradas na obra, UTE Morrazo, UTE Aviaador, UTE Dragados-OCA e Morrazo UTE Malvar – OHL, puxese a disposición do correcto desenvolvemento das actuacións formuladas tódolos medios humanos e económicos necesarios. De feito, durante os primeiros meses do control e seguimento arqueolóxico, cando se localizou o petroglifo de O Viveiro, que tivo que ser trasladado, esta actuación realizouse baixo a responsabilidade de persoas dependentes desta Dirección Xeral de Obras Públicas. Posteriormente, as escavacións arqueolóxicas coordináronse dende esta Dirección Xeral de Obras Públicas, en unión de responsables da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

O formulamento das intervencións arqueolóxicas como escavacións de investigación supuxo que ó final se acometeran 17 actuacións arqueolóxicas, das que 7 foron escavacións en área nos xacementos de O Regueiriño, A Devesa de Abaixo, Castro de Montenegro, Montenegro, Os Remedios, Os Laguiños y O Redollino; 7 foron sondaxes valorativos cuxos resultados desbotaron a existencia de elementos de in-

terese patrimonial, elementos DXP-1, DXP-4 As Cidades, DXP-6, Abrigos monte da Pena, DXP-7, Entorno Castro Liboreiro e entorno dos Abrigos de Coelleira; 3 actuacións consistiron na escavación do entorno e extracción e traslado de petroglifos: Petroglifo de O Vicedo, de A Devesa do Rei, e de Gondarán. Ademais destas actuacións arqueolóxicas leváronse a cabo dúas intervencións sobre o patrimonio etnográfico, consistentes no desmontaxe, traslado e montaxe de dous muíños: o muíño de José María e o de Paxarín.

O interese da Dirección Xeral de Obras Públicas mantívose unha vez finalizadas as actuacións sobre o patrimonio cultural, buscando a rendabilización social do esforzo realizado. Así, para dar a coñecer os resultados máis importantes das intervencións promoveuse a realización dunha exposición e dun ciclo de conferencias nas que os arqueólogos responsables das actuacións expuxeron os resultados. Por último, e cun afán divulgativo, preséntase esta publicación cunha breve síntese dos resultados, para dar a coñecer a especialistas ou interesados no patrimonio arqueolóxico os novos datos que estas intervencións aportaron, previos ás detalladas memorias de cada un dos xacementos escavados, que polo seu interese científico afondarán no coñecemento que ata o momento tínhamos sobre as sociedades prehistóricas que ocuparon a Península do Morrazo.

### **Manuel Morato Miguel**

DIRECTOR XERAL DE OBRAS PÚBLICAS  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

El necesario desarrollo de Galicia lleva aparejada una estructuración del territorio que permita superar el ancestral aislamiento de sus entidades territoriales provocado por el abrupto paisaje gallego. Es en este marco cuando la dotación de las infraestructuras viarias se convierte en una prioridad básica para una correcta articulación del territorio.

Compaginar y armonizar este desarrollo con la preservación del medio ambiente natural y cultural es no solo una obligación de las instituciones sino un derecho de la sociedad presente y futura.

La Dirección Xeral de Obras Públicas viene desarrollando una política en la que tiene en cuenta esta necesidad por lo que persigue que sus actuaciones impliquen el menor impacto posible sobre los bienes culturales. Esta preocupación ha supuesto que, desde la primera fase de estudio para verificar la viabilidad de un proyecto, se tenga en cuenta la posible afección sobre el patrimonio cultural.

Actualmente los proyectos de obras públicas están sujetos, por tanto, a una serie de controles de la propia Dirección Xeral de Obras Públicas en los que se busca, además de cumplir con la legislación en materia de patrimonio cultural, que las afecciones de las obras sobre el patrimonio cultural sean las menores posibles, tanto en las que se corresponden con carreteras de nueva construcción como en las simples mejoras de las ya existentes y cuando estas afecciones existen se buscan las soluciones más adecuadas para cada caso. Es por ello que lo que en otro tiempo se veía de forma, anecdótica, extraña e incluso ajena a la obra como es la presencia de un equipo de control y seguimiento arqueológico de los movimientos de tierras hoy se considera normal y se integra como una unidad más en la dinámica de la obra.

Esta labor de prevención, en la fase de proyecto y de minimizar, en la fase de obra, las afecciones sobre el patrimonio cultural requiere de la cooperación y coordinación de unidades administrativas pertenecientes a las Consellerías de Cultura y Turismo y de Política territorial, Obras Públicas y Vivienda.

El Corredor del Morrazo ha sido una muestra de cómo la cooperación de estos organismos, unido a una planificación detallada y adecuada de las afecciones que inevitablemente se iban a producir sobre el patrimonio cultural. Esta cooperación logró revertir lo que podría haber sido el deterioro de elementos patrimoniales en un extenso y fructífero programa de investigación que permitirá, sin duda, un avance cuantitativo y cualitativo del conocimiento de las sociedades del pasado que poblaron la Península del Morrazo.

La Península del Morrazo es una de las comarcas gallegas que ha sido objeto, como demuestra la abundante bibliografía especializada, de múltiples investigaciones arqueológicas, al ser una de las zonas de mayor densidad y variedad de yacimientos arqueológicos. Esta importancia queda patente si se consulta cualquier manual de prehistoria de Galicia, en los que abundan las referencias a yacimientos arqueológicos de la Península del Morrazo. No es ajeno a este proceso las recientes investigaciones que se están realizando en el Castro do Facho, que han puesto a la luz el que posiblemente será el más importante santuario de la edad del hierro del occidente peninsular.

La confección del proyecto del Corredor del Morrazo ha tenido que dar respuesta a la presencia de un elevado número de elementos del patrimonio cultural que se detectaron en los estudios que sobre el impacto de las obras fueron realizados. Estos estudios que, como base, han tenido dos prospecciones arqueológicas, una extensiva y otra posterior intensiva, que recogieron además de los elementos patrimoniales ya conocidos otros que se documentaron en el transcurso de estos estudios.

Esta presencia de elementos patrimoniales ha influido en la elección del trazado definitivo, ya que, entre otros factores, se ha buscado minimizar la afección de la obra sobre el patrimonio cultural. Esta circunstancia ha supuesto, incluso, la sustitución de la trinchera inicialmente planteada en la zona del Castro de Montealegre por un túnel.

Esta densidad de elementos patrimoniales quedó patente a la hora de establecer las medidas

correctoras que figuraban en el proyecto, que contemplaba actuaciones puntuales en 16 elementos, además del control y seguimiento arqueológico. Actuaciones, que en algunos casos no cumplieron las expectativas iniciales, mientras que en otros las superaron ampliamente, tal y como se puede apreciar en la presente publicación.

Las actuaciones inicialmente previstas debieron de ser complementadas con otras, debido a la aparición de nuevos elementos patrimoniales, durante las obras, por lo que el presupuesto inicialmente reflejado en el proyecto para temas de patrimonio cultural, 832.618,98 €, que ya era una cantidad bastante elevada, finalmente se elevó a más del doble, alcanzando el gasto la cifra de 1.845.616,81 €.

La importancia e interés que la Dirección Xeral de Obras Públicas prestó a este proyecto supuso que, en coordinación con la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural y con la cooperación de las empresas involucradas en la obra, UTE Morrazo, UTE Aviator, UTE Dragados-OCA y Morrazo UTE Malvar – OHL, pusiese a disposición del correcto desarrollo de las actuaciones planteadas todos los medios humanos y económicos necesarios. De hecho, durante los primeros meses del control y seguimiento arqueológico, cuando se localizó el petroglifo de O Viveiro que tuvo que ser trasladado, esta actuación se realizó bajo la responsabilidad de personas dependientes de esta Dirección Xeral de Obras Públicas. Posteriormente, las excavaciones arqueológicas se coordinaron desde esta Dirección Xeral de Obras Públicas, en unión de responsables de la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

El planteamiento de las intervenciones arqueológicas como excavaciones de investigación ha supuesto que al final se acometieran 17 actuaciones arqueológicas, de las que 7 han sido excavaciones en área en los yacimientos de O Re-

gueiriño, A Devesa de Abaixo, Castro de Montenegro, Montenegro, Os Remedios, Os Laguiños y O Redollino; 7 fueron sondeos valorativos cuyos resultados desecharon la existencia de elementos de interés patrimonial, elementos DXP-1, DXP-4 As Cidades, DXP-6, Abrigos monte da Pena, DXP-7, Entorno Castro Libeiro y entorno de los Abrigos de Coelleira; 3 actuaciones consistieron en la excavación del entorno y extracción y traslado de petroglifos: Petroglifo de O Vicedo, de A Devesa do Rei, y de Gondarán. Además de estas actuaciones arqueológicas se han llevado a cabo dos intervenciones sobre el patrimonio etnográfico, consistentes en el desmontaje, traslado y montaje de dos molinos: el molino de José María y el de Paxarín.

El interés de la Dirección Xeral de Obras Públicas se mantuvo una vez finalizadas las actuaciones sobre el patrimonio cultural, buscando la rentabilización social del esfuerzo realizado. Así para dar a conocer los resultados más importantes de las intervenciones se promocionó la realización de una exposición y de un ciclo de conferencias en las que los arqueólogos responsables de las actuaciones expusieron los resultados. Por último y con una afán divulgativo se presenta esta publicación con una breve síntesis de los resultados, para dar a conocer a especialistas o interesados en el patrimonio arqueológico los nuevos datos que estas intervenciones han aportado, previos a las detalladas memoria de cada uno de los yacimientos excavados, que por su interés científico profundizarán en el conocimiento que hasta el momento teníamos sobre las sociedades prehistóricas que ocuparon la Península del Morrazo

### **Manuel Morato Miguel**

DIRECTOR XERAL DE OBRAS PÚBLICAS  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS  
PÚBLICAS E TRANSPORTES



# PRESENTACIÓN

*Felipe Criado Boado*



### ***O libro***

O obxectivo principal desta publicación é o de contribuír á difusión dos resultados dos traballos arqueolóxicos realizados **para correxir o impacto arqueolóxico** xerado pola construción do *Corredor do Morrazo* e á divulgación dos avances que eles aportan para o **mellor coñecemento da historia e prehistoria de Galicia**, tanto entre o público especializado como entre a sociedade en xeral, comezando polas comunidades nas que se atopan os restos arqueolóxicos. O primeiro avance destes resultados foi plantexado nunhas xornadas de exposición e conferencias, levadas a cabo no concello de Moaña entre o 12 e o 31 de maio de 2005, que xerou a decisión de publicar a información presentada e que agora se recolle neste traballo.

### ***A obra***

O Corredor do Morrazo ten unha lonxitude total de **20,96 Km** e presenta un trazado xeral E–W que transita polo sector meridional da Península do Morrazo, concretamente polos concellos de Moaña, Cangas e Bueu. Parte do enlace coa Autoestrada A–9 en Rande e remata na C–550, ó N do concello de Cangas. O seu ancho varía por mor da topografía e dos diferentes elementos que o conforman, aínda que comprende un promedio duns 25 m. A obra organizouse en catro tramos executados por distintas empresas construtoras.

### ***O Patrimonio***

A Península do Morrazo caracterízase por posuír un rico Patrimonio Arqueolóxico. Esta circunstancia implicou que, por precaución, e antes de comezar as obras, o 35% do trazado (aproximadamente 7 km dos 21 Km) estivesen cautelados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, o que supuña que non se podía traballar neles antes do correspondente estudo e/ou actuación arqueolóxica.

### ***A norma***

Cando se deseña calquer proxecto de obra, é procedemento normal en Galicia *avaliar o seu posible impacto sobre o Patrimonio Arqueolóxico e Cultural*. Esta avaliación pode dar lugar a modificacións do proxecto e á realización, durante a fase de construción, dun *plan de corrección do impacto arqueolóxico* que mitigue os problemas que non puideron ser resoltos mediante as modificacións ou que xurden de forma imprevista durante isas obras.

### ***A solución***

No caso do Corredor do Morrazo, as administracións implicadas (*Dirección Xeral de Obras Públicas, da CPTOPV, e Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, da CCCST*) foron conscientes en todo momento da importancia do proxecto e do Patrimonio existente na zona, o que provocou o artellamento dun ambicioso plan de

corrección arqueolóxica que acadou unha dimensión nunca antes aplicada en Galicia e que comprendeu a realización dun seguimento de obra e de escavacións en xacementos concretos.

A xestión do impacto cultural desta obra implicou, por tanto, dúas fases de traballo moi distintas: *antes* da obra e durante o deseño do proxecto, e *durante* a obra e no marco da execución do proxecto.

A primeira fase, levada a cabo pola Empresa *Ambiotec s.l.*, foi a *Avaliación de Impacto* e finalizou coa elaboración da 'Memoria Técnica da Prospección Arqueolóxica Intensiva do Corredor do Morrazo', con data de setembro de 2001, orientada a mitigar e corregir o impacto da obra. Consistiu na prospección superficial dos terreos e a catalogación dos elementos patrimoniais detectados, co fin de descubrir as incidencias e afeccións que a obra tería sobre eles. Este traballo afectou ós *elementos visibles* do rexistro arqueolóxico (é dicir, os que posúen unha tradución superficial) e a varias *zonas susceptibles de albergar xacementos non visibles en superficie* (é dicir, zonas nas que podía haber restos arqueolóxicos sen que fosen visibles no terreo).

A segunda fase foi o **control e corrección do impacto** efectivo ocasionado polas obras. A diferenza de outros ámbitos (impacto ambiental, sociolóxico, económico...), o tratamento e resolución do impacto cultural é, en termos de traballo e coste, xeralmente moito máis elevado na segunda fase que na primeira. Fundamentalmente, consistiu en aplicar as directrices marcadas na Memoria de prospección arqueolóxica e na D.I.A. (Declaración de Impacto Medioambiental e 'resolve-los problemas de natureza patrimonial que non se puideron resolver na fase anterior e que xurden nunha fase de desbroce dos terreos' (Criado *et al.* 2000).

O plan de corrección foi un traballo integrador no que colaboraron os técnicos da CPTOPV e do Servicio de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, xunto cunha equipa de investigación do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) pertencente ó Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe (LAr en adiante) do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, centro mixto do CSIC e da Xunta de Galicia, que tomou ao seu cargo a dirección

científica do traballo. Participaron ademais diferentes empresas galegas de Arqueoloxía (Adro, ArqueoConsulting, Prospectiva y Análisis, Tomos e Anta de Moura), que asumiron a realización das escavacións máis complexas, todos eles en estreita coordinación coas diferentes empresas construtoras de cada tramo.


### **O Programa de Corrección**

O Programa de Corrección do Impacto Arqueolóxico da construción do Corredor do Morrazo debe entenderse como un *traballo de corrección integral*, que implicou unha estratexia conxunta, involucrando a diversos axentes e institucións baixo a coordinación do Servicio de Arqueoloxía da DXPC e da CPTOPV, e da coordinación científica do LAr. As institucións de coordinación administrativa e científica foron necesarias para poder plantexalo traballo dende unha perspectiva integradora, cunha metodoloxía de rexistro compartida entre as diferentes empresas de arqueoloxía que levaron a cabo as distintas actuacións.

O *seguimento arqueolóxico* inicial correu a cargo do asistente técnico arqueolóxico da CPTOPV, facéndose cargo en xullo de 2003 o LAr. O traballo organizouse en dous equipos coordinados de seguimento que se centraron nos controis de replanteos, desbroces, desmontes e restitución dos terrenos, producidos en moitos casos de forma simultánea en distintos puntos da obra, así como no control e na realización de pequenas actuacións nas áreas de cautela previas ás intervencións especiais. Os obxectivos xenéricos foron o diagnóstico dos impactos producidos sobre os elementos do patrimonio cultural e a proposta e execución das medidas correctoras necesarias para evitar ou mitigar eses impactos.

Foi tamén configurado un *equipo de actuacións especiais* centrado na realización de gabias e sondaxes valorativas e pequenas escavacións nas zonas de cautela.

Ademais foi requerida a participación de *equipos específicos de escavación* entre os que figuran as empresas de arqueoloxía Adro, ArqueoConsulting, Prospectiva y Análisis, Tomos e Anta da Moura. Estas escavacións deron lugar á exhumación e documentación de diferentes xacementos que abranguen dende o Neolítico Inicial até



a Idade Media e que sen dúbida axudan a ter un mellor coñecemento do desenvolvemento prehistórico e histórico da península do Morrazo. Estes traballos foron desenvolvidos maioritariamente entre **xullo de 2003 e agosto de 2004**.

Débese salientar a contribución nesta iniciativa de tódolos axentes implicados: Dirección Xeral de Obras Públicas da CPTOPV, Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC en diante), empresas construtoras (UTE Morrazo, UTE Aviador, UTE Dragados-OCA e

Morrazo UTE Malvar-OHL), empresas de arqueoloxía (Adro arqueolóxica, Arqueo Consulting, Prospectiva y Análisis arqueólogos, Terra Arqueos, Tomos conservación, restauración e arqueoloxía e Anta de Moura arqueoloxía), técnicos e investigadores, e o Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe (LAr) do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (centro mixto entre a Xunta de Galicia e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, CSIC) e a propia Universidade de Santiago de Compostela (USC), cuxo Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe (LPPP) do

Instituto de Investigacións Tecnolóxicas (IIT) está vencellado ó IEGPS-CSIC como Unidade Asociada. A estreita colaboración e coordinación amosada, tanto no desenvolvemento do proxecto como especialmente na elaboración desta publicación, é boa proba de que ningún deles esquece que os bens arqueolóxicos son un ben común cuxo coñecemento debe ser transmitido ós cidadáns de xeito que lles permita achegarse á reconstrución doutros momentos e culturas que tiveron valores e sistemas diferentes ós nosos. Así é como, nunha apretada mistura de diferenza e identidade, de tradicións e desaparicións, de cousas que xurden e cousas que morren, se conxuga a historia dun pobo.

O destino final do traballo arqueolóxico non pode ser outro que o da **difusión dos seus resultados**, tanto entre o público especializado como entre a sociedade xeral, comezando polas comunidades nas que se atopan os restos arqueolóxicos.

Por iso, o derradeiro axente implicado neste proxecto foi a *Agrupación Cultural Nós de Moaña*, á que hai que agradecer a iniciativa que logrou

que todo este esforzo colectivo se plasmase nas conferencias e na exposición dos posters (Moaña, maio de 2005) dos que é froito boa parte do presente libro-folleto.

Hai que recoñecer e agradecer a participación activa en tódalas fases deste proxecto de María Jesús Tallón Nieto (Xefa do Servicio de Arqueoloxía), José Manuel Rey García, Manuel Díaz y Manuel Rodríguez Calviño, por parte da Consellería de Cultura, e de Gerardo Pallares, Jesús Álvarez, Juan Cano y Agustín Hernández Fernández de Rojas (Director Xeral de Obras Públicas) por parte da CPTOPV; este último, ademais, asumiu a organización da Exposición da que deriva este libro e o financiamento do mesmo coma un instrumento que permita dar a coñecer o traballo arqueolóxico realizado co gallo da construción do Corredor. Tamén queremos deixar constancia especial da dedicación a este proxecto e do papel vital que xogou no mesmo Suso Amado Reino, quen tivo que abandonar a súa coordinación técnica no treito final das obras como consecuencia da súa incorporación a un novo destino laboral.

# **O PROXECTO PLANTEXAMENTOS E METODOLOXÍA**





## Precedentes: a Avaliación do Impacto Arqueolóxico e as resolucións da Declaración de Impacto Ambiental

*Elena Cabrejas Domínguez e Alberto Rodríguez Costas*

A problemática patrimonial dunha obra deste tipo ven determinada por unha serie de circunstancias: características da zona, riqueza e densidade do Patrimonio Cultural, condicións administrativas e normativas, características do proxecto e condicións patrimoniais... Cabe mencionar a importante riqueza arqueolóxica da península do Morrazo, que deu lugar a numerosos estudos e traballos de investigación fundamentalmente ó longo da segunda metade do s. XX, que xeneraron sen dúbida un cuantioso inventario arqueolóxico da zona. O proxecto de construción do Corredor do Morrazo adoptou a estratexia e cautelas oportunas para evitar destrucións do Patrimonio Cultural de Galicia, particularmente do seu Patrimonio Arqueolóxico. A estes efectos os traballos desenvolvidos dividíronse *grosso modo* en dúas fases: a avaliación do impacto arqueolóxico do proxecto e o control e seguimento das obras de construción.

A primeira fase foi realizada polos arqueólogos Miguel A. Vidal Lojo e Santiago Nogueira

Ríos e consistiu nunha prospección extensiva que derivou nun posterior traballo de prospección intensiva actualizando os datos coñecidos e incorporando novos elementos. Como resultado, a empresa *Ambiotec s.l.* elaborou a 'Memoria Técnica da Prospección Arqueolóxica Intensiva do Corredor do Morrazo' con data de setembro de 2001. Os seus resultados deron lugar á conseguinte *Declaración de Impacto Ambiental* publicada no DOGA do 16 de agosto do ano 2001 sendo incorporados ó Proxecto de Construción para evitar ou minimizar os impactos sobre o Patrimonio.

No desenvolvemento das tarefas de prospección arqueolóxica intensiva, foron identificados 36 elementos do patrimonio arqueolóxico atribuíbles fundamentalmente a diferentes momentos da prehistoria, e 54 elementos do patrimonio histórico e etnográfico. Moitos dos xacementos atopábanse xa inventariados mentres que algúns

outros foron documentados nesa fase de traballo como pode ser o caso dun novo petroglifo na *Escada* ou en *Gondarán*; un abrigo con grabados denominado *Lapeira de Meixadoiro*; dous marcos medievais/modernos do antigo *Coto de Aldán* ou a referencia ó *Castelo de Punta Corveira*. Ademais foron cauteladas sete zonas en función da localización de materiais e tívose en consideración a existencia de certos topónimos de considerable significación arqueolóxica.

Das medidas correctoras propostas no Estudo de Impacto, que foron oportunamente revisadas pola DXPC de forma previa ás obras, se derivaron unha serie de medidas concretas, das que as máis salientables serían as seguintes intervencións arqueolóxicas:

Sondaxes manuais e escavación no xacemento calcolítico de *O Regueiriño* (GA36029023).

Sondaxes manuais e escavación no xacemento da Idade do Bronce de *Devesa de Abaixo* (GA36029002).

Supresión do acceso e desplazamento con axuste do trazado, prospección intensiva, gabias mecánicas e sondaxes manuais no *Castro das Cidades* (GA36029030) e no Xacemento indeterminado 4.

Axuste do trazado fora do límite da zona arqueolóxica de *Os Remedios* (GA36029038) e sondaxes manuais.

Prospección intensiva e sondaxes manuais no xacemento da Idade do Bronce de *Os Laguños* (GA36008037).

Sondaxes valorativas nas bocas do túnel e escavación en área nas zonas ocupadas polo corredor no entorno do *Castro de Montealegre* (GA36029024).

Sondaxes manuais no entorno dos *abrigos de Monte da Pena, Portela Ferreiros e Coelleiras*.

Limpeza da capa vexetal e a prospección intensiva no entorno do petroglifo de Gondarán.

Plantexáronse un total de 19 cautelas puntuais e establecéronse 7 zonas nas que debería revisarse intensivamente o terreo unha vez limpo de vexetación (DXP 1-7).

En canto ós histórico-etnográficos, o grupo máis numeroso de entidades inventariadas correspóndese con elementos como muiños e hórreos, aínda que tamén se recollen outros como capelas, igrexas, pontellas, etc. Sobre estes diagnosticáronse 3 impactos severos, 14 moderados e 35 compatibles.

Nas conclusións deste estudo destácase a potencialidade arqueolóxica do entorno do *Alto das Cidades*, a alta densidade de abrigos naturais no último tramo, a alta posibilidade de aparición de elementos non catalogados na prospección e o importante deterioro dos petroglifos localizados por prácticas e actividades inadecuadas.

O traballo de corrección do impacto arqueolóxico debeu tomar plena conciencia dos dados, posibilidades e limitacións representados neste estudo, xa que a pesar da calidade técnica do mesmo, detectáronse durante os estudos previos para a elaboración do proxecto de corrección, tal e como se recoñece no propio estudo ante os condicionantes meteorolóxicos, topográficos e vexetais, e os erros na ubicación nos planos do Proxecto Informativo e nas fichas de inventario da DXPC, unha serie de insuficiencias que comprometían o normal desenvolvemento dos traballos de seguimento, control e corrección do impacto arqueolóxico das obras, e que obrigaron a adaptar a metodoloxía de traballo e modular os labores que se tiña previsto realizar para completar aquelas.

Na **Declaración de Impacto Ambiental** (DOGA 16 de agosto de 2001: Resolución do 27 de xullo de 2001 da DXO-OPP pola que se fai pública a DIA do Estudo Informativo da Vía de Alta Capacidade do Morrazo; clave PO/99/61.0) contéplase a realización dos seguintes estudos<sup>1</sup>:

### **Protección do Patrimonio**

7.1 As pías e estribos do viaducto proxectado para o río Fraga non impactarán directamente sobre o muíño e a pontella existentes.

7.2 Co obxecto de protexer o conxunto de muíños do río Fraga, estudarase a posibilidade de substituí-lo recheo previsto por un viaducto.

7.3 Durante a fase de elaboración do proxecto de trazado realizarase unha prospección arqueolóxica intensiva do ámbito das obras, dacordo cun proxecto aprobado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e en coordinación cos seus servizos técnicos.

Na elaboración do proxecto de trazado deberanse ter en conta as medidas correctoras propostas na prospección extensiva para os xacementos localizados, as posibles incidencias noutros xacementos que poidan aparecer no decurso da prospección intensiva e a adopción de medidas alternativas ás contempladas na memoria técnica da prospección arqueolóxica extensiva que minimicen a afección dos seguintes elementos do patrimonio arqueolóxico por considerarse insuficientes as propostas:

1 O Decreto 442/90 (artigo 5º, punto 4,13 de setembro) establece para Galicia a obrigación de formular Declaración de Impacto Ambiental, con carácter previo á resolución administrativa que se adopte para a realización, ou no seu caso, a autorización da obra, instalación ou actividade, das comprendidas no anexo da citada disposición, entre as que se atopa o “Estudo Informativo da Vía de Alta Capacidade do Morrazo (Rande-Cangas)”.

–*Impacto crítico e severo:*

Regueiriño, Castro de Montealegre, Devesa de Abaixo, DXP-2, DXP-3, Castro das Cidades e DXP-4, DXP-5, DXP-7, Abrigos de Monte da Pena, Zona arqueolóxica de Os Remedios, Petroglifo de Gondarán, Os Laguños e o Abrigo de Portela.

–*Afección no contorno:*

A Fontela e Petroglifo da Fontela, Pedra do Navío, Petroglifo de Borna, DXP-1, Petroglifo de Chan do Caeiro, Pozo Garrido, Grupo II de petroglifos de A Escada, Torre de Meira, Petroglifo da Torre de Meira, DXP-6, Monte da Pena, Castro de Pedralán, Monte do Castro, O Casal, Castro Liboreiro, Petroglifo das Abelaires, Mámoas da Tomada de Martínez e O Curral.

- 7.4 O proxecto de trazado que se elabore deberá incluír un plano global de medidas correctoras a realizar nas distintas fases de execución das obras, que inclúa as seguintes actuacións:

Control e seguimento arqueolóxico das fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos.

Escavacións e actuacións arqueolóxicas puntuais nos xacementos ou no contorno de xacementos afectados polas obras.

Así mesmo deberá incorporarse a valoración económica das medidas correctoras.

- 7.5 Con base nos resultados obtidos na documentación sinalada anteriormente, unha vez avaliada pola Dirección

Xeral de Patrimonio Cultural, estableceranse as medidas de protección que se estimen precisas.

**Modificacións introducidas**

Unha vez *rematado o trámite de información pública do Estudo Informativo* da Vía de Alta Capacidade do Morrazo, a Dirección Xeral de Obras Públicas acordou unha serie de modificacións en función de diversos condicionantes:

P.K. 100+800: Desprazárase o trazado cara ó norte co fin de evitala afección ó Castro de Montealegre.

P.K. 116+700: Desprazárase o trazado cara o norte para evitar a afección ó petroglifo das Abelaires e, ó mesmo tempo, posibilitar a construción dun enlace cos polígonos industriais existentes e en planeamento.

Ademais, e en atención á presenza nos arredores de determinados puntos do trazado proposto dunha serie de bens de interese arqueolóxico, realizaranse unha serie de pequenos desprazamentos de trazado á altura dos seguintes puntos quilométricos:

P.K. 102+100: elementos etnográficos. Desprazamento cara ó norte.

P.K. 104+500: Petroglifos da Borna. Desprazamento cara ó norte.

P.K. 108+000: Castro das Cidades e Muíño e Pontella do Tellado. Desprazamento cara ó norte.

P.K. 112+000: Monte do Castro. Desprazamento cara ó norte.

P.K. 113+000: Abrigos de Monte da Pena. Desprazamento cara ó norte.

P.K. 116+500: Petroglifo das Abelaires. Desprazamento cara o Norte.

No **ANEXO II Resultado das Consultas Efectuadas**, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe recolle as consideracións expostas nos apartados anteriores e que se refiren á: necesidade de estudar propostas alternativas para minimizar a afección sobre os elementos do patrimonio arqueolóxico; realización dunha prospección arqueolóxica intensiva do ámbito das obras na fase de elaboración do proxecto; coordinación dos traballos cos Servizos Técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural; inclusión no proxecto dun Plan Global de medidas correctoras a realizar nas distintas fases de execución das obras coas actuacións de control e seguimento, escavacións e actuacións arqueolóxicas puntuais, valorándose economicamente; decisión da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección con base nos resultados das actuacións; execución de todas as actuacións por técnicos arqueólogos con experiencia demostrada na actividade da que se trate e daccordo cos correspondentes proxectos autorizados pola DXPC, coa que se coordinará o deseño destes. Ademais os traballos realizáronse con cargo ó financiamento do proxecto.

## Historial do proxecto

*Felipe Criado Boado e Xesús Amado Reino*

### Orixe

#### Primeiros pasos

O 14 de xaneiro de 2003 o arqueólogo Juan Cano Pan (contratado como asistencia técnica da CPTOPV para temas arqueolóxicos) dirixiuse ó *Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento* (IEGPS) para solicitar a súa colaboración no proxecto de construción do Corredor de O Morrazo, caracterizado por unha grande complexidade debido á enorme riqueza arqueolóxica da zona. Non se propón ningún modelo concreto para a execución do traballo, pero manifesta o desexo de contar coa presenza do LAr debido a súa ampla experiencia en traballos deste tipo e porte.

En posteriores reunións que tiveron lugar nos meses de xaneiro e febreiro propúxose ó LAr facerse cargo da totalidade do proxecto (seguimento e realización de sondaxes valorativas e escavacións) necesario para a corrección do impacto arqueolóxico da obra. A valoración económica inicial do proxecto foi de 940.000 € pero, ante a insuficiencia desa cantidade, advírtese que a CPTOPV ten reservado ata

1.260.000 €. No contexto desas reunións quedou claro que as razóns que motivaban esta oferta ó LAr eran: capacidade e fiabilidade técnica; capacidade de mobilizar grandes equipos de traballo; realización dun proxecto integral que solventa o problema arqueolóxico e rendabilice en termos de coñecemento científico sobre o pasado de O Morrazo a información xerada, previsiblemente moi rica, variada e complexa; dimensión institucional, que involucra ó CSIC e á USC; e experiencia do equipo do LAr neste tipo de actuacións, contrastada na realización previa dos proxectos do Oleoduto, Gasificación de Galicia e en parte das Autovías de enlace con Madrid.

Pese a isto, o LAr propuxo dúbidas sobre a posibilidade e oportunidade de acometer en solitario o traballo, sobre a resolución do estudo de impacto arqueolóxico, sobre a eficacia das medidas correctoras propostas e, polo tanto, sobre a cota de imprevisibilidade do proxecto de corrección arqueolóxica. Como non podía ser doutro modo, esta oferta motivou un debate interno na nosa organización sobre as posibilidades reais de contestar positivamente esta proposta.

lóxico, sobre a eficacia das medidas correctoras propostas e, polo tanto, sobre a cota de imprevisibilidade do proxecto de corrección arqueolóxica. Como non podía ser doutro modo, esta oferta motivou un debate interno na nosa organización sobre as posibilidades reais de contestar positivamente esta proposta.

### Deseño e negociación dun proxecto plural

#### Solución proposta polo LAr:

Esta reflexión conduciu a rexeitar a realización en solitario de todo o proxecto de corrección a través dun contrato co CSIC e a USC. En cambio, a finais de febreiro, propuxemos unha **estratexia alternativa** que *involucrara a diversos axentes e institucións, e na que baixo a coordinación do Servizo de Arqueoloxía da Consellería de Cultura e a CPTOPV, a coordinación científica do LAr, e cunha metodoloxía de rexistro compartida, colaborasen diferentes empresas e consultoras privadas de Arqueoloxía*. Ó mesmo tempo aceptamos a realización do seguimento arqueolóxico coma forma de manter unha perspectiva integradora da obra e, así mesmo, a realización das sondaxes menos complexas ou

#### FIGURA 01

Vista das obras de construción no entorno dos xacementos de O Regueiriño e Castro de Montealegre



que *a priori* eran de menor interese arqueolóxico-patrimonial (un total de nove casos de diferente porte).

Esta proposta foi trasladada por escrito con data do 25 de febreiro a J. Cano, enviando copia á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Dalgunha forma a nosa resposta posibilitou a discusión entre o Servicio de Arqueoloxía e a CPTOPV para atopar un marco de realización viable do proxecto arqueolóxico de corrección de impacto do Corredor de O Morrazo.

**Reunión na Dirección Xeral de Estradas:** Neste contexto, o 20 de marzo de 2003 tivo lugar na Dirección Xeral de Estradas unha reunión convocada pola CPTOPV e o Servicio de Arqueoloxía á que asistiron o LAr e as empresas de arqueoloxía que ían participar no proxecto (Adro Arqueoloxía, Anta de Moura, ArqueoConsulting, Prospectiva y Análisis, Tomos, e Terra Arqueos).

Nesta reunión acordáronse as liñas xerais de actuación, os criterios de coordinación, ademais doutros extremos administrativos. O LAr quedou encargado do seguimento arqueolóxico e da coordinación e Dirección científica do proxecto, concretada en establecer os criterios metodolóxicos que se incluían nos pregos de contratación, suministrar apoio técnico durante os traballos de campo, e colaborar na elaboración das memorias das empresas de arqueoloxía interesadas nisto.

Os representantes da CPTOPV manifestaron a súa intención de que as obras deran comezo de forma inmediata con intención

de que os terreos afectados por cautelas arqueolóxicas quedasen liberados entre setembro-outubro. A data de inicio efectivo dos traballos de escavación demorouse de forma xustificada por canto estaba proposta con criterios escasamente realistas e precipitación de datas. Debe asumirse que nun proxecto deste porte a fase de planificación e negociación é parte do plano de traballo e que consume unha gran cantidade de tempo.

**Reunión na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:** O 6 de xuño de 2003 ten lugar unha reunión no Servicio de Arqueoloxía e representantes da CPTOPV, das empresas de arqueoloxía e do Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe.

Nesta reunión explicáronse unha serie de detalles técnicos do proxecto, explicouse o papel do LAr no mesmo e estudiáronse as propostas de dirección e equipos técnicos presentados polas empresas para a execución das diferentes intervencións; manifestáronse intereses, prazos e idoneidade de equipos realizando unha asignación inicial das intervencións arqueolóxicas previstas a cada empresa. Estableceuse o prazo para a presentación de presupostos e proxectos de intervención, para o que foi necesario o suministro da información pertinente por parte da CPTOPV e cursar unha visita de campo ós diferentes xacementos. Acordouse a celebración dunha seguinte reunión para artellar a coordinación xeral do proxecto e

concretar os aspectos referidos a asesoría científica.

**Reunión no IEGPS:** O 17 de xuño de 2003 celebrouse unha reunión con tódalas empresas participantes no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, convocada polo LAr, para concretar os aspectos técnico-científicos do proxecto así como a colaboración do LAr coas empresas de arqueoloxía.

Nela establecéronse:

- ❖ *O sistema de rexistro* e as fichas que se utilizarían.
- ❖ A aportación polo LAr dun servizo constante de *asesoramento científico arqueolóxico e asesoramento paleoambiental* durante os traballos de campo.
- ❖ A aplicación dunha estratexia unitaria para a *análise de mostras*, coordinada e executada polo LPPP (Laboratorio de Paleoambiente, Patrimonio e Paisaxe) da USC (baixo a responsabilidade concreta do Prof. Antonio Martínez Cortizas)
- ❖ A oferta polo LAr de colaborar na sistematización posterior da información e nos estudos de materiais coas empresas que estiveran interesadas. Tódalas empresas manifestáronse a prol desta fórmula.

## Desenvolvementos

### Traballos de campo

O 4 de xullo de 2003 iniciáronse os traballos de seguimento a cargo do LAr e case ó mesmo tempo comezaron as intervencións de maior porte.

As datas de inicio e finalización das actuacións en xacementos recóllense na seguinte táboa. Se recolle así mesmo a data de liberación de cautela dictada por resolución da DXPC.



As Cidades	Sondaxes-gabias	Terra Arqueos	4-07-2003	20-08-2003
Os Remedios	Sondaxes-Escavación	Prospectiva y Análisis	4-07-2003	5-11-2003
O Regueiriño	Sondaxes-Escavación	ADRO	9-07-2003	24-10-2003
Devesa de Abaixo	Sondaxes-Escavación	ArqueoConsulting	7-07-2003	1-12-2003
Os Laguños	Sondaxes-Escavación	Tomos e Anta de Moura/LAr	11-07-2003	11-10-2003
<b>XACEMENTO</b>	<b>TIPO DE ACTUACIÓN</b>	<b>EMPRESA DE ARQUEOLOXÍA</b>	<b>INICIO</b>	<b>LIBERACIÓN</b>
<p>Durante a realización das actuacións de campo, o LAr realizou visitas continuadas a tódalas intervencións para comentar cos directores e equipos técnicos das mesmas pormenores sobre o xacemento e a súa problemática.</p> <p>Unha parte esencial destas visitas era resolver in situ problemas de carácter sedimentolóxico-edafolóxico, así como establecer puntos e criterios de toma de mostras con vistas a facilitar posteriormente as análises físico-químicas posteriores. A estes efectos participaban nas visitas Antonio Martínez Cortizas (prof. Titular da USC), Manuela Costa Casais e Xavier Pontevedra (todos integrantes do LPPP).</p> <p><b>Actuacións arqueolóxicas realizadas polo LAr</b></p> <p>Deixando á marxe o seguimento, equipos do LAr traballaron na fase de sondaxes valorativas nos seguintes sitios:</p>				
DXP 6	Prospección Intensiva, gabias e sondaxes	7-07-2003	15-07-2003	6-08-2003
DXP 7	Gabias e limpeza mecánica	16-07-2003	24-07-2003	6-08-2003
Petroglifos de Gondarán	Limpeza mecánica e Prospección Intensiva	16-07-2003	22-07-2003	Paso a escavación
DXP 1	Prospección Intensiva e sondaxes	28-07-2003	25-08-2003	10-09-2003
Castro Liboreiro	Limpeza e sondaxes	17-07-2003	11-08-2003	22-08-2003
DXP 2 e DXP 3	Prospección Intensiva en seguimento			19-09-2003
Abrigos de Coelleira	Limpeza e sondaxes	18-08-2003	25-08-2003	10-09-2003
Abrigos de Monte da Pena	Sondaxes	26-08-2003	11-09-2003	26-09-2003
O Redolliño	Limpeza, sondaxes-escavación	27-08-2003	15-09-2003	6-10-2003
Petroglifo de O Viveiro	Sondaxes, extracción	22-09-2003	30-09-2003	21-11-2003

Os Laguiños	Limpeza	4-09-2003	26-09-2003	Paso a escavación
Castro de Montealegre	Sondaxes	1-10-2003	4-11-2003	Paso a escavación
Petroglifo de Devesa do Rei	Sondaxes, extracción	13-10-2003	6-11-2003	15-01-2004
Os Laguiños	Escavación	27-10-2003	7-11-2003	11-11-2003
Petroglifos de Gondarán	Sondaxes, extracción	7-10-2003	12-11-2003	
DXP 5	Gabias mecánicas	27-10-2003	7-11-2003	Paso a escavación
DXP 5	Paso de maquinaria-escavación	20-11-2003	3-12-2003	11-12-2003
DXP 5	Escavación	12-01-2003	16-04-2003	21-05-2004
LUGAR/CAUTELA	TIPO DE ACTUACIÓN	INICIO	FINALIZACIÓN	LIBERACIÓN

Estes traballos conduciron en moitos casos ó pronto levantamento das cautelas, e en dous deles (DXP-5 ou Montenegro, e Montealegre) ó descubrimento de que a problemática arqueolóxica era considerablemente maior cá inicialmente prevista e que polo tanto o custo do traballo arqueolóxico necesario para poder liberar os terreos excedía o inicialmente estipulado pois era preciso abordar escavacións amplas en xacementos de gran entidade. Mención á marxe merece o xacemento de Laguiños por tratarse dun caso especial.

**Os Laguiños:** Neste sitio traballaron inicialmente de forma conxunta dous empresas arqueolóxicas (Anta de Moura e Tomos) desde o 14 de xullo ata o 5 de agosto de 2003. Unha vez finalizada a intervención e cando aínda estaba en estudio a resolución da DXPC, produciuse a entrada das máquinas no sector

fértil do xacemento. Isto obrigou a realizar unha limpeza manual combinada con limpeza mecánica que se prolongou dende o 4 ó 26 de setembro. A limpeza da área descubriu a presenza nunha zona non explorada con anterioridade dun xacemento da Idade do Bronce con fondos de cabana e buratos de poste. Isto motivou unha nova resolución da DXPC, con data 6 de outubro de 2003, que estableceu a necesidade de realizar unha escavación, acometida polo LAr e desenvolvida entre o 20 de outubro e o 7 de novembro de 2003.

**Montenegro** (que figuraba entre as cautelas iniciais coa clave **DXP-5**): Neste punto estaba prevista a realización de sondaxes valorativas. Estas foron realizados por un equipo do LAr entre o 27 de outubro e o 7 de novembro de 2003. Ó practicalos, de-

tectáronse indicios dun xacemento neolítico sobremontado por un medieval. A continuación realizouse a apertura dun paso de maquinaria que resultaba de máxima urxencia para a empresa construtora do 20 de novembro ó 5 de decembro de 2003. Isto motivou unha resolución da DXPC de data 11 de decembro de 2003, que establecía a necesidade de realizar a escavación en área do sitio. Iniciouse o 12 de xaneiro de 2004 e prolongouse ata o 16 de abril de 2004. A intervención foi contratada entre a Empresa UTE Aviador e o CSIC. Os traballos necesitaron dunha prorroga adicional doutros 20 días de traballo. Esta nova fase de traballo permitiu, nun tempo récord, finalizar a intervención e escavar unha extensión de 6.226 m<sup>2</sup>, a maior escavada nun xacemento do Morrazo. É certo que o DXP-5 supuxo unha desviación respecto ós planos iniciais e que encareceu o presuposto mínimo

inicialmente previsto para realizar as gábias de avaliación iniciais, pero a estratexia aplicada polo LAr permitiu mobilizar un equipo de 15 persoas que en 14 semanas abordaron unha intervención xigantesca nun tipo de xacemento inédito e de gran interese científico.

**Castro de Montealegre:** Por debaixo deste castro estaba projectada a realización dun túnel para evitar a súa destrución. As sondaxes arqueolóxicas nas bocas do mesmo non puideron ser efectuadas ata que non se procedeu ó desbroce da área afectada, aproximadamente a mediados de setembro do 2000. A primeira intervención realizada foron as sondaxes da ladeira Leste entre o 25 de setembro e o 9 de outubro. As sondaxes da ladeira Oeste efectuáronse entre o 10 e o 23 de outubro. A resolución da DXPC relativa á ladeira Leste sinalaba a necesidade de realizar unha escavación en área. O informe elaborado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 19 de febreiro de 2004 sinalaba a necesidade de proceder a unha escavación en área das dúas bocas do túnel. Á vista deste informe proxectouse a escavación en área das dúas bocas do túnel dende o día 1 de marzo ó 15 de maio de 2004. Con data de 5 de maio de 2004 presentouse un informe valorativo do estado da escavación solicitando unha ampliación da mesma por considerar que en ningunha das dúas bocas foran esgotados os niveis arqueolóxicos fértiles nin satisfeito as demandas mínimas esixibles a un proxecto de documentación dunha área arqueolóxica que vai ser destruída. A DXPC emitiu unha resolución o 27 de maio establecendo a continuación dos traballos durante

44 días ata liberar os terreos do castro afectados polas obras de emboquille do túnel e que, a tenor dos datos elucidados nas fases anteriores, presentaban restos considerables de ocupación castrexa. Estes traballos concentráronse, en primeiro lugar, no sector oriental do castro para liberar eses terreos, de xeito que se puideran iniciar as obras do emboquille do túnel nese sector. Unha vez finalizada esta zona, o equipo de escavación moveuse ó sector occidental. Este plano de traballo por etapas foi deseñado adaptándose á decisión de acometer a escavación do túnel desde o extremo oriental e non simultaneamente desde os seus dous extremos.

#### **Participación do LAr na sistematización da información**

Á marxe da intervención directa do LAr na fase de campo do proxecto, este colaborou de forma moi activa coas empresas de arqueoloxía nos traballos de sistematización da información necesarios para elaborar as Memorias Técnicas e asegurar a rendabilidade patrimonial e científica dos traballos realizados.

A colaboración do LAr nestas tarefas realizouse baixo dous principios básicos: (1) aportar unha asistencia científico-técnica que contribuíse a simplificar os traballos de elaboración de Memorias, e (2) mobilizarse só a demanda da empresa de arqueoloxía adxudicataria de cada actuación concreta.

Esta colaboración involucra esencialmente dous tipos de

tarefas, que nun caso son realizadas desde o IEGPS e noutro desde o LPPP da USC.

**Análise de mostras a cargo do LPPP (USC):** O 4% do presuposto de cada intervención quedou reservado para análise de mostras xeoarqueolóxicas e paleoambientais, o que garante, cun custe mínimo, poder abordar a analítica necesaria para comprender integramente os xacementos. Có obxecto de abaratar custos, manter unha estratexia unitaria e poder comparar resultados, as empresas construtoras contrataron directamente coa USC (baixo a responsabilidade científica do LPPP e en concreto do director do seu *Grupo de Estudos Ambientais* prof. Antonio Martínez Cortizas) a realización das análíticas correspondentes. Deste xeito, coordináronse o citado grupo, o LAr e as empresas de arqueoloxía que realizaron as escavacións, para seleccionar as mostras en vías de análise, formular a hipótese de traballo e decidir a estratexia de investigación.

**Estudo de materiais arqueolóxicos a cargo do IEGPS:** Así mesmo, o grupo de cultura material do LAr realizou o estudo do material lítico e cerámico procedente de varias intervencións das que os seus responsables solicitaron colaboración baixo contrato para poder realizar este estudo e incorporar as súas conclusións á Memoria. Isto involucra diferentes tarefas como descrición, debuxo, consolidación, reconstrución, análise formal e inspección macro e microscópica. Para o financiamento destes traballos o LAr aplica fondos procedentes do convenio anual CSIC-Xunta de Galicia para re-



alización de proxectos de investigación no IEGPS, o que permitiu baixar os custos destes estudos e repercutir sobre as empresas de arqueoloxía unicamente o 50% do seu custo total.

Neste contexto, reuniuse o Consello Rector do IEGPS (na súa sesión de 27 de xaneiro de 2004), copresidido polo Presidente da Xunta de Galicia e o Presidente do CSIC. Nesa reunión informouse que o LAr do IEGPS estaba participando activamente nos traballos de campo e científicos para corrixir o Impacto Arqueolóxico do Corredor de O Morrazo contribuíndo así a aliviar a problemática patrimonial deste importante proxecto.

Informouse, así mesmo, que con esta liña de acción o IEGPS pretendía materializar o seu compromiso, en canto que *centro mixto do CSIC coa Xunta de Galicia* para investigación en Humanidades, de realizar labores de *I+D+I de apoio á xestión do Patrimonio que en concreto coaduxen ó desenvolvemento dunha industria cultural en Galicia e á consolidación das pequenas empresas e dos proxectos institucionais* no ámbito do Patrimonio Cultural Galego.

### Balance

Se deixamos a un lado as consideracións, problemáticas e tensións puntuais que presenta un proxecto complexo coma este (sen dúbida importantes pero que se disolven cando se contempla o traballo realizado desde una perspectiva máis distante e coa obra xa finalizada), se tomamos en conta que é un proxecto aínda non finalizado (falla completar o estudo da in-

formación obtida, proceso que tomará anos, polo que a forma cómo culmine será determinante para establecer unha valoración definitiva), e se revisamos o proceso de traballo realizado ata a data cunha visión realista, podemos facer as **seguintes valoracións**:

1. O traballo realizouse nun *tempo récord*, sendo capaces en menos de 12 meses (desde o 4 de xullo de 2003 ata a data) de liberar as cautelas arqueolóxicas que pesaban sobre o 35% do trazado (coa única excepción do Castro de Montealegre, onde os traballos estiveron parados desde 24 de outubro ó 1 de marzo de 2004 por causas alleas ó equipo de traballo arqueolóxico). As intervencións nos xacementos de maior porte e previamente coñecidos finalizaron con anterioridade ó 1 de decembro de 2003: Regueiriño, Devesa de Abaixo, Os Remedios e Os Laguiños.

2. O traballo permitiu documentar e liberar os terreos en *5 xacementos arqueolóxicos* de primeira importancia; ademais realizáronse *12 sondaxes* valorativas (na práctica pequenas escavacións), *16 limpezas e controles* de desmonte, e un *seguimento continuado* das obras.

3. Resolveuse o problema arqueolóxico sen xerar conflitos adicionais para o proxecto de obra. O grao de satisfacción das empresas construtoras respecto ós traballos arqueolóxicos e o seu desenvolvemento foi, así mesmo, elevado.

4. Na actualidade están rematadas e depositadas no Servicio de Arqueoloxía da Xunta de Galicia as *memorias técnicas* de tódolos xacementos importantes escavados (Reigueiriño, Remedios, Devesa do Rei e Montenegro).

5. Os traballos realizáronse cun gran estándar técnico e, por primeira vez en Galicia, cun *protocolo de documentación e rexistro da información compatible* entre tódalas intervencións.

6. Financiouse por primeira vez a elaboración das memorias e tratamento básico da información posterior, o que facilita a rendabilización en termos patrimoniais e científicos da información xerada pola obra, e permitiu de feito que estas fosen elaboradas nun curto prazo de tempo e cun elevado estándar técnico.

7. Xerouse unha satisfactoria cooperación (aínda incompleta) entre tódalas partes involucradas desde o punto de vista arqueolóxico: Servicio de Arqueoloxía, LAr (CSIC e USC), empresas privadas de arqueoloxía e CPTOPV.

8. É certo que foi imposible asumir a escavación total e detida dos xacementos afectados, pero en toda Europa estableceuse como norma que nestes casos o traballo arqueolóxico tense que adaptar á problemática de cada obra e débese proceder por mostreo.

Polo tanto, desde un punto de vista estritamente técnico, débese destacar: (1) Que **os traballos arqueolóxicos non ocasionaron quebranto nin retrasos na execución das obras**, e que a estratexia de intervención arqueolóxica planificada para realizar os

traballos permitiu compatibilizar a escavación cos planos de obra e evitar en gran medida efectos negativos sobre os mesmos; estes son, desde o punto de vista de clientes, promotores, constructores e usuarios, os obxectivos prioritarios que o traballo arqueolóxico nestes contextos debe garantir. En O Morrazo demostraron tódolos axentes arqueolóxicos involucrados que pode ser así. (2) Que o traballo arqueolóxico realizado por imperativos alleos ó estricto senso da investigación permitiu, nembargantes, obter información de gran calidade e **xerar un coñecemento innovador sobre a Prehistoria e Arqueoloxía de Galicia.**

Por todas esas razóns cremos que o traballo significou un importante éxito desde tódolos puntos de vista e contribuíu a poñer en marcha un novo modelo para a realización de proxectos de corrección de impacto arqueolóxico, o que a súa vez permite que Galicia siga estando á cabeza no conxunto do Estado no tratamento desta problemática. O traballo permitiu, en definitiva, compaxinar o Corredor de O Morrazo co ideal de sostenibilidade que hoxe en día debe presidir todo proxecto e obra. Todo o problema que, desde o punto de vista dos

alleos á xestión e protección do Patrimonio Arqueolóxico, poderíase alegar é que o presuposto final acadou a cuantía de 1.515.000 € fronte á previsión de 1.260.000 € inicialmente dispoñibles. Non obstante esta cifra non significa un prexuízo para unha obra como esta e constitúe en realidade o custo que permitiu evitar auténticos prexuízos maiores. *A protección do Patrimonio Cultural, a xestión dos restos do noso pasado e o traballo arqueolóxico teñen un custo,* e así o teñen que asumir a sociedade no seu conxunto e, particularmente, os axentes sociais e institucionais involucrados por esa problemática.

## A Corrección de Impacto

*Xesús Amado Reino, Elena Cabrejas Domínguez,  
David Barreiro Martínez e Felipe Criado Boado*

En Galicia, é procedemento normal cando se fai calquer proxecto de obra, avaliar o seu posible impacto sobre o Patrimonio Arqueolóxico e Cultural. Esta avaliación dá lugar a modificacións do proxecto e á realización, durante a fase de construción, dun plan de corrección do impacto arqueolóxico. A Península do Morrazo posúe un rico Patrimonio Arqueolóxico. Iso levou a que, por precaución, e antes de comenzar as obras, o 35% do trazado estivese cautelado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, o que supuña que non se podía traballar antes do correspondente estudo arqueolóxico.

Conscientes as administracións afectadas (Dirección Xeral de Obras Públicas da CPTOPV e Dirección Xeral do Patrimonio

Cultural) da importancia do proxecto e do Patrimonio existente no Morrazo, articulouse un ambicioso plan de corrección que acadou unha dimensión nunca antes aplicada na nosa terra. Este plan comprendeu a realización dun seguimento de obra e de escavacións en xacementos concretos.

Neste plan colaboraron os técnicos da CPTOPV e do

### ◀TÁBOA 01

Conteo de actuacións, persoal e xornadas de traballo arqueolóxico.

### ▶TÁBOA 02

Ficha técnica do Proxecto

Servicio de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, xunto cunha equipa de investigación do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) pertencente ó Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, centro mixto do CSIC e da Xunta de Galicia, que tomou ao seu cargo a dirección científica do traballo. Participaron tamén diferentes empresas galegas de Arqueoloxía (Adro, Arqueo Consulting, Prospectiva y Análisis, Tomos e Anta de Moura), que asumiron a realización das escavacións máis complexas, todos eles en estreita colaboración coas diferentes empresas construtoras de cada tramo.

**O Proxecto e o Plan de Corrección:** O Corredor do Morrazo ocupa unha lonxitude total de **20,96 Km.** O ancho

Lugar/Cautela	Institución / Empresa arqueolóxica	Nº xornadas de traballo de campo	Nº persoas implicadas	Total xornadas
3 Regueiro (sondeo e escavación)	ADRO	60	10	600
Castro Humealga (sondeo e escavación)	Lar	118	21	2.448
Dereza do Abaixo (sondeo e escavación)	ArgenConsulting	95	18	1.710
DXP 1 Alto do Castro galego e sondeo	Lar	8	5	40
terugillo O Vento (sondeo e extracción)	Lar	6	4	24
DXP 4 As Cidades (sondeo e galego)	Terra Arqueos	4	5	12
terugillo Dereza do Rei (sondeo e extracción)	Lar	19	10	190
DXP 5 Homenage (galego, sondeo e escavación)	Lar	90	18	1.656
DXP 6 O Chao/ Morrazo galego e sondeo	Lar	5	5	25
Krieg/ Monte da Pena (sondeo)	Lar	14	5	70
DXP 7 Hume de Pena galego e limpeza mecánica	Lar	7	7	49
De Lageiros (sondeo e escavación)	Tomos e Anta de Moura	17	13	221
De Lageiros (limpeza e escavación)	Lar	31	16	144
O Redubido (limpeza e escavación)	Lar	17	7	119
Castro Lilloiro (limpeza e sondeo)	Lar	2	5	10
Krieg/ Monte da Pena galego e sondeo	Lar	4	5	20
De Remedios (escavación)	Prospectiva y Análisis	77	20	1.540
terugillo Gondeal (limpeza, prospección intensiva, sondeo e extracción)	Lar	7	11	40
Corredor do Morrazo (sondeo e seguimento)	Asesoría técnica arqueolóxica da CPTOPV	1	3	1
Corredor do Morrazo (sondeo e seguimento)	Lar	95	4	380
		681	171	9.443

Organismo institución empresa	Funcións	Responsables / técnicos
CPTOPV (Dirección Xeral de Obras Públicas)	-Promotor -Executor -Asistencia técnica arqueolóxica	Juan Cano Pan, Miguel A. Vidal Lojo
DXPC (Servizo Arqueoloxía)	-Resolucións de Conservación	Mª Jesús Tallón, Manolo Díaz, Manolo R. Calviño, Faustino Infante, Manolo Rey
LAR (IEGPS-CSIC)	-Dirección científica -Dirección Control e Seguimento -Dirección Escavacións -Dirección actuacións puntuais	Felipe Criado Boado Xesús Amado, Elena Cabrejas Roberto Abosal, Patricia Mañana, Yolanda Seoane, Camila Gianotti, Roberto Abosal, Virginia Castro, Patricia Mañana, Elena Cabrejas, Oscar Alonso
ADRO Arqueolóxica	-Dirección Escavacións	Elena Lima
Arqueo Consulting	-Dirección Escavacións	Pablo Vázquez
Prospectiva y Análisis	-Dirección Escavacións	Andrés Bonilla
Tomos e Anta da Moura	-Dirección Escavacións	F. Xavier Chao
Terra Arqueos	-Dirección Escavacións	Miguel A. López
LPFP (USC) Grupo de estudos ambientais	-Asesoramento científico e estudos edafolóxicos	Antonio M. Cortizas, Manuela Cortizas e Xavier Pontevedra
Ademais dos anteriores, traballaron o persoal axudante de dirección, equipos técnicos, equipos de traballo de campo, topógrafos, delineantes e delineantes, persoal no estado dos materiais, no tratamento dixital da información, na informatización de datos e nos labores de secretaría. Tamén, o propio traballo de campo implicou a participación de máis de 100 arqueólogos simultaneamente.		



promedio é duns 2,5 m, aínda que varía por mor da topografía e das súas compoñentes: viaductos, taludes e enlaces onde aca- da as maiores dimensións. Or-


**FIGURA 02**  
Limpeza de perfis dunha gabia du-  
rante as tarefas de control e segui-  
mento arqueolóxico

ganizouse en catro tramos exe-  
cutados por distintas empresas  
construtoras. O Corredor com-  
prende o sector meridional da  
Península do Morrazo e abran-  
gue os concellos de Moaña,  
Cangas e Bueu.

O seguimento arqueolóxico  
centrouse nos controis de re-  
planteos, desbroces, desmon-  
tes e restitución dos terreos,  
producidos en moitos casos de  
forma simultánea en distintos  
puntos da obra, así como na  
realización de pequenas actua-  
cións nas áreas de cautela. Re-  
alizáronse tamén diferentes  
actuacións puntuais, aínda que  
as intervencións máis signifi-  
cativas foron as escavacións en  
área nas zonas previamente  
cauteladas. Estas escavacións  
deron lugar á exhumación e  
documentación de diferentes  
xacementos que abranguen  
dende o Neolítico Final até a  
Idade Media, e que axudan a  
un mellor coñecemento do  
desenvolvemento prehistórico  
e histórico da península do  
Morrazo. Todos estes traba-  
llos foron desenvolvidos maio-  
ritariamente entre xullo de  
2003 e agosto de 2004.







## O Seguimento arqueolóxico

*Elena Cabrejas Domínguez,  
Alberto Rodríguez Costas e David Barreiro Martínez*

As obras de construción do Corredor do Morrazo deron comezo no mes de maio de 2003. Inicialmente, o seguimento arqueolóxico corría a cargo de Juan Cano Pan, arqueólogo representante da CPTOPV, contando con Miguel A. Vidal Lojo como equipo técnico. Foi da man deste último que o Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe (LAr en diante) do IEGPS (CSIC–XuGa) iniciou na segunda quincena de xuño as primeiras visitas á obra, aínda que non será até o 6 de xullo do mesmo ano que o LAr se faga cargo do seguimento asumindo a dirección do mesmo o arqueólogo Xesús Amado Reino. Case ó mesmo tempo deron tamén comezo as intervencións de maior porte.

O LAr aceptou a realización do seguimento arqueolóxico como forma de manter unha perspectiva integradora da obra e asumíu as labores de coordinación

e dirección científica concretada en establecer criterios metodolóxicos unitarios. Será ademais o seu cometido a coordinación das diferentes sondaxes e excavacións previstas, o asesoramento científico permanente, o estudo edafolóxico específico de cada sitio e o procesado común do conxunto de mostras tomadas en tódalas intervencións (executada polo LPPP da USC baixo a responsabilidade de Antonio Martínez Cortizas).

Certamente, é o impacto sobre o Patrimonio Arqueolóxico o que cuantitativamente é

máis relevante e frecuente nunha obra pública, entre outras cousas porque en grande número de casos é de natureza non visible e imprevista. En cambio, o impacto sobre monumentos históricos xeralmente se pode prever e polo tanto evitar. Pese a todo é necesario considerar o impacto sobre o Patrimonio Cultural na súa globalidade, e aínda que existen diferencias na forma de tratar os xacementos arqueolóxicos e o patrimonio construído, a arqueoloxía permite xestionar o impacto cultural no contexto dunha obra pública.

O deseño do Programa de Corrección do Corredor do Morrazo baseouse fundamentalmente nas liñas plantexadas e aplicadas tanto en proxectos anteriores, como nos actualmente en curso, pero adaptándose ás características da propia obra, na que hai que destacar a súa grande envergadura en canto á

**FIGURA 03**  
Revisión de entalleiras polo equipo de seguimento arqueolóxico á altura de Tombo e Bouzafigueira, co DXP5-Montenegro ao fondo



súa anchura e profundidade máis que á súa lonxitude. Debe entenderse como un *traballo de corrección integral*, e de maneira xenérica os obxectivos globais foron protexer, xestionar e investigar o Patrimonio Cultural afectado polas obras. Concrétanse basicamente nos seguintes aspectos:

- ❖ Revisar e controlar as caute-  
las definidas no Estudo de Im-  
pacto e na Declaración de Im-  
pacto Ambiental.
- ❖ Controlar e solucionar a apa-  
rición de imprevistos durante o  
desenvolvemento do traballo.
- ❖ Evitar e correxir a afección  
sobre elementos coñecidos e so-  
bre novos elementos do Patri-  
monio Cultural.
- ❖ Realizar funcións de asisten-  
cia técnica ás empresas contra-  
tantes.
- ❖ Profundizar no estudo e co-  
ñecemento da Prehistoria e His-  
toria do Morrazo.



**FIGURA 04**  
Control arqueolóxico da apertura  
do emboquille do túnel na ladeira  
oeste do Castro de Montealegre

O equipo de traballo distribuíuse en varios grupos coordinados por un responsable académico (Felipe Criado Boado) e unha dirección técnica (Xesús Amado Reino), e que englobaban un equipo de seguimento, un de gabinete e outro de intervencións pertencente ó LAR, ademais de outras seis empresas de arqueoloxía. Ó inicio da fase de control e seguimento revisáronse en campo as caute-  
las e medidas correctoras establecidas polo Estudo de Impacto arqueolóxico. Deste modo pretendíase unha completa definición daquelas zonas que reúnen especiais características dada a súa propia natureza, a grande vulnerabilidade e a difícil localización de evidencias en espazos de densa vexetación. Como consecuencia desta revi-

sión, procedeuse a modificar caute-  
las nalgúns casos e establecer outras non previstas con anterioridade.

O grupo de Seguimento estivo constituído por dous equipos independentes e coordinados para os tramos I-1, I-2 e II-1, II-2. O seu cometido foi o de revisar os traballos de remoción de terras tanto nun nivel de desbroce superficial, como de escavación, explanación, acondicionamento de taludes, restitu-

cións, etc., producidos en moitos casos de forma simultánea en distintos puntos da obra, coa finalidade de detectar posibles afeccións sobre calquera elemento con valor patrimonial que se localizase dentro da traza, levando tamén a cabo pequenas actuacións nas áreas de cautela previas ás intervencións puntuais. Asimesmo, foi revisada unha banda de 200 metros a cada lado do trazado co obxectivo de ampliar o coñecemento de tódalas áreas de interés arqueolóxico e establecer unha inspección e vixilancia periódicas. Este traballo, ademais, implicou, a realización de informes periódicos e puntuais sobre o estado das obras á DXPC e á empresa promotora e a realización de informes sobre o estado das caute-  
las cando foi necesario.



Hai que ter en conta que este traballo púdose realizar gracias á colaboración e disposición de tódalas instancias implicadas

no proceso de traballo, xa que axilizou o fluxo de información e garantíu a coordinación das diferentes dimen-

sións e fases do proxecto arqueolóxico, asegurando unha integración adecuada entre éste e o proxecto de obra.

## FICHA TÉCNICA

EQUIPO DE TRABAJO	ACTUACIÓN	
	PROGRAMA DE CONTROL E SEGUIMIENTO ARQUEOLÓXICO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO CORREDOR DO MORRAZO. BUEU, CANGAS E MOAÑA, PONTEVEDRA.	
	CLAVE DE EXPEDIENTE	
	CJ 102A 2003/005-0.	
	PERIODO DE REALIZACIÓN	
	XULLO DE 2003 – XULLO DE 2005.	
	INVESTIGADOR RESPONSABLE	
	FELIPE CRIADO BOADO.	
	COORDINADOR/A	
	Xesús Amado Reino e David Barreiro Martínez.	
EQUIPO DE TRABAJO	DIRECTOR/RESPONSABLE DA ACTUACIÓN	
	Xesús Amado Reino e Elena Cabrejas Domínguez.	
	AXUDANTE DE DIRECCIÓN	
	Elena Cabrejas Domínguez e Roberto Aboal Fernández.	
	EQUIPO TÉCNICO	
	Oscar Alonso Tejedor, Elisa Crespo Vázquez, Eduardo Velázquez Turnes, Rocío Varela Pousa e Alberto Rodríguez Costas.	
	EQUIPO DE TRABAJO DE CAMPO	
	Oscar Alonso Tejedor, Eduardo Velázquez Turnes, Elena Cabrejas Domínguez, Elisa Crespo Vázquez, Irina Capdepon Caffa, Juan A. Anca Calvo, Rocío Varela Pousa, María Cacheda Pérez e Alberto Rodríguez Costas.	
	EQUIPO DE TRABAJO DE GABINETE	
	Pilar Prieto Martínez, Beatriz Íñiguez Pichel, Yolanda Porto Tenreiro, Marta Tabarés Domínguez e Sofía Baqueiro Vidal (tratamento e estudo de materiais), Alberto Rodríguez Costas (revisión e sistematización da información), Anxo Rodríguez Paz (tratamento gráfico), Sofía Quiroga Limia e Teresa Neo Pérez (secretaría), Matilde Millán Lence (tratamento informático da información).	

## **OS RESULTADOS AS PRINCIPAIS INTERVENCIÓNS**





## Neolítico Inicial / Medio: O Regueiriño

*Elena Lima Olivera*

### **O xacemento**

A intervención arqueolóxica no xacemento de O Regueiriño localízase no P.K. 100+338 da traza da Vía de Alta Capacidade do Morrazo. O xacemento atópase na ladeira meridional do monte Xaxán, nas inmediacións da Ponte de Rande, na parroquia de San Pedro de Domaio, concello de Moaña, pertencente á provincia de Pontevedra. O emprazamento topográfico do xacemento responde a unha serie de pequenos relanzos na acusada ladeira que baixa desde Faro Domaio ata a costa; a zona parcialmente escavada atópase a uns 40 metros sobre o nivel do mar.

Nos anos 70 desenvolveuse unha actividade arqueolóxica importante en toda a península de O Morrazo, levada a cabo por un grupo de aficionados da zona vinculados ó Museo de Pontevedra. A labor destes investigadores estaba

centrada tanto na prospección como na escavación de xacementos prehistóricos, e axudou en gran medida ó coñecemento da prehistoria na zona, descubriendo un importante conxunto de asentamentos do Neolítico e da Idade do Bronce espallados por todo o Morrazo.

Neste contexto atopa Antón Costa, en 1975, o xacemento de O Regueiriño, que foi descuberto tras a apertura da pista forestal que sube ó alto

de Monte Faro, tamén conocido como Monte Xaxán. A apertura da pista puxo en evidencia un conxunto de material cerámico e lítico adscrito ó Neolítico.

Ó longo dos anos 1976 e 1977 lévanse a cabo pequenas escavacións cuxos resultados permanecen inéditos, pero das que sabemos que se continuaron recuperando máis fragmentos de cerámica e líticos sen que aparecesen estruturas.

De novo, no ano 1982, D. Antonio de la Peña realiza unha sondaxe estratigráfica, co fin de «despexar certas incógnitas sobre as características do xacemento» e «recoller unha columna de mostras para análises palinolóxicas». Con esta pequena sondaxe confirmase a existencia de seis niveis edáficos e dun único nivel arqueolóxicamente fértil.

Despois destas intervencións o xacemento foi pechado e caeu no esquecemento, sendo tan só recuperado nalgúns artigos sobre cerámica Neolítica, na súa maioría do autor Xosé Suarez Otero.

### **A Intervención**


No verán do 2003 realízase unha nova intervención no xacemento de O Regueiriño a consecuencia da obras da construción

#### ↓ FIGURA 06

Imaxe 3D coa superficie escavada e a posible área de dispersión do xacemento

#### ↗ FIGURA 07

Titular da noticia publicada en Pueblo Gallego en setembro de 1978





da Vía de Alta Capacidade do Morrazo. O traballo de campo estivo formado por un equipo de traballo de tres arqueólogos e once obreiros especializados.

Os **obxectivos** plantexados foron:

- ❖ Delimitar a extensión do xacemento de O Regueiriño.
- ❖ Avaliar o estado actual do xacemento.
- ❖ Definir a secuencia estratigráfica do xacemento.
- ❖ Contextualizar materiais e posibles estruturas.
- ❖ Avaliación de posibles novos impactos patrimoniais.

En síntese, do que se trataba era de obter coñecemento suficiente para poder caracterizar, contextualizar e avaliar con maior precisión un sitio arqueolóxico, do que xa se dispuña de información antes da súa destrución definitiva pola construción do Corredor do Morrazo.

As **tarefas realizadas** durante a Intervención Arqueolóxica foron as seguintes e por este orde:

- ❖ Limpeza e documentación dos perfís da estrada CF-102 ó seu paso polo xacemento de O Regueiriño.
- ❖ Limpeza e acondicionamento da toda a área de traballo.
- ❖ Plantexamento de sondaxes valorativas por toda a área cautelada.
- ❖ Escavación en área da zona con maior concentración de indicios arqueolóxicos.

### Os resultados

#### *A lectura estratigráfica*

A secuencia edafolóxica presentou certa complexidade pola variada estratigrafía documentada




**FIGURA 08**  
Perfil topográfico do emprazamento

nunha superficie relativamente reducida. Dita variedade ten relación directa coa ubicación topográfica na que se atopa o xacemento. A estratigrafía do xacemento, á espera das análises edafolóxicas, parece indicar unha sucesión de depósitos de coluvios importantes vencellados directamente coa situación topográfica do xacemento, de acusada pendente, xa que o xacemento se sitúa nunha forte pendente que cae desde Faro Do Maio ata o mar. Esta acusada pendente favorece a continua exposición do lugar a bruscos procesos postdeposicionais marcados claramente por períodos erosivos e de aportes de ladeira. Estes eventos naturais teñen es-

**FIGURA 09**  
Vista do xacemento dende o NW





pecial incidencia no xacemento, xa que a lectura estratigráfica induce a pensar que o nivel arqueoloxicamente fértil se atopa desprazado. Xa nas análexes que se fixeron nos anos 80 se falaba disto: «o nivel arqueolóxico foi obxecto de alteracións post-deposicionais que supuxeron a súa removilización»; é dicir o material non está «in situ». Eses episodios de formación do solo, alternando momentos de aportes con outros erosivos, están representados no xacemento polas distintas secuencias edáficas documentadas. Perfís A–C, A–B–C, de clásicos solos de monte en Galicia pouco desenvolvidos, con outras secuencias máis complexas. Estas estratigrafías máis complexas non son máis que a xanela na que podemos observar todos os procesos postdeposicionais, e descubrir que o xacemento se atopa no medio dunha valgada natural. As únicas estruturas aparecidas son de dubidosa caracterización, xa que apareceron unha serie de improntas que semellaban restos

↑FIGURA 10  
Planta da intervención

→FIGURA 11  
Secuencia do proceso de escavación

de buracos de poste, e foron rexistradas e posteriormente escavadas coa convinte metodoloxía arqueolóxica. Aquí aparece a primeira das dificultades, xa que as súas paredes non sempre son claras senón que o límite é tan difuso que non nos permite a súa escavación total<sup>3</sup>, a pesar de todo isto debemos de reseñar con claridade a presenza de, alomenos, 3 estruturas, todas posibles buracos de poste.

### *O Material Arqueolóxico*

A gran maioría do material atópase nun mesmo nivel, o que chamamos nivel arqueolóxico fértil do xacemento.





Documentáronse un total de 1387 pezas (88% de cerámica, 2,3% de ocre, 0,2% de ferro e 9,2% de industria lítica). Maioritariamente pódense adscribir ó Neolítico Inicial/Medio, exceptuando dous recipientes campaniformes (Idade do Bronce), e cinco pezas que son claramente de época histórica\*.

Como conclusión final, e a falta de análises edafolóxicas e radiocarbónicas, podemos decir que O Regueiriño é un xacemento prehistórico do **Neolítico Inicial/Medio** (inicios do IV milenio a.C), de carácter habitacional e de ocupación moi temporal: o que poderíamos chamar un **campamento**. Coidamos que ese tipo de xacementos se caracterizan por unha certa temporalidade nas ocupacións, evidenciada na escasez de restos tanto de cultura material como de estruturas, xa sexa pola mínima inversión de recursos na súa construción como pola natureza perecedeira dos materiais

FIGURA 12

Selección de materiais cerámicos e líticos

empregados; sen dúbida, a proximidade do mar podería estar indicando unha situación estratéxica para a explotación dos recursos mariños do entorno.

Constátase así O Regueiriño como un xacemento de época Neolítica que debemos de entender como un peldaño máis no poboamento de todo o Morrazo durante a Prehistoria Recente, pois é coñecida a ocupación de toda a ladeira sur onde se atopa o xacemento, desde a súa parte máis alta, co sitio de Chardos Carrís, do Bronce Final, pasando por A Fontenla, a media ladeira, da Idade do Bronce, ata chegar case ó nivel do mar con O Regueiriño. Polo tanto, contamos non só cos resultados provintes das novas e antigas intervencións no lugar de O Regueiriño, senón tamén cun amplo número de xacementos no entorno xeográfico que contribúen a contextualizar o rexistro e a tentar interpretalo dentro da paisaxe prehistórica de O Morrazo.

- 3 Non esquezamos que, normalmente, neste tipo de xacementos as improntas atópanse no horizonte C, polo que resulta máis fácil distinguir un depósito dun corte. Neste caso, esas posibles estruturas aparecen nese horizonte A-B, e debido á súa cor non resulta fácil definir os límites entre depósitos e posibles cortes, se os houbese.
- 4 Para valorar en detalle as características da cultura material recuperada, ver neste mesmo volume o capítulo “Estudo da cultura material do xacemento de O Regueiriño”.





**FIGURA 13**  
Dúas vista do xacemento na última  
fase de escavación

## FICHA TÉCNICA

ACTUACIÓN  
**ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA NO XACEMENTO DE O REGUEIRIÑO. MOAÑA, PONTEVEDRA.**

CLAVE DE EXPEDIENTE  
**CJ 102A 2003/352-0.**

PERIODO DE REALIZACIÓN  
**29 DE XULLO A 8 DE OUTUBRO DE 2003.**

REALIZACIÓN DOS TRABALLOS  
**ADRO ARQUEOLÓXICA.**

EQUIPO DE TRABAJO

DIRECCIÓN DA ACTUACIÓN  
**Elena Lima Olivera.**

AXUDANTE DE DIRECCIÓN  
**Victor J. Barbeito Pose.**

EQUIPO TÉCNICO  
**Ángel Acuña Piñeiro, Ana I. Tembra Piñeiro, María de los Ángeles López Taboada.**

EQUIPO DE ESCAVACIÓN  
**María Martín Seijo, Miguel A. Sartal Lorenzo, Pedro P. Caeiro Barreiro, Daniel Méndez Vazquez, Soraya Paz Rodríguez, Jose López Alonso, Irene Hernández Domínguez, Ludovic B. Chasseigne.**

REDACCIÓN DA MEMORIA TÉCNICA  
**Elena Lima Olivera.**

EQUIPO DE TRABAJO

DELINEACIÓN E DIXITALIZACIÓN
Elena Lima Olivera.
SISTEMATIZACIÓN DA INFORMACIÓN
Victor J. Barbeito Pose.
FOTOGRAFÍA
Victor J. Barbeito Pose.
ASESORAMENTO TÉCNICO
Ángel Acuña Piñeiro.
CONTRATISTA
Corsan Corviam Construcción y Taboada y Ramos S.L. “UTE MORRAZO”.


FICHA TÉCNICA DO ESTUDO DA CULTURA MATERIAL

INVENTARIO DE MATERIAIS
Ana I. Tembra Piñeiro
ESTUDO DO MATERIAL CERÁMICO
Pilar Prieto Martínez, Marta Tabarés Domínguez
ESTUDO DO MATERIAL LÍTICO
Sofía Baqueiro Vidal
TRATAMENTO DO MATERIAL
Ana I. Tembra Piñeiro, Marta Tabarés Domínguez, M <sup>a</sup> . Pilar Prieto Martínez, Bea Iñiguez Pichel
FOTOGRAFÍA E MONTAXE DAS LÁMINAS DE MATERIAIS
Yolanda Porto Tenreiro
DEBUXO ARQUEOLÓXICO
Anxo Rodríguez Paz, Ana I. Tembra Piñeiro
DESEÑO E MONTAXE GRÁFICA
Anxo Rodríguez Paz
COORDINACIÓN DO LABORATORIO DE CULTURA MATERIAL E ARQUEOMETRÍA
M <sup>a</sup> . Pilar Prieto Martínez
DIRECCIÓN DO LABORATORIO DE ARQUEOLOXÍA DA PAISAXE
Felipe Criado Boado

## TESTemuÑA DA OCUPACIÓN HUMANA DURANTE O NEOLÍTICO FINAL E O PERÍODO ALTO-MEDIEVAL NA PENÍNSULA DO MORRAZO.

O xacemento arqueolóxico de Montenegro (DXP 5) foi localizado gracias á realización dunha serie de sondaxes e gabias valorativas enmarcadas nas tarefas de seguimento arqueolóxico das obras do corredor. Estes traballos conduciron á realización dunha escavación nun área de aproximadamente uns 5800 m<sup>2</sup>, durante os meses

Vista do xacemento de Montenegro  
dende o oeste



### Perfis topográficos do emprazamento; cortes E-W e N-S

Debuxo parcial da planta da área de escavación

Imaxe 3D da superficie escavada e a posible área de dispersión do xacemento

de Xaneiro a Abril de 2004, nos que se localizou e documentou unha densidade moi alta de estruturas arqueolóxicas correspondentes a parte dun asentamento de época Neolítica e outro de época Medieval. Gracias ós traballos de corrección arqueolóxica coñecemos dous novos e importantes xacementos arqueolóxicos do Morrazo, que aínda se conservan nalgúns das áreas que non foron afectadas polo trazado do corredor.





A área foi inicialmente poboada durante o Neolítico Final, hai aproximadamente uns 4.500 – 4.800 anos de antigüidade. Este período, que algúns autores denominan Calcolítico, preferimos denominalo Neolítico Final non só porque os rasgos estruturais que o definen se corresponden plenamente cos que caracterizan a outras áreas xeográficas da fachada Atlántica e que foron contemplados dentro da periodización para definir o Neolítico Atlántico (Criado 1991, 1999; Bradley 1998; Scarre 2001), senón tamén porque ata a data, non se identificou en Galicia un fenómeno cultural do tipo e carácter do coñecido Calcolítico. De feito, ata agora, quizáis só sexa a Galicia meridional, e en particular o Morrazo, a única zona de Galicia na que se coñecen xacementos con algúns rasgos que permitirían establecer certas correspondencias (que non equiparacións) co período Calcolítico peninsular.

En Montenegro, a testemuña desta ocupación do Neolítico Final aparece representada por estruturas arqueolóxicas e áreas de actividade localizadas no interior do que parece ter sido poboado estable e de certa permanencia. Estruturas de habitación do tipo fondo de cabanas, formadas por gabias de cimentación e improntas de postes, fogares ó ar libre, fosas probablemente utilizadas para o almacenamento, construcións adxectivas para o resguardo de animais, unha densidade moi alta de improntas de postes que denotan construcións diversas en madeira, gabias para delimitar e compartimentar o espacio dentro do poboado e un recinto singular, que dada-las súas características arquitectónicas e os materiais recuperados nel,

**FIGURA 18**

Vistas de diferentes estruturas do xacemento; buracos de poste (A), fondo de cabana (B), e detalle dunha gabia (C).


permite recoñecelo como un espacio público relacionado posiblemente con celebracións colectivas.

Este espacio circular localizouse na zona máis alta do poboado, coincidindo cun escalón da dorsal de estribación que une o monte Agudelo e a costa da Ría de Vigo, a escasos 7 metros dun grande roquedo granítico que funcionaba como un fito señeiro visible dende grande distancia. Trátase dun recinto circular de carácter monumental, de 20 m diámetro no seu interior, co acceso principal orientado ó SE. Para a construción do límite exterior do recinto aproveitouse un afloramento de granito, ó que se rebaixou lateralmente e se integrou xunto á disposición dun anel de grandes pedras fincadas no peche do cadrante SW. Tamén unha estrutura pétrea, pero de tipo pequena coraza, pecha o espacio polo cadrante SE. No interior do recinto localizouse unha estrutura circular conformada por improntas de postes, e dúas áreas de actividade documentadas por

**FIGURA 20**

Dúas vistas do anel, formado por grandes pedras fincadas e por un depósito de pedras (C), (D).






←FIGURA 19  
Debuxo da planta do recinto circular



✓FIGURA 21  
Debuxo da planta da organización asimétrica do recinto circular



←FIGURA 22  
Dispersión de materiais no recinto circular

dous fondos de cabana, arquitectónicamente similares, localizados un no lateral Este e outro no lado Oeste do espazo interior do mesmo. A construción deste recinto comparte algúns rasgos relacionados coa organización do espazo que son moi similares con outro tipo de arquitectura monumental tamén de época Neolítica: os túmulos. A forma circular, a organización dual e asimétrica do espazo, o acceso cara o SE, a integración de elementos naturais dentro da arquitectura monumental (o grande pendo e o afloramento), son algúns destes rasgos (Criado 1999; Criado y Villoch 1998; Mañana *et al*, 2002).

A meirande parte dos materiais recuperados na escavación proceden do recinto circular. A distribución destes tamén confirma o patrón de organización espacial do mundo Neolítico, ó exhibir unha maior densidade e variedade de materiais na metade Sur. Por outra parte, neste sector do recinto recuperá-

ronse aqueles materiais máis significativos dende o punto de vista da caracterización da cultura material e das actividades que alí tiveron lugar. Chama a atención a boa conservación do material cerámico, así como a alta densidade e variedade de cerámica decorada en proporción coa cerámica lisa e en relación con outras áreas do poboado. O estilo decorativo predominante na maioría das vasillas recuperadas en Montenegro está definido por motivos xeométricos incisos dispostos en metopas, ou o que tradicionalmente se coñece como estilo Penha. A análise tecnolóxica e funcional da cerámica permitirá entre outros aspectos, reconstruí-las formas das vasillas, o uso e as actividades nas que se viron implicadas.

Ademais do material cerámico, rexistrouse unha variedade importante de instrumentos líticos, entre os que sobresaen: ferramentas retocadas, lascas posiblemente empregadas como instrumentos cortantes, desfeitos de talla, machados, muíños, mans de moer, percutores, etc. É destacable o número de muíños recuperados no xacemento (17), gran parte deles atopábanse, fragmentados e amortizados como material construtivo formando parte do recinto circular. En contraste, os muíños enteiros foron casi todos localizados en áreas de actividade do poboado relacionadas probablemente con espazos de habitación. Finalmente, os resultados da análise da cultural material do xacemento (actualmente en curso)<sup>5</sup>, e a súa comparación con outros xacementos do mesmo período, aportará datos significativos para reconstruír as actividades e procesos de traballo que tiveron lugar no poboado, ó tempo que permitirá confirmar a



←FIGURA 23

Selección de materiais cerámicos e líticos

→FIGURA 24

Detalle dos carbóns analizados

documentou evidencia directa, a presenza da costa atlántica a curta distancia do xacemento permite suxerir que o aproveitamiento dos recursos mariños, xunto co cultivo de pequena escala, pudo formar parte da estratexia económica destes grupos Neolíticos.

En época alto medieval vólvese a producir a ocupación da área de Montenegro. As evidencias arqueolóxicas documentadas conforman un conxunto de estruturas situadas na zona SW da área escavada, interpretadas como os restos dunha vivenda rural e o seu entorno produtivo. Escavouse a estrutura de cimentación en pedra dunha construción rectangular dividida en varias estancias, ademais de estruturas formadas por postes de madeira no seu entorno (probablemente algún cerco de madeira) e múltiples fosas de orixe indeterminado que foron amortizadas como vertedoiros de lixo. Moi próximo a este conxunto, e nas terras de cultivo actual, existírouse unha sucesión de terrazas de cultivo que da conta do mantemento deste espacio agrario durante un lapso prolongado de tempo. As datacións das terrazas máis antigas permitirán confirmar si se trata da área de cultivo vinculada á construción medieval localizada.

excepcionalidade e o carácter ritual do recinto circular.

A ubicación estratéxica do poboado e o seu entorno produtivo suxiren que os habitantes prehistóricos de Montenegro fixeron uso dunha ampla variedade de recursos silvestres e domesticados. Por un lado aproveitaron os frutos e madeiras das fragas cercanas (bosque mixto atlántico), tal como atestigua a análise dos fragmentos de carbóns recuperados dentro das estruturas arqueolóxicas escavadas. Especies como a noceira, o carballo, o loureiro, a abeleira, estaban presentes no entorno do poboado e foron empregados polos seus poboadores no mantemento do poboado e nas actividades cotiás (Martin, 2004). Aínda que non se




Avelaira (Plano lonxitudinal transversal)



Bidueiro (Plano lonxitudinal radial)



Carballo (Plano transversal)



Salgueiro (Plano transversal)

- 5 Para valorar en detalle as características da cultura material recuperada, ver neste mesmo volume o capítulo adicado ao Estudo da cultura material do xacemento de Montenegro.





## FICHA TÉCNICA

EQUIPO DE TRABAJO	ACTUACIÓN
	PROXECTO DE ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA EN ÁREA EN MONTENEGRO/ PARADELA (D.X.P.5).
	CLAVE DE EXPEDIENTE
	CJ 102A 2004/004-0
	PERIODO DE REALIZACIÓN
	12 DE XANEIRO A 16 DE ABRIL DE 2004
	REALIZACIÓN DOS TRABALLOS
	LABORATORIO DE ARQUEOLOXÍA DA PAISAXE DO INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO (CSIC-XUGA). UNIDADE ASOCIADA, LABORATORIO DE PATRIMONIO, PALEOAMBIENTE E PAISAXE (IIT, USC)
	DIRECCIÓN DA ACTUACIÓN
	Pilar Prieto Martínez
	AXUDANTE DE DIRECCIÓN
	Camila Gianotti García, Andrés Teira Brión e Cristina Cancela Cereiño
	EQUIPO TÉCNICO
	Patricia Mañana Borrazás, Paula Méndez Santiago, Elena Taboada Durán, Isabel Cabrera Tilve, Electra Menéndez Muñoz
	EQUIPO DE ESCAVACIÓN
	Sonia García Rodríguez, Marco A. Rivas Nodar, María Martín Seijo, Elisa Crespo Vázquez, Noemí Calvo Valcarce, Juan Anca Calvo, Ana Isabel Tembra Piñeiro, Maria Isabel Pazos Silva, Darío Peña Pascual, Eduardo Velázquez Turnes
	TOPOGRAFÍA
	Miguel Grueiro Méndez
	ESTUDO DE ESTRUTURAS AGRARIAS
	Paula Ballesteros Arias
	ESTUDOS EDAFOLÓXICOS
	Antonio Martínez Cortizas, Manuela Costa Casais e Xavier Pontevedra Pombal
	DELINEACIÓN
	Anxo Rodríguez Paz
	ANÁLISE DE MATERIAIS
	Pilar Prieto Martínez, Sofía Baqueiro Vidal e Marta Tabarés Domínguez
	CONTRATISTA
	UTE Aviador

## Calcolítico: Monte dos Remedios

*Andrés Bonilla Rodríguez e Mario César Vila*

O xacemento localízase nunha dorsal situada a 84 m de altitude s.n.m. no tramo medio-inferior da ladeira NW do Monte dos Remedios, no concello de Moaña (Pontevedra), ocupando un rechán duns 130 m de lonxitude e 150 m de ancho por enriba das terras de cultivo dun val litoral. O seu emprazamento é favorable para un aproveitamento mixto do entorno (agricultura, gandería, uso dos bosques e marisqueo), coincidente coas prácticas económicas recoñecidas para o período calcolítico (período que neste volume denomínase Neolítico Final) en Galicia. A súa situación, pois, respondería máis a necesidades produtivas que doutro tipo. Os límites do xacemento exceden a área escavada, documentándose a súa continuación a ámbolos lados da traza da obra.

A modo de descrición xeral, a área escavada do xacemento presentou un aspecto final consistente nunha plataforma regularizada artificialmente mediante o rebaixe en varias zonas do nivel C de transición ó sustrato. Sobre este nivel localizáronse restos de varios pavimentos de terra compacta ou de xabre. Escavadas neles e no nivel C subxacente documentáronse as seguintes estruturas:

❖ Unha gabiá de trazo rectilíneo que percorre o lateral E da zona escavada. O seu perfil en V e a presenza de buracos de poste asociados parecen indicar que se trata dos restos dunha

→FIGURA 25


Imaxe 3D coa superficie escavada do xacemento

↓FIGURA 26

Debuxo da planta da superficie escavada

↘FIGURA 27

Fotografía aérea da escavación



empalizada. Presenta unha zona de acceso orientada ó SE e continúa ó S da escavación adoptando un trazado curvo. A súa impronta pérdese á altura do eixo do vial.

❖ Dúas gabias paralelas de perfil cóncavo atravesan o xacemento en sentido NW–SE. Parecen cumprir unha función de drenaxe, dado o seu perfil cóncavo e a súa orientación transversal ó sentido da pendente.

❖ Numerosas improntas de buracos de poste de distintos diámetros. Nalgúns casos debuxan trazados rectilíneos ou curvos, se ben nas zonas de maior concentración non se observan formas recoñecibles. Na zona N as improntas aparecen asociadas a pedras de granito de tamaño medio, configurando o basamento dunha construción de planta cadrangular.

❖ O chan dunha cabana circular de 4,5 m de diámetro que presenta unha gabiá perimetral con improntas de buracos de poste situadas nos bordes da gabiá.

❖ Unha estrutura cadrangular semisubterránea e restos dunha segunda, escavadas xunto con varias fosas nun pavimento de terra sobre o que se dispuña un fogar e baixo o que se localizou unha fosa de almacenamento de 1 m de diámetro con dous muíños naviformes no seu interior.

❖ Xunto a estes restos localizáronse varios fogares construídos no nivel C, sobre os pavimentos e no recheo dunha fosa, así como improntas de fosas circulares de pequeno tamaño e profundidade.

❖ Dúas estruturas de combustión ben conservadas, de forma oval de 1 m e 1,5 m de eixo maior, formadas por unha potente capa de cinzas e madeira carbonizada cuberta por unha capa de pedra menuda, así co-

→FIGURA 28

Improntas de buracos de poste

→FIGURA 29

Cimentación e chan de cabana

mo os restos de outras dúas de similar configuración.

❖ Os afloramentos graníticos existentes no lateral NE da zona escavada amosan sinais de aproveitamento consistentes en rebaixes e marcas de extracción de pedra, e foron recollidos fragmentos de canteiría no recheo que colmataba as gabias.

A interpretación das secuencias estratigráficas obtidas, á espera dos resultados das correspondentes analíticas, parece amosar varias fase de uso do xacemento:

#### FASE 1

Correspondente ás estruturas delimitadas pola gabiá de drenaxe situada ó S (conxuntos de buracos de poste con formas circulares e ovais en planta, algúns fogares e un silo no que apareceron dous muíños naviformes). Este ámbito correspóndese coa zona superior da plataforma na que se ubica o xacemento. O uso desta zona, a xulgar polos materiais obtidos, entenderíase desde momentos

→FIGURA 30

Estrutura de combustión

→FIGURA 31

Afloramentos graníticos ó NE





precampaniformes ata os plenamente campaniformes.

A expansión da área de actividade cara o N parece documentarse na aparición dunha zona de hábitat evidenciada por un conxunto de buracos de poste que definen unha planta cuadrangular de, aproximadamente, 4 m de lado, orientada en sentido NW-SE e cortada no seus lados S e W pola construción da gabiá de drenaxe situada ó N da anterior. A superación do espazo delimitado pola gabiá meridional estaría evidenciando un segundo momento de uso.

Nesta secuencia se situarían as estruturas de combustión xa mencionadas.

#### FASE 2

No sector central do xacemento documéntanse unha serie de transformacións que afectarían á maior parte de estruturas escavadas no sustrato, colmatadas por un sedimento de orixe natural. Posteriormente, o uso antrópico desta zona dá lugar á formación dun pavimento superficial que é cortado por varias fosas e un buraco de poste.

#### FASE 3

Estas estruturas son cubertas nun momento posterior polo mesmo nivel de terras que colmata os restantes elementos situados neste sector.

#### FASE 4

Cóbrese a totalidade do xacemento cun sedimento sobre o que se realizan tarefas agrícolas. Boa parte destas transformacións afectarán ó niveis arqueolóxicos.

Pola súa parte, os materiais cerámicos recuperados no xace-

mento de Os Remedios, postos en relación coas datas radiocarbónicas dispoñibles en contextos con repertorios similares, permiten recoñecer, polo menos, tres tradicións cerámicas que podemos inscribir, a súa vez, noutros tantos momentos dentro da Prehistoria Recente:

❖ Así, un primeiro grupo cerámico coincidiría *grosso modo*, dentro do ámbito cultural precampaniforme, no marco da tradición alfareira tipo *Penha* de orixe rexional. Presenta unha produción alfareira caracterizada por un claro predominio das cerámicas decoradas mediante organizacións de tipo metopado e o gusto pola técnica incisa en todas as súas variantes.

❖ Un segundo momento, no que tería a súa aparición as formas de tipo *campaniforme* e que en Os Remedios poden relacionarse ben cos grupos máis clásicos do Campaniforme Internacional ou ben con modelos evolucionados de orixe local.

❖ Por último, e quizais peor caracterizada, destacar a presenza dunha terceira tradición cerámica asimilable, *grosso modo*, á primeira metade do IIº milenio e que supón a aparición de formas características, a transformación das fórmulas decorativas do IIIº milenio e a súa substitución progresiva polas *decoracións plásticas*.

Os materiais cerámicos recuperados no xacemento de Os Remedios, a súa vinculación con outros contextos arqueolóxicos do Noroeste peninsular, permiten apuntar

FIGURA 32

Selección de materiais cerámicos e líticos

un período de ocupación para o mesmo que abarcaría fundamentalmente os últimos tres cuartos do IIIº milenio e o primeiro tercio/mediados do IIº milenio. Por outro lado, e en relación cos aspectos funcionais, obsérvase un predominio das formas de pequeno e medio tamaño que ben podían vincularse co consumo e preparación de alimentos, observándose naquelas formas cerámicas asociadas ó Bronce, a presenza sistemática de recipientes de maior capacidade e acabados máis simples, que ben puideran estar relacionados cas tarefas de almacenaxe. Este feito podería servírnos como dato indirecto, que permite atestiguar certos procesos económicos relacionados coa intensificación da produción.

Respecto á industria lítica, o estudo levado a cabo indica que foi maioritariamente realizada sobre materias primas de orixe local, facilmente recolectables nos arredores do xacemento nun radio inferior ós 6 km. As fontes de aprovisionamento para o caso dos cantos rodados, son os cursos aluviais próximos e o mar (como así foi constatado pola identificación dalgún canto de ortogneis con rodamento de orixe marítimo). Outras materias primas como o sílex, puideron ter tamén orixe local, asociadas a algún filón ou veta de cuarzo existente en áreas próximas.



As características da industria lítica pulimentada, que se concretan na elevada proporción de pezas moi fracturadas e esgotadas (características que, en menor medida, son visibles tamén na industria tallada), plantexan como máis probable a hipótese dun abandono non traumático do asentamento, no cal se desbotaron somentes aquelas pezas que xa non tiñan utilidade ou cuxo transporte a un novo asentamento era pouco rentable.

A modo de comentario final, o estudo do xacemento no seu

momento actual ofrece as seguintes perspectivas:

❖ Respecto a súa funcionalidade, a distribución espacial dos materiais, a súa tipoloxía e o tipo de estruturas descubertas parecen indicar un uso doméstico do espazo restrinxido a zonas concretas do xacemento, diferenciadas doutras dedicadas a actividades de elaboración e almacenaxe. Así, o solo de cabana circular documentado non mostra indicios de uso como lugar

de habitación, sendo razoable supoñer que o seu uso estaría en relación con tarefas do segundo tipo.

❖ O estudo realizado sobre os materiais e a lectura das secuencias estratigráficas poñen de manifesto que a ocupación do espazo escavado foi **de longa duración**. A este respecto, os resultados aportados polo análise dun número significativo de mostras do xacemento serán fundamentais para definir os seus momentos concretos e a organización do espazo adoptada en cada fase.

## FICHA TÉCNICA

ACTUACIÓN	
ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA EN ÁREA NO XACEMENTO CALCOLÍTICO DE MONTE DOS REMEDIOS. MOAÑA, PONTEVEDRA.	
DATAS DA ACTUACIÓN	
14 DE XULLO Ó 31 DE OUTUBRO DE 2003.	
EQUIPO DE TRABAJO	DIRECCIÓN DA ACTUACIÓN
	Andrés Bonilla Rodríguez
	COORDINACIÓN
	Mario César Vila
	ASESORÍA CIENTÍFICA
	Ramón Fábregas Valcarce
	ASESORAMENTO E ESTUDO EDAFOLÓXICO
	Felipe Criado Boado e Antonio Martínez Cortizas
	REXISTRO DE UE, REXISTRO E TRATAMENTO DO MATERIAL ARQUEOLÓXICO
	Nieves Veiga López y Jorge García Méndez
EQUIPO DE TRABAJO	INVENTARIO E CATALOGACIÓN DOS MATERIAIS CERÁMICOS
	Mario César Vila, Jorge García Méndez y Nieves Veiga López
	ESTUDO DOS MATERIAIS CERÁMICOS
	Antolín Gómez Fernández
EQUIPO DE TRABAJO	INVENTARIO, CATALOGACIÓN E ESTUDO DA INDUSTRIA LÍTICA
	María del Mar López Cordeiro
DEBUXO DE CAMPO	
María Méndez Martínez	
DEBUXO DE GABINETE - PLANOS	
Cristóbal Nodar Nodar y María Méndez Martínez	
DEBUXO DE GABINETE - MATERIAIS CERÁMICOS	
Mario César Vila, María Méndez Martínez y Cristóbal Nodar Nodar	
DEBUXO DE GABINETE - MATERIAIS LÍTICOS	
Marta Lago Cerviño	
DEBUXO DE GABINETE - FOTOGRAFÍA	
José Francisco Bonilla Rodríguez	
EQUIPO DE ESCAVACIÓN	
Jorge García Méndez, Miguel Alvarado López, Miguel Angel Muíño Rincón, Víctor Varona Suarez, Guillermo Santamaría Gámez, Susana Goyanes Hermo, Santiago Sempere Serrano, María del Mar Sobral Bernal, Juan Luis López Pérez, Lidia Queipo Salvande, Eva Alvadalejo Iglesias, Brais Xosé Currás Refojos, Javier Telesforo Abal Fernández, Jorge Gómez Martínez, Domingo Carballo Vázquez, David Varona Suarez, Cristóbal Nodar Nodar, Fernando Lago Rodríguez, Ricardo Pérez Fernández, Manuel Pulido Gorrita, Xermán Darriba Barba, Víctor Manuel Vázquez Domínguez, Emma Carballal González, José Carlos Pérez Corral, Daniel Gestido Rial, Francisco Javier Moledo Fernández.	
CONTRATISTA	
UTE Dragados-OCA	

## Neolítico Final / Idade do Bronce: Os Laguños

Patricia Mañana Borrazás e F. Xavier Chao Álvarez

|  
59  
|

### A Afección

A existencia deste xacemento xa era coñecida dende mediados dos anos noventa, cando apareceu material prehistórico, cerámico e lítico, nos perfiles dunhas pistas entre *A Portela* e *Coiro*. Esta área, catalogada coma o asentamento ó aire libre de **Os Laguños** (GA36008037), adscrito á Idade de Bronce, tiña unhas dimensións indeterminadas, aínda se que lle supuña unha extensión duns 200 m de radio en torno ós puntos concretos de localización de material.

Esta área catalogada sitúase a uns 300 m ó norte da traza do corredor do Morrazo, aínda que, cando se avaliou o proxecto do corredor, valorouse que aínda que estivese lonxe, as obras poderían chegar a afectalo, xa que este é un tipo de xacemento de ampla extensión.

A causa da identificación desta afección, iniciouse unha serie de actuacións dentro do control e corrección das obras, destinadas a avaliar o grao real de afección, explorándose toda a superficie que ía a alterar o Corredor na parte máis próxima ó xacemento, ó longo de 250 m da traza. Nas dúas intervencións executadas, só a parte E da área intervida foi a que proporcionou evidencias claras dunha ocupación prehistórica de certa entidade.

### As Intervencións

Combináronse **varias estratexias de exploración arqueolóxica** da área de cautela, de

distinto grao e metodoloxía, co obxecto de valorar a presenza e intensidade das evidencias arqueolóxicas, así como documentalas:

*prospección superficial intensiva*, que permite recuperar os restos que aparecen na superficie do terreo e nas zonas remexidas;

*gabias mecánicas*, abertas con pala escavadora e que deixan á vista a profundidade do chan e estruturas escavadas no horizonte mineral;

*sondaxes manuais*, nas que se retiran manualmente os depósitos arqueolóxicos e naturais en áreas reducidas, co obxecto de avaliar dunha maneira máis precisa a presenza ou non de restos arqueolóxicos nunha área máis ampla, o seu contexto arqueolóxico (se se atopan en posición orixinal ou remexida);

*apertura mecánica de grandes áreas*, na que, nunha primeira fase, se retirou todo o chan máis actual, sendo limpada a man a zona de transición ó terreo natural;

*apertura mecánica da totalidade da traza ata o horizonte mineral*, limpándose a man a transición a este nivel natural, có que é




↑FIGURA 33

Imaxe 3D coa superficie escavada e a posible área de dispersión do xacemento


↓FIGURA 34


Perfil topográfico do emprazamento, coas distintas áreas que definen o xacemento



↓FIGURA 35

Debuxo da planta das dúas intervencións realizadas e das evidencias documentadas





←FIGURA 36  
Estrutura arqueolóxica exhumada na 1ª intervención

↑FIGURA 37  
Reintegración de fragmentos cerámicos

↗FIGURA 38  
Pequeno machado de pedra

↓FIGURA 39  
Debuxo da planta e perfil das estruturas escavadas na 2ª intervención

posible identificar máis claramente estruturas escavadas no xabre que puideron pasar desapercibidas na fase anterior; *escavación manual* dos restos arqueolóxicos identificados, o que permite caracterizar de maneira precisa a morfoloxía e composición dos restos, así como recuperar a cultura material asociada, identificar relacións estratigráficas, etc. Esta metodoloxía aplicouse nas tres estratexias anteriores.

### 1º Intervención

Nos meses de xullo e agosto de 2003 realizamos unha escavación arqueolóxica na que documentamos un espacio ocupado durante o IV–III milenio a C. Esta ocupación evidénciase pola aparición de pequenas gabias escavadas no xabre que contiñan materiais no seu interior depositados intencionadamente. Pola súa forma e disposición poderían efectivamente ser uns fondos de cabana.

O material que aparece son anacos de cerámica de polo menos 12 cuncas distintas, de forma semiesférica e globular e cun diámetro de boca entre 8 e 32 centímetros. Son cuncas feitas á man, sen decoración pero coas paredes alisadas ou bruñidas. Aparece tamén ma-

terial de pedra do que destacan muíños de man e unha machadiña pequena.

### 2º Intervención

A última intervención que se desenrolou nesta área, en outubro de 2003, revelou que había restos de actividade prehistórica principalmente en dúas zonas da área arqueolóxica (Norte e Sueste) na que apareceron unha gran cantidade de buratos de poste, fosas moi regulares, documentándose ademais en toda a área numerosas gabias de épocas recentes que parece que ser-





viron para conducir a auga, moi abundosa neste punto.

A área de maior concentración de estruturas prehistóricas está situada ó sudeste da área intervída, cunha extensión de 30 x 33 m, predominando nela os buratos de poste (máis de 100). O material recuperado nesta intervención é pouco definitivo: as pezas máis destacadas son líticas en cuarzo localizados no recheo dos buratos, algúns simples lascas.

Coma hipótese inicial, podemos dicir que estamos, a lo menos, ante os restos de tres cabanas feitas con postes de madeira. A cantidade de buratos documentados, a superposición dalgún deles, indícanos que esta área foi reocupada, moi probablemente porque neste punto existía algún recurso importante para o seu medio de vida.

A disposición dos elementos arqueolóxicos, sen evidencias cara o S, así como a forma da topografía, moito máis escarpada neste punto, fainos pensar que a maior parte do xacemento aínda se atopa ó N da área afectada polas obras.

### ***Os xacementos ó aire libre da Prehistoria Recente galega***

Os Laguiños responde a un modelo de asentamento ó aire libre que se repite para outros

**FIGURA 40**

Secuencia dos traballos de intervención arqueolóxica

sitios galegos, e que tamén apareceron aquí no Morrazo. Sen material arqueolóxico moi definitivo, e sen dispor aínda das datacións por C14, non podemos aventurar máis que un período cronolóxico moi amplo para este xacemento, entre o Neolítico Final – Idade do Bronce (3.000 – 1.500 a.C.).

Polo que sabemos para este tipo de asentamentos, esta xente vive dunha agricultura sinxela: preparan o terreo coa tala e queima da vexetación, empregan ferramentas como aixadas (ligoñas) de pedra e paos para cavar, polo que buscan chans pouco profundos, que non se encharcan e fáciles de traballar, tendo que cambiar de lugar de cultivo cada poucos anos xa que as terras teñen que descansar. Xa teñen gando, aínda que sen estabular, ademais de aproveitar toda a ampla gama de recursos que atopan no seu entorno (caza, recolección, pesca, marisqueo, etc.). Buscando todos estes recursos, aséntanse, sobre todo, nas actuais zonas de monte (de chans lixeiros), preto de zonas húmidas, antes que nos fondos dos vales ou cumios das serras.



**FIGURA 41**

Mullón de pedra recuperado na 2ª intervención





Organizaríanse en aldeas abert-  
tas, feitas de madeiras, barro,  
etc. que abandonarían cando se  
esgotasen os recursos, aínda  
que todo indica que volverían a  
estes sitios despois dun tempo.

**FIGURA 42**  
Estruturas do xacemento de Os  
Laguiños

Ó estar feitas de materiais pere-  
cedeiros, destas aldeas só nos  
quedan os restos inorgánicos da  
súa actividade (cerámica, pedras)  
e as pegadas da súas escavacións  
(fosas, canais, buratos, etc.)

## FICHA TÉCNICA

### PRIMEIRA INTERVENCIÓN

EQUIPO DE TRABAJO	ACTUACIÓN	
	PROXECTO DE SONDAXES ARQUEOLÓXICAS VALORATIVAS NO XACEMENTO DE OS LAGUIÑOS. CANGAS, PONTEVEDRA	
	CLAVE DE EXPEDIENTE	
	CJ 102A 2003/353-0	
	DATAS DA ACTUACIÓN	
	14 DE XULLO A 5 DE AGOSTO DE 2003	
	REALIZACIÓN DOS TRABALLOS	
	ANTA DE MOURA, S.L. E TOMOS CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN, S.L.	
	DIRECCIÓN DA ACTUACIÓN	
	Francisco Javier Chao Álvarez	
	AXUDANTE DE DIRECCIÓN	
	Roberto Bartolomé Abraia e Jorge Juan Constela Doce	
	ARQUEÓLOGO AUXILIAR	
	Miguel Ángel Abraira Pérez	
	TÉCNICO DEBUXANTE	
	Nuria Calo Ramos	
EQUIPO DE ESCAVACIÓN/ AUXILIARES ESPECIALISTAS		
Eva Albaladejo Iglesias, Juan Carlos Amil Baltar, Higinio Araújo Feijoo, Alejandro Gómez Rodríguez, Manuel Leonardo Martínez Pazos, Nemesio Osorio Ramos, José Carlos Pérez Corral, María Paz Veiga LópezMario César Vila, Jorge García Méndez y Nieves Veiga López		
CONTRATISTA		
UTE Dragados-OCA		

### SEGUNDA INTERVENCIÓN


EQUIPO DE TRABAJO	ACTUACIÓN	
	ESCAVACIÓN NA ÁREA DE CAUTELA DE OS LAGUIÑOS CANGAS DE MORRAZO, PONTEVEDRA	
	CLAVE DE EXPEDIENTE	
	CJ 102A 2003/566-0	
	DATAS DA ACTUACIÓN	
	20 OUTUBRO Ó 7 DE NOVEMBRO DE 2003	
	REALIZACIÓN DOS TRABALLOS	
	LABORATORIO DE ARQUEOLOXÍA DA PAISAXE DO INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO (CSIC – XUNTA DE GALICIA)	
	DIRECCIÓN DA ACTUACIÓN	
	Patricia Mañana Borrazás.	
	AXUDANTE DE DIRECCIÓN	
	Cristina Cancela Cereijo e Camila Gianotti García	
	EQUIPO TÉCNICO	
	Irina Capdepont Caffa e Elena Cabrejas Domínguez	
	EQUIPO DE ESCAVACIÓN	
	Roberto Barcia Paredes, Mº Olga Bouzón López, Isa Cabrera Tilve, Ana I. Codesal Baamonde, Genoveva Díaz Fernández, Alexa García Pose, María Eugenia Martín Sanjuán, Darío Peña Pascual, María Puga Lorenzo, Marco A. Rivas Nodar, Andrés Teira Brión	
	CONTRATISTA	
	UTE Dragados-OCA	

## Idade do Bronce: Devesa de Abaixo – Os Torradoiros

Pablo Vázquez Liz

O sitio de «A Devesa de Abaixo» sitúase na zona suroriental da península do Morrazo, en concreto na ladeira leste da dorsal de estribación que descende desde o Monte Faro de Domaio (628 m.s.n.m.) ata o litoral na Ría de Vigo. Localízase a unha altitude de 169.68 m.s.n.m., a uns 500 m ó N do lugar de A Costa, parroquia de S. Pedro de Domaio (Moaña, Pontevedra), na marxe dereita da pista que dende o lugar de Palmás ascende ó alto de Monte Faro de Domaio. Emprázase na parte alta dun pequeno esporón de dirección NL–SW, que destaca topográfica e visualmente no entorno circundante, principalmente por atoparse delimitado ó W e ó N por senllas vaguadas.

As primeiras evidencias arqueolóxicas relacionadas co sitio de A Devesa de Abaixo, correron a cargo de A. Costa e do Grupo Arqueolóxico do Morrazo, quen no ano 1981, detectou na caixa da pista de Palmás a Carballido cinco pezas de materiais cerámicos campaniformes. Posterior-



↑FIGURA 44  
Perfil topográfico do  
emprazamento do xacemento

mente, foi incluído na tese de licenciatura de Suárez Otero (1986) como *xacemento indeterminado da Idade do Bronce*. No ano 1990 incorporouse ó inventario de xacementos arqueolóxicos da comunidade galega, co código de identificación **GA36029002**. Por último, foi engadido á tese doctoral de Fidel Méndez, quen o clasifica, en función dos indicios arqueolóxicos reflectidos anteriormente, como *po-boado campaniforme*.

Estas circunstancias fixeron que no estudo arqueolóxico previo ás obras do Corredor do ano 2001, se establecera

unha ampla *área de cautela arqueolóxica*, propoñendo como medidas correctoras a realización dunha serie de *sondaxes valorativas* na área afectada para determinar se se trataba de restos illados ou dun xacemento e, nese caso, realizar unha *escavación arqueolóxica en área*.

Os traballos valorativos, concretados na apertura de 16 sondaxes manuais de 4x2 m, permitiron identificar vestixos arqueolóxicos en dúas das catro zonas nas que foi segmentada a ampla área de intervención (*retícula de 350 m x 120 m*), o que obrigou a realizar unha *escavación en área* que se prolongou durante case 4 meses, ata esgota-los niveis arqueoloxicamente fértiles. As zonas positivas se corresponden con A Devesa de Abaixo, onde foi escavada manualmente unha superficie de 1.250 m<sup>2</sup> e Os Torradoiros, con 850 m<sup>2</sup>.



←FIGURA 43  
Imaxe 3D coa superficie escavada e a posible área de dispersión do xacemento

→FIGURA 45  
Vista do emprazamento de A Devesa de Abaixo








FIGURA 47  
Debuxo da planta da superficie  
escavada en A Devesa



A escavación arqueolóxica amosou no sitio de «*A Devesa de Abaixo*», un *xacemento funerario-ceremonial*, en función dos rasgos estratigráficos, das estruturas arqueolóxicas, así como dos elementos compositivos que as articulan, que se adscribe á Idade do Bronce. O xacemento está conformado por un área funeraria ou necrópole composta por 3 estruturas funerarias e 2 de combustión, en rebaixes de planta elíptica practicados no terreo natural, que se sitúan a menos de 1,5 m un do outro. A totalidade dos cortes foron acondicionados a partir dun eixo construtivo, definido por unha circunferencia duns 5 m de diámetro, que os atravesa polo seu centro. A estrutura que ocupa unha posición máis central é a que dispón dunhas maiores dimensións (1,86 x 1,76 x 0,30 m) e presenta unha orientación NW–SL. Trátase dunha fosa na que foi colocado un depósito de carbóns e cinzas arredor das paredes, resultando unha planta anular e quedando o sector central baleiro. A este nivel, a fosa é cuberta cunha potente capa de pedras. A estrutura situada ó NL é moi similar na súa composición estratigráfica á anterior, coa salvedade de que o depósito de carbóns e cinzas ocupa todo o


FIGURA 47

Fotografía da planta dunha das estruturas funerarias

fondo da fosa e a parte inferior das paredes. Presenta unhas dimensións máis reducidas (1,16 x 1,10 x 0,30 m). Ó NW da grande fosa central, o pé dun pequeno fogar, foi acondicionada outra fosa, separada da anterior por unha acumulación de pedras ou *paraventos*. No fondo foi disposto un nivel de terra carbonizada sobre a que se ergueu unha pequena estrutura lítica de planta rectangular (0,70 x 0,60 x 0,27 m), conformada por un só nivel de pedras de gneis, servindo de cu-

FIGURA 48

Debuxo do perfil da estrutura



berta a colocada ó NL. Posteriormente, o rebaixe é colmatado cun depósito de terra de cor escura, orgánica. O nivel de carbóns e cinzas presente en tódolos enterramentos, aínda cunha maior definición nos dous primeiros, pode corresponderse *cos restos da cremación dun ou varios individuos*, ou ben coa combustión de materia vexetal que é aproveitada como *solo de deposición dunha ou varias inhumacións*. A totalidade das estruturas reñadas carecían de enxoval.

As *fogueiras* tamén se acondicionan en fosas abertas no terreo natural, nas que se realiza a combustión de material leñoso pero sen ocupa-la totalidade da base. Trátase en liñas xerais de fogueiras de pouca intensidade, xa que non se documenta rubefacción nin nas paredes do corte nin nas pedras que as selan.

O conxunto de estruturas é delimitado por un *nivel de pedra irregular de planta curviliña*, procedente do afloramento de gneis granítico que demarca polo L–NL o xacemento, que é selado cun *depósito arciloso* (entre 15–30 cm). Posteriormente, é cuberto cunha *capa de pedra* (duns 10–15 cm de espesor), que se estende por todo o entorno da área funeraria, dando como resultado final unha planta curviliña, tendente a elíptica, adaptada á disposición da unidade fisionográfica na que se enclava, o



que ocasiona que dispoña dun eixo N-S (35,60 m) moito máis desenvolvido co L-W (13,30 m).

A escasos metros ó W da necrópole, erixiuse unha pequena estrutura lítica de enterramento ou *cista*. O seu sistema construtivo consiste na apertura no terreo natural dunha fosa rectangular pouco profunda, revestida en cada un dos seus laterais por unha laxa colocada verticalmente, reforzada no lado suroccidental por pedras de tamaño medio a modo de *calzos*. No espazo interior (55 x 23–32 x 41cm) e sobre o mesmo terreo natural, levaríase a cabo unha *inhumación infantil ou quizáis inhumacións secundarias, posiblemente do cráneo* (cista do Castro de Chao de S. Martín, Grandas de Salime (Asturias) – S. VIII B.C.; algúns grupos de cistas de Huelva), dadas as dimensións do espazo e a ausencia de indicios arqueolóxicos que fagan pensar noutro tipo de ritual funerario, principalmente cremación. Posteriormente, o espazo funerario cubríuse cunha laxa de maiores proporcións a modo de tampa, apoiada nas pedras laterais. Atopábase perfectamente inte-

grada na capa de pedras de revestimento, sobrealzada uns 20 cm, sendo perfectamente distinguible no conxunto do xacemento, ó que axudaría a colocación a escasos centímetros ó S dunha pedra de forma cónica, cos laterais desvastados, duns 60 cm de alto, a modo de *estela* sinalizadora, conferíndolle quizáis propiedades apotropaicas. Non forneceu ningún indicio de enxoval, o que pode deberse ás remocións de que foi obxecto en época posterior, ou a que simplemente carecera del, como ocorre en moitas necrópolis de cistas do SW peninsular. Por último, a uns 11,84 m ó SW do límite da estrutura lítica de revestimento, foi acondicionada unha *fogueira* sobre o terreo natural, e preparada unha *estela* de aspecto antropomorfo, de 1,24 m de longo, que non chegou a ser rematada.

#### ↓ FIGURA 49

Fotografía da cista funeraria

#### → FIGURA 50

Debuxos da composición da cista



Os datos reflectidos indican que se trata dun *xacemento de desenvolvemento horizontal*, o que pode facerse extensivo á práctica totalidade de unidades estratigráficas que o integran, pois a potencia máxima non sobrepasa os 70 cm.

O lugar de procedencia do grupo ou grupos sociais que acondicionaron e utilizaron a área funeraria, parece atoparse a uns 130 m ó SW, nun rechán a media ladeira e a unha cota superior, o que permite que sexa perfectamente visible a





FIGURA 51

Secuencia dos traballos de intervención arqueolóxica

área destinada a enterramento e a outras actividades vinculadas. Tal inferencia fundaméntase nos resultados arqueolóxicos acadados na outra das zonas que forneceu indicios na fase valorativa, coñecida como «*Os Torradoiros*», localizado fisiográficamente en ladeira. A súa escavación permitiu documentar un *depósito coluvial*, de pedras de gneis de pequeno tamaño e distribución irregular, ó que se asociaba abundante material arqueolóxico, principalmente cerámico, adscrito ó Bronce Inicial, que segundo tódolos indicios provén do rechán mencionado anteriormente, no que se dispoñía un asentamento ó ar libre como parece corroborar a identificación dalgún fragmento cerámico no seu entorno, así como a propia funcionalidade do-

méstica que presenta algunha das pezas recuperada en Os Torradoiros. Así mesmo, foi documentada unha *estrutura de pedra* de planta elíptica (5,74 x 4,89 m), á que se vincula unha *importante concentración cerámica* de máis de 600 fragmentos, pertencentes a recipientes diversos.

FIGURA 52

Depósito de pedras de Os Torradoiros



En canto á **cultura material**, indicar que foron recuperadas **4.458 pezas**, das que unhas 2.781 se corresponden con material cerámico e as 1.679 restantes con líticos<sup>6</sup>. No material cerámico destacan tres categorías formais: a *cerámica lisa*, a *cerámica decorada campaniforme*, coas pastas máis finas e a decoración máis coidada e complexa, e a *cerámica decorada non campaniforme*, cunha decoración máis simple. Precisamente, esta categoría formal constitúe unha das grandes novidades do xacemento de A Devesa, ó presentar unhas características apenas coñecidas ata o momento na Prehistoria galega. Os rasgos da cerámica de A Devesa apuntan a un momento avanzado da Idade do Broce. As de Os Torradoiros son máis propias dun momento antigo da Idade do Bronce, destacando o fragmento dun vaso que parece corresponderse cunha *vasilla-forno*, recipiente para a transformación inicial do mineral de cobre en metal bruto, o fragmento dun-

6 Para valorar en detalle as características da cultura material recuperada, ver neste mesmo volume o capítulo “Estudo da cultura material do xacemento de A Devesa de Abaixo – Os Torradoiros”.

ha *pesa de tear*, e fragmentos que poden pertencer a algunha *tampa*, que están indicando o desenvolvemento de actividades domésticas (metalúrxica, textil e cociña), propias dun asentamento habitacional.

No *conxunto lítico* de A Devesa sobresa a produción tallada sobre seixo, en particular restos de talla, en detrimento da produción pulida, moi reducida, destacando a presenza dun machado e fragmentos doutros, así como moventes e durmentes de muiños en granito, como elementos integrantes da capa de pedra que reviste o xacemento.

O feito de que a práctica totalidade do material cerámico re-

cuperado en A Devesa, que integra unhas *70 vasillas*, se asocie á capa de pedra de revestimento da área funeraria e entorno, indica que foron *colocadas ou rotas sobre a mesma*, a modo de *ofrendas* ou actividades cerimoniais ligadas a prácticas funerarias, proceso que en función dos rasgos técnicos do material e do considerable número de cacharros, puido prolongarse ó longo dun período de tempo dilatado.

Polo tanto, e a modo de compendio, suliñar a documentación dun importante *conxunto arqueolóxico* integrado por unha *zona de hábitat co seu correspondente cemiterio*, elemento este último que resulta formal e estruturalmente excepcional con respecto ás manifestacións funerarias da Prehistoria Recente rexistradas ata o momento no NW da península ibérica, e que ven a suliñar, se cabe aínda máis, a *variabilidade* e a *complexidade* que caracteriza a aquelas, que se traduce na adopción de fórmulas múltiples, que parecen reflecti-lo grande dinamismo das comunidades, cando menos, no eido simbólico-relixioso.



FIGURA 53

Selección de materiais cerámicos e líticos

## FICHA TÉCNICA

EQUIPO DE TRABAJO	ACTUACIÓN
	PROXECTO DE SONDAXES ARQUEOLÓXICAS VALORATIVAS NO XACEMENTO DE OS LAGUIÑOS. CANGAS, PONTEVEDRA
	CLAVE DE EXPEDIENTE
	CJ 102A 2004/004-0
	PERIODO DE REALIZACIÓN
	14 DE XULLO A 5 DE AGOSTO DE 2003
	REALIZACIÓN DOS TRABALLOS
	ANTA DE MOURA, S.L. E TOMOS CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN, S.L.
	DIRECCIÓN DA ACTUACIÓN
	Francisco Javier Chao Álvarez
	AXUDANTE DE DIRECCIÓN
	Roberto Bartolomé Abraia e Jorge Juan Constela Doce
	ARQUEÓLOGO AUXILIAR
	Miguel Ángel Abraira Pérez
	TÉCNICO DEBUXANTE
	Nuria Calo Ramos
	EQUIPO DE ESCAVACIÓN/ AUXILIARES ESPECIALISTAS
	Eva Albaladejo Iglesias, Juan Carlos Amil Baltar, Higinio Araújo Feijoo, Alejandro Gómez Rodríguez, Manuel Leonardo Martínez Pazos, Nemesio Osorio Ramos, José Carlos Pérez Corral, María Paz Veiga López
	CONTRATISTA
	UTE Dragados-OCA



## Petroglifos: Viveiro, Devesa do Rei e Gondarán

*Yolanda Seoane Veiga e Patricia Mañana Borrazás*

### *As obras do corredor afectan ós petroglifos*

As actuacións desenvolvidas nos petroglifos de *Devesa do Rei*, *Gondarán* e *O Viveiro* derívanse da localización dos mesmos durante os traballos de Control e Seguimento Arqueolóxico do Corredor do Morrazo. Estes gravados estaban situados no interior ou no límite da traza, polo que a construción desta infraestrutura ía destruílos. Con todo, o Corredor transcorre preto de 14 petroglifos máis, que teñen un total de 42 rochas gravadas.

A magnitude da afección a estes petroglifos, xunto co seu interese patrimonial, obrigaron a adoptar unha serie de medidas correctoras para garantir a súa conservación. Unha vez estudado cada un dos casos e, posto que a dirección da obra desestimou por razóns técnicas a modificación do trazado, procedeuse á execución dun proxecto cuxo fin era a documentación e a salvagarda dos petroglifos que a continuación describimos.

### *Cómo son os gravados afectados*


*Petroglifo de O Viveiro* estaba situado na vertente NE dun pequeno outeiro moi pedregoso situado ao S do castro do Alto das Cidades. No entorno hai máis rochas con gravados, como os Petroglifos de A Escada cara o SE ou o Petroglifo de Pozo do Garrido ó NE.

Este petroglifo foi localizado durante o control e seguimento arqueolóxico, antes de que fose afectado polas obras.

Os motivos gravados concéntrase na parte central dunha laxa que está a ras de chan, nun punto plano do rochedo que queda afundido e rodeado polas propias rochas do outeiro. Está composto principalmente por **5 rebaixes cóncavos** de paredes moi redondeadas que ocupan una superficie rectangular de 40 x 55 cm, orientado o eixo maior deste rectángulo de NE-SW. Os dous maiores teñen forma alongada e sitúanse na parte central do motivo, dous máis do mesmo ancho aínda que menos longos sitúanse ó E, e outro máis que ocupa o ancho dos dous rebaixes principais sitúase ó N deles.

FIGURA 54

Fotografías e calco do petroglifo de O Viveiro







**Petroglifo de Devesa do Rei** situábase a ladeira NE do Alto da Cidades, nun pequeno espolón bastante chan, de sentido N-S que limita unha pequena valgada ó E, atopándose a pedra do petroglifo no borde do espolón cara o E. Aínda que se trataba dun xacemento xa coñecido, atopábase oculto pola vexetación, o que impedíu que fose incluído no Estudo de Impacto Arqueolóxico.

Trátase dun afloramento de gran tamaño cunhas dimensións superficiais de 11,10 m de N a S e 8,20 m de E a W. A orientación do eixo maior do bloque era NW-SE cara a valgada do E. O gravado principal estaba inscrito na parte central e máis cóncava da rocha, trátase dun **reticulado** de 1,87 x 1,12 m aproximadamente, orientado cara ó S. Este reticulado atópase entre varias gretas que cruzan de N a S a rocha, e moitas veces os surcos rematan nestas diaclasas. Rodeando este motivo existían unha serie de sucus en forma de cruz e con forma irregular que orixinalmente quizais formasen parte do reticulado pero é probable que, debido á erosión, se viran aillados na actualidade. Moi preto do reticulado pola parte sur aparecía un suco en forma de círculo. Na parte superior do

**FIGURA 55**

Imaxes da escavación e calco do petroglifo de Devesa do Rei

reticulado (cara o N) aproximadamente a 30 cm deste, atópábanse dúas **figuras abstractas**, unha delas circular, *con forma de «G» invertida* e a outra case rectangular con un suco que a divide transversalmente, as súas medidas son de 15 x 12 cm e 27 x 12 cm respectivamente. A parte disto identificáronse durante as labores de escavación novos gravados, o primeiro deles atópase no lado leste da rocha, na parte superior dunha superficie inclinada cara o S. Trátase dun motivo abstrato de 25 x 7 cm, que se compón dun *círculo cun apéndice que se corta por unha liña transversal*. Abaixo deste motivo tamén se atopou un suco con forma de semicírculo. De novo na parte SE da rocha, nunha zona bastante afectada pola erosión atopouse un reticulado de pequeno tamaño (25 x 35 cm) incompleto polo mal estado de conservación da rocha. Por último na zona W apareceron o que puideran ser dúas posibles cazole-



tas de aproximadamente 4 cm de diámetro e 1 cm de profundidade, aínda que a súa autenticidade é moi dubidosa polo seu mal estado de conservación, podendo tratarse de simples rebaixes naturais.

**Petroglifos de Gondarán** atópanse situados nunhas laxes a ras de chan na zona alta do outeiro denominado Monte do



**FIGURA 56**  
Fotografías e calco dos  
petroglifos de Gondarán

Prado. Nesta zona hai un conxunto de 6 rochas con gravados, dúas xa coñecidas e catro descubertas durante o seguimento, a raíz dunha actuación especial de limpeza e prospección intensiva. As obras afectaron directamente a dous petroglifos; o primeiro deles presenta un único gravado, unha pequena **cruz grega con cazoletiña** central cunha lonxitude de brazos de 9 e 8 cm, e cunha profundidade do suco de 3 cm.

No segundo, identificáronse 6 **cazoletas**, 3 delas ben definidas cunhas medidas de 4,5 cm de diámetro e entre 0,25 cm e 1 cm de profundidade, outras 2 son dúbidas podendo estar afectadas polo impacto dun punteiro metálico. A última das cazoletas aparece na parte norte da rocha cunhas dimensións aproximadas de 4cm de diámetro e 1 cm de profundidade. Nesta pedra tamén se identificaron diversas marcas de extraccións así como numerosos impactos de punteiro metálico

### ***A intervención: escavación, extracción e reubicación das rochas gravadas***




Ademais da documentación gráfica dos gravados, realizouse a **escavación arqueolóxica** dunha área ó redor das rochas co obxecto de:

- ❖ Caracterizar máis exhaustivamente o elemento e o seu contexto.
- ❖ Comprobar a existencia de evidencias arqueolóxicas.
- ❖ No caso de que aparecesen, definir a súa morfoloxía, delimitación espacial e propoñer hipóteses acerca da súa orixe.
- ❖ Lectura completa e detallada da secuencia estratigráfica atendendo tanto a aspectos formais como arqueolóxicos.

As superficies escavadas variaron en función das dimensións da rocha, tomando como punto central da área intervida a propia rocha gravada. Ademais de aportar información contextual, a escavación servía para limpar o entorno do soporte na procura das diaclasas naturais polas que provocar a ruptura para a súa extracción.

Os **resultados** das escavacións evidenciaron zonas moi desmanteladas polas actividades extractivas dos canteiros en época moderna, sobre todo nos petroglifos de **Gondarán**. A secuencia estratigráfica rexistrada nos tres xacementos é moi sinxela, con todo, documentáronse materiais interesantes, coma no caso de **O Viveiro**, onde apareceron dous elementos pulidos que poderían ser as pedras coas que se fixeron os rebaixes deste petroglifo, xa que coinciden as dimensións, sendo posible que sexan mans de muíño e os gravados sexan a parte durminte dun proceso de moenda.

Unha vez rematada a escavación procedeuse á **extracción** mediante a perforación progresiva dos soportes e a introdución de cemento expansivo nos ocos, de xeito que se fosen xerando bloques independentes para proce-



der ó seu traslado e posterior reubicación. No caso de *Devesa do Rei*, as grandes dimensións da rocha foron as que obrigaron a considerar xa de partida a necesidade de seccionar o afloramento en bloques independentes dado que era inviable a extracción nun só, tanto polas dimensións do mesmo como polo grao de alteración da superficie da rocha, que presentaba numerosas diaclasas e lixos que fan producir fracturas incontroladas. Lamentablemente e a pesar das precaucións, o mal estado de conservación do soporte provocou a rotura en fragmentos menores da área insculturada, debido fundamentalmente á profundidade das afeccións provocadas polos axentes climatolóxicos externos. Pola contra, no caso dos petroglifos de *Gondarán*, conseguíuse extraer as rochas integramente sen causar ningún dano sobre os gravados. A rocha de *O Viveiro* tratouse de quitar nun bloque, que partíu limpamente en dous, quedando nun deles o gravado.

Despois da súa extracción, as rochas soporte quedaron **depositadas** en dous lugares diferentes: no caso de *Gondarán* trasladáronse á escola taller de canteiros de Cangas, e no caso de *Devesa do Rei* e de *O Viveiro*, nas proximidades do lugar de ubicación orixinal, dentro da área de expropia- ción da obra, sendo a empresa construtora a encargada da súa custodia. Os fragmentos menores de *Devesa do Rei* foron levados por seguridade, ó Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

A actuación rematará coa **reubicación** dos petroglifos no re-

**FIGURA 57**  
Secuencia de estración do petroglifo de Devesa do Rei

mate das obras do Corredor. No caso de *Gondarán* e de *O Viveiro*, o éxito da extracción garante que a reubicación se poida facer tal e como estaba estipulada no proxecto inicial, e dicir, colocándoas nun lugar cunha posición e orientación similares á orixinal, adecuando o seu entorno. Ademais, atendendo ós requerimentos da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, está previsto realizar a posta en valor dos elementos, explicando as súas condicións e características, coa colocación de carteis e procurando que teñan un bo acceso, ademais de que poidan ser incluídos en futuros roteiros naturais e culturais. No caso de *Devesa do Rei*, ante a imposibilidade de reconstruír a rocha tal e como era en orixe, procederase á reubicación dos bloques grandes que conteñan gravados, e os fragmentos menores con gravados serán depositados no museo ou centro arqueolóxico correspondente.

### Valoración

O obxectivo fundamental desta serie de actuacións foi a de rescatar ós petroglifos da súa destrución inminente polas obras do Corredor. O contexto físico dos gravados foi parcial ou totalmente destruído, pero as actuacións arqueolóxicas que se realizaron a causa de esta





afección fixeron posible unha mellor caracterización dos mesmos, tanto pola documentación exhaustiva, con fotografía, calco, rexistro centimétrico da topografía, etc., como pola escavación arqueolóxica.

Polo xeral, este tipo de representacións adscribíse á Idade do Bronce, aínda que ultimamente as investigacións apuntan a que tamén podían ser feitos en épocas máis recentes coma a Idade do Ferro. A parte do interese dos gravados, de como están colocados na rocha, ou do tipo de motivos inscritos, etc. rexistráronse os restos de actividade

que se conservaban nas súas proximidades. A escavación do seu entorno inmediato máis o propio seguimento das obras, nos que se revisan todos os terreos removidos en busca de indicios arqueolóxicos, permitiu advertir que non existen restos importantes de actividade prehistórica relacionada con estes elementos: os poboados prehistóricos que se coñecen no Morrazo están alonxados do emprazamento dos petroglifos. O único sitio destacado é o Castro de As Cidades, moi preto dos petroglifos de *O Viveiro* e *Devesa do Rei*, aínda

que en principio é un asentamento posterior á época na que se gravaron estes petroglifos.

A nova ubicación non será exacta á orixinal, pero tratará de reproducir as condicións nas que se atopaban os petroglifos, co que se pretende devolverlle algo do contexto paisaxístico a estes elementos patrimoniais. A cartelería que acompañará ós petroglifos reubicados terá unha información sobre o propio petroglifo e a sociedade na que se creou, co que se lle dará un contexto histórico que explique a súa función social.

## FICHA TÉCNICA O VIVEIRO

EQUIPO DE TRABAJO	ACTUACIÓN
	ESCAVACIÓN, TRASLADO E POSTA EN VALOR DO PETROGLIFO DE O VIVEIRO. MOAÑA, PONTEVEDRA.
	CLAVE DE EXPEDIENTE
	CJ 102A 2003/500-0
	DATAS DA ACTUACIÓN
	22 Ó 29 DE SETEMBRO DE 2003. ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA
	REALIZACIÓN DOS TRABALLOS
	LABORATORIO DE ARQUEOLOXÍA DO INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO (CSIC-XUGA). UNIDADE ASOCIADA, LABORATORIO DE PATRIMONIO, PALEOAMBIENTE E PAISAXE (IIT, USC)
	DIRECCIÓN DA ACTUACIÓN
	Patricia Mañana Borrazás
EQUIPO DE TRABAJO	AXUDANTE DE DIRECCIÓN
	Irina Capdepon Caffa
	EQUIPO DE TRABAJO
	Genoveva Díaz Fernandez, Teresa Iglesias Villaverde e Rocío Varela Pousa
	FOTOGRAFÍA
	Equipo de campo
	ESTUDOS DOS MATERIAIS
	Sofía Baqueiro Vidal, M <sup>a</sup> Pilar Prieto Martínez
	CONTRATISTA
	Corsan Corviam Construcción, S.A. e Taboada y Ramos, S.L. "UTE MORRRAZO"

# FICHA TÉCNICA DEVESA DO REI

EQUIPO DE TRABAJO	ACTUACIÓN		ESCAVACIÓN, TRASLADO E POSTA EN VALOR DO PETROGLIFO DE DEVESA DO REI.MOÑA, PONTEVEDRA.
	CLAVE DE EXPEDIENTE		CJ 102A 2003/527-0
	DATAS DA ACTUACIÓN		13 DE OUTUBRO Ó 12 DE NOVENBRO DE 2003. ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA
	REALIZACIÓN DOS TRABALLOS		LABORATORIO DE ARQUEOLOXÍA DO INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO (CSIC-XUGA). UNIDADE ASOCIADA, LABORATORIO DE PATRIMONIO, PALEOAMBIENTE E PAISAXE (IIT, USC)
	DIRECCIÓN DA ACTUACIÓN		Yolanda Seoane Veiga
	AXUDANTE DE DIRECCIÓN		M. Elena Taboada Durán
	EQUIPO TÉCNICO		Teresa Espejo Guardiola, Juan Angel Anca Calvo, Óscar Alonso Tejedor
	EQUIPO DE TRABAJO		Estíbaliz García Gómez, Mª Isabel Pazos Silva, Eva Castro Vigo, M. Isabel Paxos Silva, Eduardo Velázquez Turnes e Mª del Rosario Canicoba Castro
	FOTOGRAFÍA		Equipo de campo
	ESTUDOS DOS MATERIAIS		Sofía Baqueiro Vidal, Mª Pilar Prieto Martínez
DELINEACIÓN		Anxo Rodríguez Paz	
CONTRATISTA		Corsan Corviam Construcción, S.A. e Taboada y Ramos, S.L. "UTE MORRRAZO"	

Copia gratuita. Personal free copy <http://libros.csic.es>

# FICHA TÉCNICA GONDARÁN

EQUIPO DE TRABAJO	ACTUACIÓN		ESCAVACIÓN, TRASLADO E POSTA EN VALOR NO CONXUNTO DE PETROGLIFOS DE GONDARÁN.CANGAS, PONTEVEDRA.
	CLAVE DE EXPEDIENTE		CJ 102A 2003/594-0
	DATAS DA ACTUACIÓN		07 Ó 12 DE NOVENBRO DE 2003. ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA
	REALIZACIÓN DOS TRABALLOS		LABORATORIO DE ARQUEOLOXÍA DO INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO (CSIC-XUGA). UNIDADE ASOCIADA, LABORATORIO DE PATRIMONIO, PALEOAMBIENTE E PAISAXE (IIT, USC)
	DIRECCIÓN DA ACTUACIÓN		Yolanda Seoane Veiga
	AXUDANTE DE DIRECCIÓN		M. Elena Taboada Durán
	EQUIPO TÉCNICO		Teresa Espejo Guardiola, Juan Angel Anca Calvo
	EQUIPO DE TRABAJO		Estíbaliz García Gómez, Mª Isabel Pazos Silva e Eva Castro Vigo
	FOTOGRAFÍA		Equipo de campo
	ESTUDOS DOS MATERIAIS		Sofía Baqueiro Vidal, Mª Pilar Prieto Martínez
DELINEACIÓN		Anxo Rodríguez Paz	
CONTRATISTA		UTE Dragados-OCA	



## Cultura Castrexa: Castro de Montealegre


Roberto Aboal Fernández e Virginia Castro Hierro

Neste texto amósanse os resultados arqueolóxicos obtidos durante os traballos de escavación desenrolados no castro de Montealegre, no concello de Moaña, con motivo das obras de construción do Corredor do Morrazo. Ditas obras afectaban ás ladeiras leste e oeste do citado xacemento da Idade do Ferro, por mor da construción dun túnel e dos acondicionamentos dos emboquilles de ámbalas dúas ladeiras.

### Intervencións anteriores

O castro de Montealegre é un referente na historiografía galega. Nos anos 20 Antón Losada Diéguez fala da citania descuberta na parroquia de Domaio. Tal era o interese pola citania que, nos anos 1925 e 1926, realizou unhas escavacións e os resultados das mesmas quedaron reflectidos en sendas publicacións dos anos 1927 e 1943.

No seu primeiro traballo (Losada Diéguez 1927) o autor fala da presenza de restos de construccio-



**FIGURA 59**  
Perfil topográfico do emprazamento do Castro coa delimitación das superficies escavadas

*nes de diversas épocas [...] desde media ladera hasta la misma cumbre se encuentran depósitos de conchas (concheiro), uno de los cuales, por su extensión, por la variedad de los restos y calidad del material es un verdadero «kioekkenmoedding».*

A modo de conclusión o autor fala de Montealegre como *estación que ofrece vestigios de diversas civilizaciones. En el monte se hallan muchas peñas con insculturas y fossettes y muestras de una primitiva civilización indígena, al mismo tiempo que las tegulae y ciertos ejemplares de cerámica manifiestan la influencia de la civilización romana*, definíndoa

fundamentalmente como unha estación prerromana.

Posteriormente, nos anos 70, Vázquez Varela fixo unha pequena sondaxe na ladeira sur do poboado para tomar unhas mostras de conchas para a realización dun estudo comparativo co concheiro de Peneda do Viso (Vázquez Varela 1977).

Igualmente son moi abundantes os gravados rupestres (dos que xa falara Losada Diéguez), que foron recollidos por García Alén e Peña Santos nun traballo de 1981 e declarados Ben de Interese Cultural nunha declaración específica.

### Resultados

O Castro de Montealegre aséntase nun esporón que vai descendendo en sentido norte-sur ata a ría de Vigo, a partir do sector central da serra do Morrazo, concretamente na parte media-inferior da vertente que parte do Monte Faro de Domaio. A posición do castro é privilexiada: situado no punto máis estreito da ría de Vigo, ten un amplo dominio visual de esta, controlando basicamente a entrada da mesma.



**FIGURA 58**  
Imaxe 3D coa superficie escavada e a posible área de dispersión do xacemento


A forma do monte sobre o que se asenta o castro (é bastante estreito e con moita pendente) fai moi difícil atopar lugares onde poder construír as vivendas (non hai superficies amplas e planas). É por este motivo polo cal a ocupación faise de maneira escalonada (construíndo pequenas terrazas, como a escavada na ladeira W do castro), desde a parte alta do monte ate chegar case que ata o mar.

Na **ladeira oeste** plantexouse un área de escavación de 232 m<sup>2</sup> nun pequeno rechán, e na **ladeira leste**, a de maior pendente das dúas, plantexouse un área de escavación de 248 m<sup>2</sup>, no punto no que o desnivel do terreo era menor e a escasos metros de dúas cabanas escavadas por Losada Diéguez.

### Ladeira Oeste

Os resultados arqueolóxicos amosan un espacio claramente arquitecturizado, de índole habitacional, que foi ocupado durante un período cronolóxico amplo. Identificáronse dous momentos claros de ocupación desta terraza, un primeiro momento entre os **séculos II-I a.C.** e que coincidiría coas cabanas de tendencia circular (que manteñen unha orientación N-S), e un segundo momento que cronoloxicamente nos situaría en torno ao **século I d.C.**, que coincide coas cabanas de planta rectangular (cunha orientación E-W).

Un exemplo da ocupación prerromana é a cabana documentada máis ao norte da área de escavación: trátase dunha cabana de planta elíptica, apoiada directamente sobre a rocha. Construída con muros de cachotería de granito de dobre cara e recheo de ripios e terra.



**FIGURA 60**  
Debuxo da planta e fotografía da escavación na ladeira oeste

Identificouse un nivel de ocupación selado por un derrubo. Este nivel de uso pódese datar en torno ao século II ou mediados do século I a. C, e se conservan os restos dun pavimento moi alterado, con restos de dous fogares de placas de barro cocido (no interior documentouse abundante cerámica de uso doméstico).

Superpoñéndose a este muro identificouse un muro recto que pechaba esta estrutura polo lado N e aproveitaba



parte do muro E da estrutura ovalada. Non se identificaron niveis de ocupación asociados a este muro recto (estaría relacionado coa ocupación máis tardía, de momentos do século I d.C.).

O conxunto de estruturas habitacionais estaba delimitado por un muro de contención de gra-

nito a modo de aterrazamento que igualmente tería sido construído en período prerromano.

E como exemplo do momento de ocupación xa romanizado, está a cabana identificada no extremo SE da escavación, no límite da mesma. De planta rectangular, case cadrada, que se apoia directamente sobre un afloramento rochoso e que ten a súa entrada polo sudeste. Esta formada por muros de cachotería de gran tamaño recheos de ripio e terra. A vivenda estaba cuberta por un derrubo que selaba un nivel de ocupación do século I d. C. Identificáronse os restos dun posible pavimento sobre o que se atoparon dúas lareiras contrapostas de pedra (con restos de actividades de combustión asociadas), e un morteiro de granito *in situ* asociados a cerámica de uso común. Polos materiais documen-



↑FIGURA 63

Perfil do concheiro da ladeira leste

→FIGURA 63

Detalle do concheiro



tados pódese dicir que esta vivenda foi abandonada a mediados do século I d.C.

### Ladeira Leste

A forte pendente desta ladeira fixo imposible calquera tipo de ocupación de índole habitacional, unicamente identificáronse diversas actividades asociadas coa vida no castro. Ocupando a maior parte da área de escavación apareceron diferentes niveis de derrubo que selaban a totalidade das evidencias documentadas. Por debaixo destes derrubos e coincidindo coa parte superior da escavación localizouse un *concheiro* de grandes dimensións (que

amosa a importancia que tiñan a pesca e o marisqueo para estas comunidades).

As **especies mariñas** identificadas no interior do concheiro son:

- ❖ ameixa fina (*Venerupis decussata*)
- ❖ longueirón (*Ensis siliqua*)
- ❖ lapas (*Patella intermedia* e *Patella rustica*)
- ❖ mexilón (*Mytilus sp*)
- ❖ bígaros (*Littorina littorea*)
- ❖ ostras (*Ostrea edulis*)
- ❖ buguina ou cornos (*Charonia rubicunda*)

Os **restos faunísticos** identificados:

- ❖ vacún (*Bos taurus*)
- ❖ ovicaprino (*Ovis aries* / *Capra hircus*)
- ❖ porcino (*Sus domesticus*)
- ❖ restos de hastas de cervo (*Cervus elaphus*).

Os pes do concheiro e utilizado como posible estrutura de contención identificáronse os restos dun muro de cachotería irregu-

↖FIGURA 61

Cabana do momento de ocupación dos séculos II-I a.C.

←FIGURA 62

Cabana dos momentos iniciais de romanización entorno ó século I d.C.





lar apoiado sobre a rocha, en bastante mal estado de conservación. Ao mesmo tempo documéntase unha importante actividade de canteiría, que ten como resultado a presenza de enormes laxes de granito recortadas. Finalmente, e directamente escavadas no substrato rochoso apareceron tramos de posibles canais (un deles discorre por debaixo do muro de contención).

A enorme cantidade de materiais recuperados (cerámica, metais, líticos, vidro, osos...), nos levan a uns momentos encuadrables entre os séculos IV a. C ata o II d.C.


FIGURA 65

Muro de cachote ó pe do concheiro



FIGURA 66

Selección de materiais do Castro de Montealegre



a- Acus crinalis: Alfinete co que as mulleres prendían os cabelos, documentado no interior do concheiro. Século II a. C. e o I. d. C.  
b,c- Agullas de bronce utilizadas para coser (coiro, liño, la...).

d,e- Anzois de bronce.

f- Fragmento de ola con borde tipo Vigo, documentada no interior do concheiro. Século I a.C. - inicios do século I d.C.

g- Fibela de omega de bronce documentada no interior do concheiro. Século II a. C e o II d. C.  
h- Moeda de Augusto de bronce atopada no interior do concheiro. Século I d.C.

i- Pulseira de bronce documentada nas inmediacións do concheiro. Ata o momento non se lle coñecen paralelos, polo que resulta moi difícil encadrarla a un período cronolóxico.

j- Molde de fundición dun machado de bronce documentado na ladeira E, (no interior dun depósito de terra con materiais vinculados aos momentos máis antigos). Este tipo de machados son característicos da Idade do Bronce, aínda que teñen unha longa perduración, chegando facilmente ata momentos antigos da cultura castrexa.



g)



h)



i)



j)

## FICHA TÉCNICA

EQUIPO DE TRABAJO	ACTUACIÓN
	SONDAXES ARQUEOLÓXICAS VALORATIVAS E ESCAVACIÓN EN ÁREA NAS BOCAS DO TÚNEL DO CASTRO DE MONTEALEGRE.MOAÑA, PONTEVEDRA.
	CLAVE DE EXPEDIENTE
	CJ 102A 2004/064-0
	DATAS DA ACTUACIÓN
	1 DE MARZO Ó 30 DE ABRIL E DO 6 DE XUÑO AO 6 DE AGOSTO DE 2004
	REALIZACIÓN DOS TRABALLOS
	LABORATORIO DE ARQUEOLOXÍA DO INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO (CSIC-XUGA). UNIDADE ASOCIADA, LABORATORIO DE PATRIMONIO, PALEOAMBIENTE E PAISAXE (IIT, USC)
	DIRECCIÓN DA ACTUACIÓN
	Roberto Aboal Fernández
EQUIPO DE TRABAJO	AXUDANTE DE DIRECCIÓN
	Virginia Castro Hierro e Xurxo Ayán Vila
	EQUIPO TÉCNICO
	Electra Menéndez Muñoz, Andrés Teira Brión, Sonia García Rodríguez, Elena Taboada Durán
	EQUIPO DE TRABAJO
	Isabel Cabrera Tilve, Marisa Pazos Silva, Juan Anca Calvo, Noemí Natalia Calvo Valcarce, Elisa Crespo Vázquez, María Martín Seijo, Marco Antonio Rivas Nodar, Roberto Barcia Paredes, José López, Alonso, Minerva Méndez Díaz, Miguel Sartal Lorenzo, Darío Peña Pascual, Pablo Vaamonde Díaz, Graciela Rojo Alberte, Luis Gómez Souto, David Rodríguez Martínez, Pedro Caeiro Barreiro, Ana Isabel Tembra Piñeiro, Víctor Fajardo López, Begoña Albertos Figueroa, Iria López Baltar, Mercedes López-Mayán Navarrete, Carlos Galbón, Jose Manuel Costa García
	FOTOGRAFÍA
	Miguel Grueiro Méndez
	ESTUDOS DOS MATERIAIS
	Alfredo González Ruibal e Rafael Rodríguez Martínez
EQUIPO DE TRABAJO	CONTRATISTA
	Corsan Corviam Construcción, S.A. e Taboada y Ramos, S.L. "UTE MORRRAZO"



## Romanidade tardía: O Redolliño

*Roberto Aboal Fernández e Virginia Castro Hierro*

O traballo foi realizado entre os días 26 de agosto e o 17 de setembro de 2003, entre o PK 114+550 e o 114+840, do Treito II-2 Cangas-Bueu, construído pola empresa Morrazo UTE (OHL-Malvar). Os traballos de control e seguimento arqueolóxico deron lugar á identificación dunha estrutura situada no PK 114+710, xunto con material construtivo (basicamente ladrillo) e cerámica de períodos diversos. Antes de comezar os traballos de escavación realizouse unha limpeza por medios mecánicos do entorno inmediato á estrutura, coa finalidade de identificar novas evidencias (estes traballos tiveron lugar entre o 11 e o 14 de agosto). Finalmente realizouse a escavación de 12 x 12 m sobre as estruturas identificadas previamente durante os traballos de seguimento arqueolóxico.

A zona de *O Redolliño* localízase no tramo final de ladeira, a uns 135 m de altitude, nun espacio de val prelitoral situado no punto medio da fractura N-S que comunica as localidades de Bueu e Cangas (esta fractura actúa claramente como vía natural de tránsito). A zona atópase polo tanto encaixada a leste e oeste polos montes de Carballal e Os Laguiños e polo Outeiro Agudo e Monte Liboreiro respectivamente, mentres que abre cara norte e sur divisando parcialmente a enseada de Cangas.

Durante os traballos identificáronse estruturas de diferente morfoloxía escavadas no xabre,

→FIGURA 67

Vista do emprazamento

↗FIGURA 68

Vista da área de escavación

a súa maioría eran estruturas modernas de canalización e drenaxe de augas, con probabilidade relacionadas co rego dos cultivos ou coa construción das terrazas situadas no entorno inmediato (así o confirmaban os niveis de gravas que erosionaban a base das mesmas); ademais, ningunha delas proporcionou materiais arqueolóxicos.

A única estrutura de natureza arqueolóxica foi a documentada inicialmente polos equipos de seguimento,

→FIGURA 69

Gabia de canalización e drenaxe

↗FIGURA 70

Secuencia da escavación do derrube de ladrillo e tella que selaba o conxunto da estrutura






←FIGURA 71

Forno de cocción de materiais de construción ao remate da súa escavación

✓FIGURA 72

Debuxo da planta do forno



e a súa escavación permitiu definir a súa natureza. Se trataba dos restos dun forno de cocción de planta rectangular, do que unicamente se conservan os alicerces. Todo o conxunto estaba selado por un nivel de derrube de ladrillo e tella. Unha vez levantado dito derrube identificáronse os restos de seis pilastras nos laterais (no lado N unicamente se documentaron dúas delas, debido a que a pala escavadora alterou todo ese extremo durante os labores de apertura da pista), e non presentaba restos de pilastras na parte central. Estas pilastras estaban apoiadas sobre unha terra arxilosa de cor agrisado que parecía funcionar a xeito de asento sobre o substrato. Finalmente, e directamente apoiado sobre a rocha e ocupando o espazo entre as pilastras, identificouse un nivel de terra marrón con abundantes restos de carbón, con maior abundancia destes na parte da boca da estrutura.

As características da estrutura, a súa planta rectangu-



←FIGURA 73

Detalle das pilastras do forno

lar así como polo feito de que unicamente se documentase material de construción tipo tella ou ladrillo, parecen evidenciar que nos atopamos antes os restos dun **forno de cocción de produtos de construción** (unicamente pódense identificar as partes correspondentes ó *prae furnium* e a cámara de fogo, sen que se conservasen restos da cámara de cocción). Esta tipoloxía de fornos de material construtivo está identificada en zonas como Tarragona ou a Galia.

Polo que se refire aos materiais, o 90 % é ladrillo (na súa totalidade ladrillos denominados *bes-salis*, o tipo máis pequeno de entre os latericios de cronoloxía romana) e tella (maioritariamente *imbrices*). Igualmente documentáronse varios anacos cerámicos de sección semicircular que presentan á súa superficie totalmente queimada. Atendendo ós elementos que caracterizan estes anacos, estamos posiblemente ante restos da grella ou partes dos tiros do forno.

Tanto a homoxeneidade das dimensións, como a propia finalidade desempeñada polas pezas, poderían encadrar cronoloxicamente os materiais en época romana, posiblemente tardía (III–V d.C.) tal e como indica o grosor dos ladrillos.

Este tipo de estruturas estaba habitualmente próximo ao lugar de extracción da materia prima (a menos de 2'5 km en dirección NW aparece o topónimo *Fonte de Barro*, que podería ser indicador da presenza deste produto) e que formasen parte dalgún tipo de estrutura de carácter agropecuario de maior envergadura tipo *villae*.




FIGURA 74

Proceso de destrución e estado do xacemento no momento da súa documentación

## FICHA TÉCNICA

### ACTUACIÓN

PROXECTO DE ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA EN O REDOLLIÑO

### CLAVE DE EXPEDIENTE

CJ 102A 2003/455-0

### DATAS DA ACTUACIÓN

26 DE AGOSTO Ó 17 DE SETEMBRO DE 2003

### REALIZACIÓN DOS TRABALLOS

LABORATORIO DE ARQUEOLOXÍA DO INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO (CSIC-XUGA).  
UNIDADE ASOCIADA, LABORATORIO DE PATRIMONIO, PALEOAMBIENTE E PAISAXE (IIT, USC)

### EQUIPO DE TRABAJO

#### DIRECCIÓN DA ACTUACIÓN

Roberto Aboal Fernández

#### AXUDANTE DE DIRECCIÓN

Virginia Castro Hierro e Xurxo Ayán Vila

#### EQUIPO TÉCNICO

Rafael Rodríguez Martínez

#### EQUIPO DE TRABAJO

María Cacheda Pérez, Xurxo Ayán Vila, Elena Cabrejas Domínguez, Roberto Barcia Paredes  
y Elisa Crespo Vázquez

#### ANÁLISES DOS MATERIAIS

Rafael Rodríguez Martínez


#### CONTRATISTA

Morrazo UTE Malvar-OHL



**O COÑECEMENTO  
A SIGNIFICACIÓN DE MORRAZO NA PREHISTORIA**





**Clases de xacementos**

- Mámoas
- Asent. Prehistórica Reciente
- Castros
- Petroglifos
- Epoca romana
- Medievales
- Indeterminados

Aínda que é moi cedo, pois fai agora (agosto do 2005) un ano que remataron os derradeiros traballos de campo no Corredor do Morrazo, a pesares da lentitude que implica a xestión e estudo de todo o rexistro arqueolóxico xerado por calquera intervención, e aínda que aquela lentitude é maior cando esa intervención actúa sobor dunha área de grande riqueza e densidade de xacementos e compre dimensións tan inxentes como as cumpridas por este proxecto, podemos aportar unhas valoracións preliminares que amosan a contribución do Morrazo e de tódolos traballos presentados neste volume para un **mellor coñecemento da prehistoria do noso país**.

Os traballos de investigación non rematan aquí. Comezan. A bo ritmo avanza agora mesmo diferentes estudos e análises que, sendo por necesidade lentos, permitirán nun futuro próximo reescribir a vella historia do Morrazo. Mentres tanto, algo podemos ir dicindo de aspectos importantes que amplían o alcance do noso coñecemento.

Neste senso, forzosamente provisional, aportamos nesta derradeira sección do presente volume varias contribucións. Unha visión sintética da prehistoria recente da península

do Morrazo (dende o V milenio a.C. ós inicios do I milenio a.C.) que toma como fío conductor a evolución do poboamento e as dinámicas no patrón de asentamento e está escrita por dous acreditados especialistas galegos neses períodos e na zona. De seguido atópase unha síntese da arte rupestre do Morrazo, seguida por unha visión de conxunto que integra O Morrazo na paisaxe social da prehistoria recente do SW da Galicia centrándose na conformación dunha vella territorialidade que será substituída máis tarde (durante a cultura castrexa e tardorromanidade) por unha xeografía distinta do territorio que establecerá a base da territorialidade do Antigo Réxime (idades medieval e moderna) na zona. Remata esta sección coa presentación dos estudos preliminares da cerámica e industria lítica que compoñen a cultura material moble dos xacementos de maior riqueza ergolóxica. E denantes de todo elo, comeza esta sección cun traballo que pretende explicar a casuística e especial morfoloxía dos xacementos abertos e non estratigrafiados da prehistoria recente da Galicia e que constitúe unha aportación, non tanto ó coñecemento prehistórico, senón á innovación metodolóxica dentro da disciplina arqueolóxica, o que non é menos relevante que o primeiro.



## O modelo de formación dun xacemento arqueolóxico

*Felipe Criado Boado e Antonio Martínez Cortizas*

A maior parte dos xacementos descubertos e escavados no Corredor do Morrazo corresponden a asentamentos ó aire libre da Prehistoria Recente de Galicia (Aprox. 3200-1000 a.C.). De feito, a mellor contribución científica ó coñecemento da Prehistoria e do Patrimonio arqueolóxico de Galicia, posibilitada por esta Obra Pública, ten que ver con este tipo de xacementos e con este período cultural que comprende aqueles tradicionalmente considerados como Neolítico Final (3200-2800 a.C.), Calcolítico (2800-2500 a.C.) e Idade do Bronce (2500-1000 a.C.): sitios arqueolóxicos como Os Remedios, Montenegro ou A Devesa de Abaixo constitúen xacementos de importancia capital para o noso coñecemento deses períodos, así como da organización interna e da morfoloxía deste tipo de sitios.

Cando finaliza a Idade do Bronce, iníciase (en torno ó tránsito entre o segundo e o primeiro milenio a.C.) a Idade do Ferro representada en Galicia pola Cultura Castrexa. O feito de que non se realizaran grandes escavacións en castros ou en xacementos posteriores (vilas romanas ou medievais) no Corredor do Morrazo, ten que ver coa maior monumentalidade e o mellor coñecemento deste tipo de xacementos que, en xeral, posibilitan proxectar o trazado de obras como estradas evitando de antemán o impacto das obras sobre eles: o castro de Montealegre foi evitado mediante un túnel, e a escavación

realizada limitouse á superficie xusta e escasa afectada polos emboquilles do mesmo; e o forno romano de O Redolliño é o típico exemplo dunha estrutura menor e de pequeno porte que non pode ser detectada a priori nos traballos de proxección e de avaliación previa do impacto arqueolóxico.

En cambio os xacementos ó aire libre da Prehistoria Recente non se traducen, de ningún modo, superficialmente e eluden os procedementos estándar de detección e prospección arqueolóxica. A súa existencia é só percibida mediante a presenza de restos arqueolóxicos (particularmente fragmentos de cerámica de pequeno tamaño) que, por outra parte, só aparecen en superficie cando hai remocións de terra ou en perfís (isto é, en xacementos que de algún modo xa sofren impacto). Polo demais son practicamente xacementos invisibles, o que quere dicir que non se poden ver antes do seu descubrimento e escavación, xa que non conteñen estruturas pétreas ni presentan 'volumes positivos' (restos superficiais de estruturas).

Entre as características destes sitios destaca, tamén, o feito de que (ó contrario do que ocorre nun castro ou en xacementos posteriores) non están multiestratigrafiados (é dicir, que posúan una secuencia de niveis estratigráficos superpostos que se co-

rresponda coas diferentes fases —ocupacionais ou de abandono do poboado). De feito, a pesar de que en algúns casos os horizontes edafolóxicos normais nun solo galego se confundiron con estratos arqueolóxicos, estes xacementos en xeral non conservan niveis (de ocupación ou outro estilo) in situ (en posición orixinaria). Antes ben, o seu estudo demostra que os depósitos arqueolóxicos destes xacementos están profundamente alterados; nun certo sentido poderíase dicir que só permanece in situ o que está escavado no horizonte mineral do solo; desa cota cara enriba, todo está desmantelado e non aparecen, conseguintemente, estruturas nin restos de habitación ou ocupación.

Ó mesmo tempo sen embargo estraña que, estando estes xacementos afectados por procesos aparentemente tan agresivos, a dispersión do material arqueolóxico se corresponda estrictamente coas zonas nas que se encontran as estruturas (cando as hai) e este non fora arrastrado mais alá da superficie do xacemento orixinal (esta observación verificouse mediante os estudos de dispersión do material realizados mediante prospeccións de cobertura total en torno ós xacementos e mediante a apertura de trincheiras prolongadas mais alá do xacemento). O corte estratigráfico que normalmente presentan estes xacementos na actualidade é o que se representa, idealmente, na última figura deste apartado.

Agora ben, todas as características que presentan este tipo de xacementos son congruentes co seu proceso de formación como sitios arqueolóxicos; isto é: co uso e natureza dos asentamentos prehistóricos orixinais e coa historia posterior deses sitios unha vez abandonados (denominada 'historia postdeposicional').

Os estudos que o noso Grupo de Investigación ven realizando dende fai anos nos permiten explicar esas características e, a través delas, comprender o seu proceso de formación. As análises realizadas no Corredor do Morrazo permitiron completar este modelo explicativo. Por elo, non é a menor das consecuencias positivas do traballo realizado no Morrazo contribuír a unha mellor comprensión non só da natureza dos xacementos ó aire libre da Prehistoria Recente (algo que será resaltado no apartado seguinte e no dedicado ós "territorios prehistóricos do entorno das Rías de Pontevedra e Vigo"), senón tamén da súa problemática estratigráfica e arqueolóxica.

Estes traballos evidencian que, despois da deposición dos mate-

riais e niveis arqueolóxicos, estes foron afectados por procesos de lavado e erosión lenta do solo, que non tivo en xeral a virulencia necesaria para arrastrar o material arqueolóxico e o mais grosso, e deu lugar en cambio á formación de liñas de gravas e pedras, e horizontes de concentración do material arqueolóxico causados polo seu desprazamento en sentido vertical ó ser mobilizada, en cambio, a fracción arxilo-limosa e as pequenas gravas que rodeaba ó material arqueolóxico e as pedras.

Vamos mostrar esta hipótese mediante un modelo hipotético que, con base en evidencias arqueolóxicas, estratigráficas, edafolóxicas e paleoambientais, reconstrúe a historia deposicional e postdeposicional deste tipo de sitios.

#### Antes da construción dun asentamento. (Fig. 1)

O punto de partida ven dado por un solo galego típico no que é frecuente encontrar tres horizontes edafolóxicos: horizonte A: terra orgánica

mais superficial –representada neste gráfico pola trama clara; horizonte B: horizonte de transición no que predomina material mineral –procedente da alteración da rocha nai-combinado con material orgánico –procedente da alteración da vexetación–, en maior ou menor proporción dependendo das características de cada solo e sitio; e horizonte C: horizonte mineral constituído pola rocha nai alterada. En solos mais xoves e alterados é frecuente que o horizonte B estea pouco desenrolado ou nin sequera exista (que é a situación que se representa á dereita do gráfico).

En Galicia é frecuente a aparición dunha liña de pedras entre o horizonte B e o C (ou incluso entre o C e a rocha nai inalterada) que representan superficies de erosión antigas, anteriores ó ciclo de edafoxénese que dera lugar ó solo superior. Estas liñas soen ter a súa orixe no período interglaciar ou incluso anterior, aínda que tamén poden testemuñar a ocorrencia de crises erosivas en algún momento do Holoceno (cuxos períodos recorrentes mais frecuentes son en toda Galicia.



#### Fase de construción e ocupación. (Fig. 2)

Cando unha comunidade prehistórica levantaba un poboado (ou calquera construción

firme e feita con vontade dunha certa solidez e permanencia), comezaba por desmantelar os horizontes A e B, ou parte do B no caso de que este fora moi es-

peso. A partir dese horizonte de traballo abríanse as gabias de cimentación, buratos de poste e fosos ou fosas que o xacemento requirira. Dispúñase un pavimento de terra



—a— (xeralmente xabre, isto é, una porción do horizonte C do propio lugar), batida con maior ou menor intensidade segundo os casos. Erguíase entón a construción, xeralmente feita de madeira e material perecedoiro á vista da inexistencia no rexistro galego de construcións en pedra ata os inicios da Cultura Castrexa; as escasas construcións en pedra (fogares, cistas ou, excepcionalmente, pequenos zócalos ou liñas perimetrais e de calzos) enraizábanse ata o horizonte C aínda que o seu nivel de uso estivera mais elevado; algunhas partes da construción (postes, paredes, esteras) asentábanse directa-

mente sobre o nivel do solo e non se enraizaban nel, o que terá consecuencias para a visibilidade arqueolóxica do rexistro pois, como veremos, ocasionará que en xeral non queden rastros das mesmas. A continuación, comezábbase o ciclo de uso do asentamento, que daba lugar a un solo de ocupación —b— constituído polos restos de lixo, de material arqueolóxico, etc.

Debemos advertir que o dismantelamento previo dos horizontes A e B é, en si, un principio hipotético, non un a priori, baseado, non tanto na lóxica construtiva (que requi-

re remover as porcións menos consistentes e mais encharcables do solo para fundar mellor a construción e incrementar as condicións de habitabilidade do solar, xa que de outro modo se formaría unha lameira e repesaría o terreo facendo inestable o nivel das construcións), se non en observacións recorrentes: se non fora así, entón terían que aparecer neste tipo de xacementos restos do solo anterior ó xacemento conservados en forma de paleosolo, circunstancia que non se observou ata a data en ningún caso en Galicia, e en particular tería que haber restos de paleosolo baixo os claros niveis de pavimento que si se documentan nestes xacementos.




Fig. 2

### Fase de abandono. (Fig. 3)

O poboado e as súas construcións son abandonadas. Ó igual que pasa en moitos xace-

mentos do mesmo período en toda Europa, é factible pensar que os grandes troncos utilizados e boa parte da madeira foran reutilizados,

pola mesma comunidade ou por grupos posteriores, deixando polo tanto 'ó aire' os buratos de poste.



Fig. 3


### O efecto dos procesos postdeposicionais. (Fig. 4)

Os axentes meteorolóxicos, particularmente a chuvia (que en amplas zonas de Galicia, sobre todo no hinterland das Rías Baixas, ten unha elevada taxa de torrencialidade), pero tamén o vento e as arrioadas ou circulación da auga superficial, impactan sobre restos abertos do poboadado antes de que estes sexan cubertos por depósitos posteriores. Isto provoca una primeira mobilización en sentido horizontal dos restos do solo de uso, o que difumina e uniformiza a súa disposición e dismantela fi-

nalmente o nivel de ocupación, resultado especialmente previsible no caso probable de que este non fora moi espeso como é de esperar dadas as labores de mantemento e limpeza constante do sitio durante o seu uso. Ademais, estes movementos laterais poden dar lugar paulatinamente á formación dunha liña de pedras –c–.

Estes mesmos fenómenos provocarían a colmatación dos buratos de poste e fosas con material edáfico e arqueolóxico procedente do nivel de ocupación. Isto sig-


nifica que o rexistro paleoambiental e arqueolóxico que non se conserva sobre a superficie antiga do xacemento, pódese documentar en cambio nas unidades estratigráficas que reenchén estas estruturas, o que incrementa a significación das mesmas pola información potencial que os seus depósitos poden suministrar sobre o momento de uso do asentamento. Esta hipótese puido ser comprobada nalgún caso (particularmente no xacemento do Bronce Final de Monte Buxel, Pazos de Borbén, Pontevedra) mediante análises edafolóxicas exhaustivas.



**A formación do xacemento arqueolóxico: (Fig. 5)** Moi pronto, despois do abandono do antigo asentamento, nalgún caso apenas catro semanas despois, o lugar comeza a ser colonizado por unha nova vexetación, primeiro herbas e arbustos, mais tarde árbores. Esta colonización, combinada cos axentes meteorolóxicos, exerce dous efectos importantes: por unha parte, a

través das súas raíces, dismantela os escasos restos do nivel de uso anterior e comeza a desbuxar as estruturas escavadas nos horizontes C e B; e por outra, a través da súa descomposición e da materia orgánica que produce, incorpora novo material ó solo –d– facendo que este comece a crecer cara arriba. Este proceso combínase co

arrastre de materiais provocado por deposición hídrica ou eólica –e– que incorporan aportes para a formación dun ciclo edáfico novo sobre o sitio. Neste contexto é previsible a formación de liñas de pedras –c–, depositadas sobre o solo espido orixinal e que, polo tanto, marca o inicio da nova fase de acumulación de material que da lugar ó novo ciclo de solo.




### A formación dun novo solo sobre o xacemento. (Fig. 6)

Os procesos anteriores acentúanse ca plena colonización vexetal e, en particular, coa aparición de vexetación arbórea. Esta facilita o desenvolvemento dun novo solo no cal queda integrado ou subsumido o xacemento arqueolóxico. Este solo crece

en dous sentidos: cara arriba mediante a incorporación de nova materia orgánica procedente da descomposición da vexetación, o que dá lugar á formación dun novo horizonte A –f– plenamente constituído; e cara abaixo, mediante o traballo que as raíces efectúan no solo –g– e que alteran o horizonte C

dando lugar a un novo horizonte B –h– e ó desbuxamento do límite superior das estruturas arqueolóxicas –i–. Esta última característica é ben coñecida polos arqueólogos xa que, habitualmente, só cando se profundiza no horizonte sobre o que se reflicten as estruturas, se aprecia con nitidez o seu contorno e morfoloxía.




### O punto de chegada, punto de partida dunha intervención arqueolóxica. (Fig. 7)

A formación dunha estratigrafía 'natural' que subsume unidades estratigráficas e materiais arqueolóxicos. O resultado final é o que se representa neste gráfico, que reflicte a sección estratigráfica habitual en Galicia nun xacemento deste tipo. Non obstante, este proceso non é só aplicable a Galicia, senón

propio deste tipo de sitios nas latitudes temperadas da Europa Atlántica e, con certas adaptacións, tamén nas zonas secas da Península Ibérica.

Unha proba fideligna da validez deste modelo de formación de xacementos a aporta o feito de que as datacións radiocarbónicas realizadas dentro dunha estrutura e no nivel de solo que

se lle superpón, ofrecen (aínda que as mostras sexan adxacentes) resultados dispares. Este extremo foi documentado en diversas ocasións; por exemplo no xacemento ó aire libre de Carballeira do Espírito Santo (Silleda, Pontevedra), pertencente ó Bronce Final: a datación dunha pequena fosa, realizada mediante extracción de materia orgánica dunha mostra tomada xusto baixo a interface coa unidade estratigrá-



fica superior (que se correspondía co nivel inferior da superficie de solo actual da zona), deu un resultado de 1268-1010 a.C., mentres que a mostra inmediata do nivel superposto aportou un 637-772 d.C.

Una consecuencia indirecta da reconstrución e comprensión deste proceso de formación de xacementos deste tipo, sería mostrar que, nos casos nos que aparece material arqueolóxico e non existen, en cambio, estruturas escavadas no horizonte mineral, realmente foran asentamentos do tipo de campamento con estruturas tenues (do tipo de tendas ou pequenas cabanas) montadas directamente sobre a superficie do horizonte A ou, en todo caso, sobre o horizonte sub-superficial unha vez levantado o tapiz vexetal para acondicionar levemente o lugar. Elo fai que, o acaecemento dos procesos postdeposicionais antes citados, dera lugar ó desmantelamento do solo de ocupación vinculado a ese asentamento e á incorporación do material restante a un depósito edafolóxico re-traballado e rexuvenecido. En cambio, os tenues restos de estruturas e obras apenas arquitectónicas, houberan desaparecido e, polo tanto, evádense á observación actual. Deste modo termínase formando un tipo de xacemento arqueolóxico que en realidade debemos denominar área de actividade, e que sería o modelo de xacemento que resta no medio galego detrás dun asentamento tipo campamento ocasional pouco permanente. Creemos que esta é a situación en Galicia antes del Neolítico Final-Calcolítico, xa que ata ese momento non aparecen xacementos comparables a Os Remedios ou Montenegro; esta

circunstancia reforza a invisibilidade do espacio doméstico durante o megalitismo.

En cambio, en momentos posteriores, dende o Neolítico Final e durante toda a Idade do Bronce, encontramos xacementos como os que aquí consideramos que se corresponden con auténticos poboados (aprox. entre o 3000 e o 2500 a.C.), dado o seu gran tamaño (extremo comprobado en Montenegro e Os Remedios), ou aldeas (na Idade do Bronce entre o 2500 e o 1500 a.C.), dada a súa menor dimensión (como Os Laguiños ou A Devesa de Abaixo). A propia formación destes xacementos mostra que estaban sometidos a un ciclo de asentamento-abandono-reasentamento sobre os mesmos sitios, que a súa morfloxía tamén evidencia ó aparecer frecuentes casos de corte e superposición dunhas estruturas por outras, e que é o que dá lugar ó tipo de xacemento que Méndez (1995a e 1995b) definiu como área de acumulación. En todo caso, o que traduce este proceso é que, se ben neses momentos aínda non apareceu un asentamento permanente (como os castros, que resaltan ademais a súa perennidade a través da súa petrificación e maior monumentalidade), tampouco estamos diante dun asentamento móbil ou itinerante, senón en presenza dun patrón fixo e regular, cunha escala intensa de intervención sobre o medio, que se apropia o terreo de forma estable,

conforma de feito auténticos territorios (no sentido sociolóxico do termo; volveremos sobre este mais abaixo), e aséntase en puntos predefinidos deste territorio. Podemos dicir que estes asentamentos son estables.

Neste sentido, parece oportuno aplicar o termo área de acumulación como un concepto que se refire a un modelo de xacemento concreto, que resulta dun proceso de formación específico o cal, pola súa parte, nos permite entrever o modelo de asentamento que está detrás deste tipo de xacementos. No seguinte apartado se consideran outras dimensións destes mesmos xacementos e períodos, baseándose para elo nos cambios que presentan nos seus patróns de distribución e emprazamento.

Esta análise ofrece, así mesmo, una consecuencia de carácter metodolóxico que redundará en beneficio dunha mellor xestión do Patrimonio Arqueolóxico en Galicia e permite plantexar e resolver mellor as intervencións sobre este tipo de xacementos. Á vista do modelo que aquí se reconstruíu, descóbrese que a estratexia mais eficaz para traballar en extensión nestes xacementos é utilizar medios mecánicos, particularmente palas escavadoras, que permitan remover de forma controlada os niveis de solo que cobren o auténtico xacemento e encontrar canto antes o horizonte no que se reflicten as estruturas e restos arqueolóxicos. Foi o uso controlado de medios mecánicos (xeralmente simultaneando o traballo mecánico co humano, e non

abordando un a continuación do outro) o que permitiu acometer con eficacia a escavación do xacemento de Os Remedios e afrontar o estudo dunha superficie de 7000 m<sup>2</sup> nun tempo récord (ver, neste mesmo volume, Bonilla e Cé-

sar). Dada a extensión e, ó mesmo tempo, indefinición dos xacementos deste tipo, non é realista abordar o traballo arqueolóxico sen a utilización de medios mecánicos. O contrario non significa só un consumo des-

proporcionado de recursos que están mellor gastados destinándoos a outros fines, senón que ademais non permite documentar as evidencias necesarias para comprender con precisión este tipo de sitios arqueolóxicos.

## De conxuntos materiais a poboados: patróns de asentamento en O Morrazo durante a Prehistoria Recente

*Fidel Méndez Fernández e Jose Manuel Rey García*

### **Introdución**

Dende finais da década dos setenta do pasado século, o rexistro arqueolóxico da Península do Morrazo convertiuse nun referente casi mítico para o estudo dos derradeiros instantes da Prehistoria de Galicia, gracias á existencia do conxunto máis amplo e diversificado de xacementos arqueolóxicos pertencentes a esta época.

Tomando como base este desigual rexistro arqueolóxico, pretendemos verificar si existen diferentes estratexias de ocupación do territorio, de construción da paisaxe social, a partir da análise do patrón de emprazamento dos xacementos atribuídos a cada un dos momentos fundamentais que caracterizan á usualmente denominada **Prehistoria Recente**. Empregamos este término, de maneira análoga á empregada por Jorge (1986), para significar o intervalo temporal acotado por dous trascendentes procesos históricos: a *implantación das primeiras sociedades campesiñas primitivas e a irrupción dos poboados fortificados da Idade do Ferro*.

Así pois, non é o noso desexo introducirmos no laberinto da cronoloxía e propoñer unha nova ordenación secuencial dos xacementos considerados neste traballo. Neste senso, non poñeremos en discusión o conxunto de rasgos formais que os individualiza na bibliografía. O noso obxectivo é moito máis modesto e limítase a constatar se existen **diferencias entre as estratexias de construción da paisaxe social para grupos de xacementos distintos**.

Ó obxecto de satisfacer este obxectivo fundamental, seguimos unha estratexia que encadea diversos fitos no proceso de traballo. En primeiro lugar foi preciso caracterizar morfolóxicamente a rexión de estudo para observar se existe unha ocupación diferencial do territorio para, despois, determinar qué factores limitativos poden ter a súa orixe no relevo da comarca, e cales poderían obedecer a decisións que se

xeneran no ámbito da cultura. Posteriormente, procedeuse á análise crítica do extenso e heteroxéneo rexistro arqueolóxico existente en O Morrazo, así como á adscripción funcional de cada unha das agrupacións de materiais consideradas, discriminando aquelas que non teñen cabida na categoría de poboado. Para elo tivemos en conta un conxunto de criterios de selección explicitados con anterioridade por un de nos (Méndez 1998). Finalmete, seguindo a proposta realizada polo seu investigador principal, asignamos estes poboados a algún dos grupos cerámicos sobre os que, usualmente, se establece a adscripción crono-cultural no noroeste para observa-las diferentes formas de construción da paisaxe social durante a Prehistoria Recente de Galicia.

### ***Un relevo escarpado e abrupto***

A Península do Morrazo, un **bloque macizo** que se orienta de norleste a suroeste, constitúe a divisoria natural entre as



rías de Vigo e Pontevedra. Con-  
formada por restos de antigas  
superficies de erosión elevadas  
e fragmentadas durante o ter-  
ciario, ten o seu límite oriental  
na depresión meridiana galega  
ou sinforma de Porriño (Pazo  
Labrador 1994).

Se imaxinariamente simuláse-  
mos un voo sobre O Morrazo,  
o primeiro que chamaría a nos-  
sa atención é o variado e o mo-  
vido do relevo xeral do con-  
xunto, posto que en zonas moi  
próximas ó mar acádanse cotas  
de 620 metros. Porén, unha  
observación máis detallada do  
relevo, permite comprobar cómo  
esta variedade non está  
exenta de organización:

A estreita franxa litoral, que  
percorre perimetralmente a  
península, coincide coa super-  
ficie de aplanamento dos 100  
metros, e engloba as que po-  
den denominarse *terras baixas*.  
Sobre elas dispóñense os prin-

cipais núcleos de poboación  
da comarca, cuxa activida-  
de económica fundamental  
oriéntase, obviamente, cara  
ó mar.

Por enriba destas, e ata o lí-  
mite superior definido pola  
superficie de aplanamento  
dos 400 metros, dispóñense  
as *terras medias*, que alber-  
gan aqueles núcleos de po-  
boación cuxos recursos  
principais céntranse na  
agricultura e na explota-  
ción forestal.

Finalmente, os restos das su-  
perficies de aplanamento dos  
600 metros, que na actualida-  
de vense reducidos a peque-  
nos outeiros aillados, confor-  
man o dominio das *terras altas*.  
Aquí se identifican as maiores  
altitudes da zona (620 metros  
é o teito da rexión), e o seu  
discontinuo perfil deliña o  
nivel de cumios.

Estes **tres bloques bási-  
cos**, dispostos de maneira  
*concéntrica*, e separados por  
pronunciados *escarpes*, ven-  
se interrompidos por dis-  
tintas fracturas e *vales* que,  
cunha disposición aproxi-  
madamente paralela á de-  
presión meridiana, inte-  
rrompen tanxencialmente a  
continuidade destas super-  
ficies de aplanamento. Nes-  
te esquema xeral, o predo-  
minio das pendentes altas  
sobre as baixas representa  
un elemento de análise im-  
portante pois son, en pri-  
meira instancia, responsa-  
bles do relevo escarpado e  
abrupto que caracteriza á  
rexión e, en consecuencia,  
un factor determinante no  
reparto da poboación e dos  
diferentes usos do chan.

## O rexistro arqueolóxico do Morrazo

O rexistro arqueolóxico do  
Morrazo foise configurando  
lentamente, a partir da suma de  
iniciativas ailladas e individua-  
lizadas que respondían a intere-  
ses particulares dos diferentes  
investigadores que traballaron,  
e traballan, sobre O Morrazo.  
Salvo o traballo de catalogación  
de gravados rupestres realiza-  
dos por Peña Santos (1978), ou  
o estudo das producións cerá-  
micas propias da Idade do  
Bronce efectuado por Suárez  
Otero (1986), non se pode dicir  
que se levara a cabo na rexión  
un traballo sistemático que, de  
maneira global ou holística,  
permita edificar sólidamente o  
coñecemento da Prehistoria  
Recente. Tampouco pode en-  
tenderse como sistemático, a  
pesares de introducir aspectos  
novedosos na súa análise, o tra-  
ballo realizado por un de nós  
para abordar o estudo dos pe-  
troglifos do Morrazo dende un-  
ha perspectiva territorial (Peña  
e Rey 1993).

O certo é que, retrotraéndonos  
ó pasado, boa parte das agrupa-  
cións de materiais coñecidas dé-  
bense a iniciativas alleas ó mun-  
do académico<sup>7</sup>, e que ata a  
realización das intervencións  
arqueolóxicas vinculadas á  
construción do corredor do  
Morrazo, que permitiron esca-  
var grandes extensións de su-  
perficie, as actuacións arqueoló-  
xicas levadas a cabo foron de  
reducida envergadura, limitadas  
en moitos casos a meras *sonda-  
xes estratigráficas*<sup>8</sup>. Esta dispersa  
nube de puntos que constitúe o  
rexistro arqueolóxico do Mo-  
rrazo proporciona información  
arqueolóxica moi desigual. Al-  
gúns deles simplemente defí-  
nense por un par de fragmentos

7 Neste senso, boa parte dos puntos  
arqueolóxicos considerados neste traballo  
débense á labor paciente e metódica de  
afeccionados como Antón Costa, Suárez  
Otero ou Carlos Paratcha, así como á  
perseverancia de diversas persoas vinculadas  
a algún dos activos grupos que,  
tradicionalmente, operaron nesta zona,  
como o Grupo de Arqueoloxía Alfredo  
García Alén.

8 Cabe mencionar neste senso as actuacións  
encamiñadas a verifica-la adscripción crono-  
cultural de O Regueiriño e A Fontenla  
levadas a cabo por Peña Santos, ou as  
sondaxes arqueolóxicas valorativas  
efectuadas por este mesmo autor en Lavapés,  
por García-Lastra en Chan de Armada e O  
Fixón, ou por Suárez Otero en O Fixón-A  
Costa da Seixeira.

cerámicos, mentres que outros aglutinan varios centenaes que, ademais, acompañanse con outros materiais arqueolóxicos diferentes e incluso, eventualmente, con estruturas. Por si non fora pouco, á par que heteroxéneo, este rexistro atópase desigualmente repartido. Obsérvase con nitidez unha acusada *disimetría na distribución dos asentamentos* que prioriza as marxes da ría de Vigo sobre a de Pontevedra que, sospeitamos, tende a enfatizar a distribución actual dos arqueólogos máis que a realidade pretérita.

Por esta razón resulta con frecuencia complicado, por non dicir imposible, adscribir culturalmente algúns conxuntos materiais a un momento determinado, e moito máis arduo atribuírlles unha precisa funcionalidade que dé sentido á súa presenza neste punto concreto da paisaxe. Neste senso, avanzamos que omitimos a consideración daquelas referencias ás que, benévola, podemos calificar como vagas ou imprecisas. Este é o caso, por exemplo, das tenues referencias descritivas das fosas de *Santo Domingo*<sup>9</sup>, a endeble caracterización dos materiais recuperados en *Chan do Monte*, ou a fútil mención ó fragmento cerámico recuperado en *Punta do Cabalo* (Suárez 1997). Por isto, dados os obxectivos que perseguimos, foron desvotadas na análise individualizada, se ben son incorporadas á análise macro, como un máis dos elementos que interveñen na construción social da paisaxe.

Tomando en consideración estas dificultades, procedimos a unha atribución funcional para cada unha das coleccións de materiais, discriminando aquelas que, ade-

máis da súa insustancialidade, non tiñan cabida na categoría de poboado. Para elo, e seguindo a proposta realizada por un de nós con anterioridade (Méndez 1998), aplicáronse catro criterios de selección para que a conversión de

*tres ou catro recipientes* cerámicos diferentes. Particularmente, cremos que a consideración dun número relativamente baixo de vasillas se adapta mellor á natureza do rexistro arqueolóxico galego. A exuberante cuberta vexetal converte en opacos e invisíbeis estes xacementos a un ollo non experto<sup>10</sup>. Un segundo criterio alude ó recoñecemento de *materiais diferentes ó cerámico*, usualmente industria lítica e elementos de moenda e, máis raramente, instrumental metálico<sup>11</sup>. En ter-

FIGURA 76

Imaxe 3D da Península do Morrazo coa distribución dos xacementos



simples agrupacións de materiais en poboados, se realice de maneira crítica e reflexiva. Estes criterios non son excluíntes. Ó contrario, a presenza conxunta de varios deles reforza esta atribución, de tal xeito que a incertidume minúzase a medida que se incrementan os criterios que acontecen de maneira simultánea.

O primeiro destes **criterios** fai alusión á identificación de

9 Unha sucinta descrición das mesmas pode verse na ficha de inventario do Museo de Pontevedra.

10 Sirva para ilustrar esta problemática, o feito de que en Montenegro (Moaña), un dos xacementos máis complexos estruturalmente e máis prolífico en materiais dos intervencidos no Morrazo, os responsables da prospección arqueolóxica previa eran remisos a considerala existencia de xacemento neste punto á vista da inexistencia de estruturas recoñecibles e das dúbidas sobre a procedencia espacial de varios fragmentos cerámicos recollidos.

ceiro lugar, e co obxecto de discrimina-la posibilidade de que estes restos podan atribuírse a outro tipo de xacementos caracterizados pola concentración de materiais nun espacio reducido –fundamentalmente, mámoas arrasadas–, é preciso que estes se atopen *significativamente dispersos ó longo dunha área* que tende a ser, con frecuencia, bastante ampla. É este un dos rasgos distintivos deste tipo de asentamentos, ca-

racterizados por periódicas reocupacións dun mesmo espacio que se configura a modo de pequenas cuncas húmidas, que denominamos áreas de acumulación (Méndez 1994). Finalmente, hai que facer alusión á posibilidade de que modificacións actuais na rasante do terreo permitan *identificar estruturas*, rasgo este que, a pesares do seu carácter extraordinario, non

resulta infrecuente no Morrazo, como exemplifican os casos de Chan de Coiro ou de Casal.

Así pois presentamos, de maneira sucinta, o conxunto de poboados que consideramos neste traballo<sup>12</sup>, indicando aqueles criterios que nos permiten caracterizarlos como tales, así como unha breve referencia bibliográfica para un coñecemento máis detallado dos mesmos.

Nº	XACEMENTO	1	2	3	4	REFERENCIAS
1	Aviases	•		¿		—
2	Cavada dos Burros	•	•	¿		Suárez, 1986; Peña e Rey, 1993
3	Chan de Armada <sup>13</sup>	•	•	•	•	García-Lastra, 1985–86; Suárez, 1986; Peña e Rey, 1993
4	A Sobreira <sup>14</sup>	•		¿		Suárez, 1986
5	A Chan de Coiro	•	•	•	•	Suárez, 1986; Peña e Rey, 1993
6	Devesa de Abaixo	•	•	•	•	Suárez, 1986
7	Fonteverde	•	•	¿		Suárez, 1986
8	O Fixón <sup>15</sup>	•	•	•	•	García-Lastra, 1984; Peña y Rey, 1993; Suárez, 1995
9	Fixón–Costa da Seixeira	•	•	•		Suárez, 1995 y 1998
10	Chan dos Carrís	•	•	¿	•	Peña, 1992
11	O Casal	•	•	¿	•	Peña, 1992
12	Os Laguñíos	•	•	•	•	LIBRO
13	Lavapés	•	•	•	•	Peña, 1984
14	O Sixtro	•	•	¿		Suárez, 1986
15	Mesa de Montes	•	•	•	¿	Peña, 1985; Peña e Rey, 1993
16	O Regueiriño	•	•	•	•	Suárez, 1986, 1997; Peña, 1984
17	A Fontenla	•	•	¿		Suárez, 1997; Peña, 1984
18	As Forcadas	•	•	¿		Suárez, 1986; Peña e Rey, 1993
19	A Cunchosa	•	•	¿		Suárez, 1983, 1997
20	Currás	•		•		—
21	O Curral	•		¿		—
22	Montenegro	•	•	•	•	LIBRO
23	Monte dos Remedios	•	•	•	•	LIBRO
24	Campolongo	•	•	•		—
25	A Esculca	•	•	•		—
26	Avilleira	•	•	•		—
27	Abrigos San Amaro	•	•	¿		—
28	A Porteliña	•				—
29	O Preguntoiro	•	•		•	—
30	Rego da Xesta	•	•			Suárez, 1997

Criterios: 1. Presencia de tres ou catro recipientes cerámicos diferentes; 2. Existencia de materiais arqueolóxicos distintos ó cerámico; 3. Dispersión ampla dos materiais; 4. Identificación de estruturas

### TÁBOA 3

Catálogo de poboados da Prehistoria  
Recente do Morrazo

## Poboados e grupos cerámicos

Se, como vimos, podemos calificarlo rexistro arqueolóxico do Morrazo como o máis suxerente de toda a Prehistoria Recente de Galicia, non existe consenso á hora de encadear unha secuencia que unanimemente satisfaga á comunidade científica, pese a que o corpus de publicacións sexa xa, a estas alturas, numeroso e diversificado. Isto débese ó emprego de opcións metodolóxicas e criterios diferentes, cando non diverxentes, e á escaseza de datacións radiocarbónicas, pois as existentes deben poñerse en corentena, nuns casos polas dúbidas en canto á súa procedencia (*Chan de Coiro* ou *A Fontenla*) ou pola elevada desviación típica que ofrecen as procesadas polo laboratorio xaponés de Gakusuin (*Fixón*, *Lavapés*).

Así pois, non destaparemos a caixa dos tronos e **renunciamos expresamente a introducirmos no proceloso mundo do tempo e das cronoloxías**. O noso obxectivo é moito máis modesto. Tan só pretendemos observar se existen diferencias nas estratexias de construción da paisaxe social para grupos de xacementos distintos. E para este propósito, é suficiente con asumir a adscrición crono-cultural que o autor do traballo principal proporciona para cada un dos xacementos considerados.

Ó marxe da ubicuidade temporal que cada investigador lle otorgue, o certo é que existe un relativo consenso á hora de individualizar, pola súa especificidade, determinados **grupos cerámicos** que tenden a manifestarse no rexistro arqueolóxico de xeito reitera-

do. O primeiro deles está integrado por un conxunto de vasillas *cerámicas decoradas con un elenco de motivos incisos ou impresos diferentes dos inciso-metopados* que teñen en *O Regueiriño* o seu principal referente. O segundo é o representado polas comúnmente denominadas *inciso-metopadas de tipo Penha*, organización decorativa que de maneira moi barroca recubre os recipientes cerámicos de *Lavapés* ou *Montenegro*. O terceiro grupo cerámico, que ten o seu principal referente en *O Fixón*, é o conformado por cacharros que integran, en calquera das súas variantes, *decoración campaniforme*. Finalmente, están aqueles recipientes cerámicos cuxa característica principal é a *ausencia de decoración*, é dicir, encontrámonos ante un grupo cerámico caracterizado polo peso extraordinario das cerámicas lisas.

Obviamente, estes grupos cerámicos que tradicionalmente funcionaron como indicadores cronolóxicos, non conforman compartimentos estancos, se non que se relacionan entre si establecendo relacións de anterioridade, simultaneidade e posterioridade, aínda non estudias de maneira satisfactoria. Dous aspectos exemplifican o ruído de fondo que acompaña a discusión: dun lado, a coexistencia cada vez máis frecuente nun mesmo poboado dunha vasilla cerámica que integra cacharros con decoracións inciso-metopadas e campaniformes, como acontece en Pastoría (Jorge

1986) ou, máis próximamente, en Guidoiro Areoso (Rey 1995) e Os Remedios (ver, neste mesmo volume, Bonilla e César); doutro, a quebra do carácter de baliza temporal que usualmente se lle atribuíu ó campaniforme

|  
99  
|

- 11 Especialmente cautelosos hai que ser co instrumental metálico que, con frecuencia, pode vincularse a xacementos de índole diferente ós poboados, tales como depósitos ou escondrixos, como seguramente acontece coas dúas puntas palmela aparecidas en Liméns.
- 12 Ademais das numerosas referencias bibliográficas publicadas, e do noso coñecemento directo da comarca a través do traballo de campo, consultamos tanto o planeamento urbanístico dos diversos concellos do Morrazo, como o inventario de xacementos arqueolóxicos existente no Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para configuralo no so catálogo de poboados.
- 13 Baixo esta denominación consideramos dous dispersións distintas, distanciadas uns 100 metros, que foron repetidamente mencionadas en distintos traballos e obxecto de escavación puntual.
- 14 Dende a nosa perspectiva, A Sobreira constitúe unha terceira dispersión dunha área de acumulación articulada en torno á cabeceira do río Portiño que tamén inclúe as dúas dispersións anteriores englobadas baixo a denominación Chan de Armada.
- 15 Xacemento situado na vertente norleste da ampla cunca de As Lagoas, baixo o que integramos dúas dispersións distintas que se corresponden con zonas escavadas por equipos diferentes en distintos momentos. A primeira delas, O Fixón, foi escavada en 1982 e permitiu o rexistro de diversas estruturas construtivas ás que se vincula un conxunto de cerámicas campaniformes e lisas. A segunda, denominada O Fixón-A Costa da Seixeira, foi sondeada en 1982.



me, una vasilla que, na actualidade, parece diluirse ó longo dun dilatado lapso temporal que arrancando a mediados do III milenio AC –Pastoría, Murça– acada momentos avanzados do II milenio AC –A Lagoa (Méndez 1994).

Neste senso, atendendo á especificidade do material cerámico, agrupamos os diferentes poboados en **cinco grupos** e definimos, para cada un deles, un xacemento tipo que foi obxecto dunha análise paisaxística indi-

vidualizada, tal e como se sinala na táboa 2. Naturalmente, considerando o carácter insuficiente do rexistro procedente dalgúns destes poboados, é de esperar un considerable grao de incertidume nalgunhas asignacións.

GRUPOS CERÁMICOS	XACEMENTOS	XACEMENTO TIPO
Decoradas diferentes a inciso–metopadas	16, 17, 19, 30	Regueiriño
Inciso–metopadas	13, 15, 21, 22, 29	Montenegro
Predominio inciso–metopadas con campaniforme	18, 23	Os Remedios
Campaniforme predominante ou case exclusivo	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 14, 20, 26	A Devesa
Predominio de cerámicas lisas	10, 11, 12, 24, 25, 27, 28,	Os Laguiños

TÁBOA 4

Grupos cerámicos e xacementos

### *Un emprazamento preferente para os poboados*

Unha preliminar observación da distribución dos poboados considerados neste traballo, descubre unha primeira liña de forza que se traduce no feito de que a superficie de aplanamento dos **400 metros** constitúe un umbral que non sobrepasan os poboados e que, polo contrario, foi empregada de modo preferente polos construtores de mámoas<sup>16</sup>.

INTERVALO	Nº	%
<50	10	33,3
50–100	2	6,6
100–200	8	26,6
200–300	3	10
300–400	7	20
400–500	–	–
500–600	–	–
>600	–	–

TÁBOA 5

Distribución altimétrica dos poboados

Un segundo argumento adquire un valor similar. A inmediatez do **mar** en particular, e as **terras baixas** en xeral, parecen ter exercido unha especial atracción sobre estes grupos humanos, pois o 40% dos poboados sitúanse en enclaves inmediatos a pequenos cursos de auga ou a cubetas dispostas por debaixo da cota 100. Por enriba deste límite e ata acadar o aludido umbral crítico da cota 400, sobre as dorsais e planaltos que salpican O Morrazo séguese localizando poboados, compartindo en ocasións o espacio con algunhas construcións tumulares.

Con carácter xeral, estes asentamentos tenden a vincularse a **cuncas de recepción** de desigual tamaño que, ás veces, albergan no seu fondo unha **braña** ou unha turbeira que as convirte en reservas de **pasto fres-**


**co** durante todo o vran. Polas súas especiais características, estas zonas soportaron unha **ocupación humana intermitente**, pero reiterada ó longo dun dilatado lapso temporal que, con frecuencia, cubre diferentes momentos dende o neolítico ó bronce. Así ocorre coa grande cunca que se abre ó fondo da **ensenada de Aldán**, na que atopan acomodo os poboados de Lavapés e O Sixtro, na cubeta emprazada na cabeceira do río **Portiño** que aloxa as dispersións cerámicas de Chan de Armada e A Sobreira ou, de xeito moito máis ilustrativa, no amplo **humedal de As Lagoas**, situado ao norte da praia de Barra, para o que os datos coñecidos abogan pola

<sup>16</sup> Algo máis da metade das mámoas coñecidas en O Morrazo emprázanse entre as curvas de nivel de 400–500 metros, superficie que tan só representa un 10% do total da península.



súa ocupación, continua pero intermitente, durante practicamente toda a Prehistoria Recente. Normalmente, estas cuncas quedan íntegramente confinadas no interior da **isocrona de cinco minutos** destes poboados e os seus límites tenden a coincidir coa área de **visibilidade directa**, aspecto que reforza a estreita vinculación existente entrambos.

Ademais, coincidindo coa aparición de liñas de investigación que incardinan ós petroglifos nunha estratexia de apropiación do territorio (Peña y Rey 1993; Bradley, Criado y Fábregas 1994) observouse cómo, con frecuencia, estas cuncas atópanse significativamente acotadas e **delimitadas por petroglifos**. E sabemos que, temporalmente, coinciden en moitos casos coa cronoloxía do hábitat establecido no seu interior, o cal reforza o argumento de que, alomenos para os seus autores, estes espacios constituían unha unidade significativa en sí mesma. Para O Morrazo, por reiterado, o exemplo máis ilustrativo desta situación é o do humedal contiguo á praia de Barra, actualmente fosilizado baixo unha espesa capa de duna. Esta cunca, que proporcionou diferentes dispersións de materiais que poden adscribirse dende as postrimerías do neolítico ó inicio da Idade do Bronce, atópase delimitada por varias estacións rupestres. Entre elas resulta especialmente suxerente a de **Mogüelos** (García y Peña 1980) por presentar entre os seus gravados dous escutiformes similares ós plasma- dos en Auga da Laxe ou Castriño de Conxo, e dous puñais análogos ós usualmente gravados nos petroglifos galegos.




↑FIGURA 77

Imaxe 3D da Península do Morrazo coa distribución das mámoas

↓FIGURA 78

Imaxe 3D do Morrazo coa distribución dos asentamentos da Prehistoria Recente



Este armamento propio da primeira metalurxia do occidente de Europa, que tende a vincularse coa figura do varón guerreiro, resulta acorde coa cronoloxía dos poboados emprazados no humedal de As Lagoas. A súa ubicación liminal sobre esta cunca tería servido para **remarcar o control e o acceso á mesa**, ao tempo que contribuíría a expandir a nova ideoloxía que proclama máis alá dos límites dos poboados.

### *A consolidación dun modelo dual de asentamento*

A pesares de que unha análise mínimamente rigurosa esixiría unha multiplicidade de análises moito maior existen unha serie de circunstancias e dinámicas que saltan á vista nunha repentización do mapa de distribución dos poboados e simplemente poñendo por orde algúns dos datos máis evidentes.

Si se observa novamente o mapa de dispersión dos poboados da Prehistoria Recente en O Morrazo, descúbrese a existencia dunha **ocupación diferencial do territorio** que se manifesta na desigual densidade de xacementos arqueolóxicos na rexión e, sobre todo, nunha distribución en pisos altimétricos á que non pode atribuírse un carácter accidental.

		METROS S.N.M.													
POBOADOS		50	100	150	200	250	300	350	400	450	500	550	600		
I	16. O Regueiriño	•													
	17. A Fontenla			•											
	19. A Cunchosa	•													
	30. Rego da Xesta	•													
II	13. Lavapés	•													
	15. Mesa de Montes								•						
	21. O Curral			•											
	22. Montenegro				•										
III	29. O Preguntoiro	•													
	18. As Forcadas	•													
	23. Os Remedios		•												
IV	1. Aviares			•											
	2. Cavada dos Burros								•						
	3. Chan de Armada								•						
	4. A Sobreira								•						
	5. Chan de Coiro					•									
	6. Devesa de Abaixo				•										
	7. Monteverde					•									
	8. O Fixón	•													
	9. O Fixón–Costa da Seixeira	•													
	14. O Sixtro	•													
	20. Currás					•									
V	26. Avilleira	•													
	10. Chan dos Carrís					•									
	11. O Casal			•											
	12. Os Laguiños				•										
	24. Campolongo								•						
	25. A Esculca								•						
	27. Abrigos San Amaro		•												
	28. A Porteliña			•											

TÁBOA 6

Distribución altimétrica dos poboados da Prehistoria Recente

Os escasos restos atribuíbles ás primeiras **comunidades neolíticas** en O Morrazo recupéranse no *borde costeiro*, en puntos que se distribúen por debaixo da superficie de aplanamento dos 100 metros. Trátase dun rexistro certamente deficiente que se recupera en diversas posicións topográficas –abrigo, cunca ou praia– pero, sempre, inmediato ó litoral. A valoración máis extensa destes sitios débese a Suárez (1997) quen, a partir do rexistro de A Cunchosa e O Regueiriño complementado con outros indicios máis endebles, propón a presenza de comunidades neolíticas no *tránsito do V ao IV milenio a.C.*, asentadas na rexión con anterioridade á implantación do fenómeno megalítico.

Ó marxe das discrepancias existentes na valoración do rexistro arqueolóxico deixado por estos primixenios grupos neolíticos (Peña 1984; Fábregas, Fernández y Rami, 1997), responsables da titubeante adopción do modo de vida produtor, resulta clara a súa vocación litoral. Probablemente nos atopemos ante pequenos asentamentos, pouco estruturados e cunha permanencia limitada sobre o terreo, tal e como ilustra a recente intervención en *O Regueiriño* (ver, neste mesmo volume, Lima). Ademais, coa excepción da análise polínica deste último (Aira y Guitián 1984), carecemos de evidencias paleoeconómicas que nos permitan inferir a súa estratexia subsistencial. Non obstante, con certa seguridade, a explotación dos *recursos mariños* e a práctica dunha *agricultura primitiva*, de horto e vinculada a fértiles terreos, deberon xogar un papel importante que se vería complementado cos aportes proceden-

tes do mantemento de *prácticas cinexéticas* e de recolección de *froitos silvestres*, ó abrigo dunha masa arbórea dominada polo *Quercus* que comenza a deforestarse (Aira y Guitián, 1984).

Un problema nada despreciable vinculado a estas primeiras comunidades neolíticas é o da súa coincidencia ou non cos constructores dos primeiros megalitos de O Morrazo, fenómeno que, á luz do que ocorre no noroeste peninsular, habería que retrotraer a mediados do V milenio cal. BC. (Alonso y Bello 1997). Nun traballo anterior (Peña y Rey 1993), asumindo as fragmentarias evidencias acumuladas en Galicia e o norte de Portugal, suxerimos a posibilidade dunha coexistencia entre o espazo funerario e habitacional para os constructores dos megalitos, hipótese apuntada igualmente para outras serras como Aboboreira (Jorge 1990) ou Barbanza (Criado *et alii* 1986), ó tempo que chamábamos a atención sobre a súa diferente estratexia de ocupación do territorio en relación con outros poboados coetáneos. Unha solución a esta aparente disociación podería ser a proposta por Jorge (1990) para a serra portuguesa dun aproveitamento do medio que incorpore recursos –culturais e ambientais– distribuídos en diferentes condicións topográficas que, no caso de O Morrazo, escalónanse dende o mar ata a serra.

Coincidindo coa presenza no rexistro arqueolóxico do **grupo cerámico inciso-metopado** de tipo Penha (Grupo cerámico II), os indicadores

de intervención humana sobre a paisaxe se intensifican. Ó igual que os asentamentos vinculados á situación anterior, os poboados conservan un modelo de ocupación do territorio que prioriza a *ocupación de enclaves próximos a liña de costa*, sempre situados a *cotas moi baixas*. A única excepción coñecida a este esquema é *Mesa de Montes*. A súa situación nunha pequena cubeta situada no extremo suroeste do cordal de A Magdalena invita a priorizalos aspectos de control do territorio sobre os produtivos, aspecto que, si cabe, enfatízase coa posibilidade de que os seus constructores houberen xenerado algún tipo de estrutura artificial de *fortificación*<sup>17</sup>. Esta circunstancia pode invitar a pensar en *emprazamento dual* (poboados máis abertos en zonas baixas e outros en zonas altas que non primarían a cercanía dos terreos explotables senón o control visual do territorio ocupado polo primeiro grupo) que en determinadas condicións podería vincularse a un poboamento xerarquizado.

A diferenza de antes, os poboados presentan agora unhas *dimensións considerables* e, sobre todo, evidencian unha estruturación e complexidade interior insospeitada fai tan só unha década. É o caso dos poboados de *Montenegro* e *Remedios*, intervidos de forma modélica durante as obras de construción do corredor de O Morrazo. O primeiro deles, permitiu caracterizar un poboado articulado en torno a diferentes áreas de actividade

17 Comunicación personal de A. Acuña, responsable da actuación no xacemento, a quen agradecemos os seus comentarios ó respecto.

que se dibuxan a partir da documentación de cabanas, estruturas de almacenamento, fogares ó ar libre, rediles para o gando e un **espacio monumental** destinado a celebracións colectivas (ver, neste mesmo volume, Giannotti y Cancela). O segundo configúrase a partir das improntas de buratos de postes e de gabias atribuídas á construción de cabanas elaboradas con materiais perecedeiros, así como de elementos adxectivos das mesmas do tipo fosas de almacenamento ou estruturas de combustión. Especialmente ilustrativas resultan polas súas implicacións conceptuais, tanto unha gabia, con perfil en V e buratos de poste asociados que delimita o poboado polo este, que os seus escavadores identifican cunha **empalizada**, como varias gabias que, a modo de drenaxe, servirían para evacuar a auga do poboado (ver, neste mesmo volume, Bonilla y César).

Si ben non se dispón aínda dos resultados das análíticas realizadas nestes poboados, para este momento pode falarse xa dun **modo de vida agropastoril plenamente consolidado**. É agora cando a aparición de *cereal* nos diagramas polínicos de xacementos como *A Fontenla* (Aira y Guitián 1984) e *Lavapés* (López García 1984), así como a recuperación de elementos de moenda, e a identificación de estruturas de al-

macenamento, permite falar de produción agrícola. Ademais, nambos casos, a partir da recuperación de landras, constátase a persistencia da recolección de determinados produtos vexetais.

Non existen, ata agora, evidencias de fauna para estes xacementos pero, sen dúbida, non debería diferir demasiado da mostra recuperada en *Guidoiro Areoso*. Aquí, nun concheiro datado mediante o radiocarbono a mediados do III milenio cal. AC, constatouse a presenza dunha cabana ganadeira integrada por **bóvidos, ovicápridos e suídos**, e a explotación dunha selectiva malacofauna centrada no aproveitamento de dous bivalvos —**mexilón e ostrá**— que se complementaron, en menor medida, con outras especies como a lapa, que se acompaña con escasos restos de ictiofauna<sup>18</sup>. Neste senso non debería sorprendernos que a composición da cabana ganadeira ó longo de todo o período considerado fora ata certo punto similar, posto que o verdadeiramente importante neste caso é o grao de desenvolvemento das forzas produtivas que, a igualdade de composición da cabana, pode ter uns efectos sociais moi distintos.

A aparición da **cerámica campaniforme** no rexistro arqueolóxico de O Morrazo (grupos cerámicos III e IV) parece coincidir coa adopción dun **patrón de asentamento moito máis diversificado** que o de momentos precedentes, e deixa entrever a **consolidación dun modelo dual de ocupación do te-**

**rritorio** que, dalgunha maneira, persistirá ata a implantación dos asentamentos fortificados da Idade do Ferro. Persiste aínda a coñecida quenencia por **cuncas de recepción situadas moi próximas á costa** e a pequenos cursos de auga, como ocorre en *O Fixón*, *Avileira* ou *As Forcadas* (aquí coexiste o campaniforme coas inciso-metopadas), pero agora constátase con forza a implantación de **poboados en cubetas máis altas**, emprazadas en puntos diversos das terras medias aínda que sempre por debaixo do umbral da superficie de aplanamento dos 400 metros. Neste dominio das pequenas dorsais e planaltos, estes asentamentos coincidirán espacialmente coas necrópolis megalíticas situadas na rexión. En definitiva, as características que unifican o modelo de asentamento que caracteriza a este grupo de poboados pertencen máis a un ámbito micro e semimicro que macro.

Este ascenso en altitude dos asentamentos da Idade do Bronce obsérvase nun conxunto de poboados coñecidos desde antigo na comarca que se integran no grupo cerámico IV. Algúns deles —*Chan de Armada*, *Chan de Coiro*—, incluso foron obxecto de pequenas intervencións arqueolóxicas décadas atrás. *A Devesa de Abaixo*, escavado co gallo da construción do corredor de O Morrazo, pode ilustrar esta nova situación (Ver, neste mesmo volume, Vázquez). Trátase dunha ampla dispersión integrada por dúas áreas diferentes que proporcionou abundante material cerámico e lítico. A primeira delas, situada na parte alta dun espolón concentra evidencias

18 Carlos Fernández Rodríguez é o autor do estudo da macrofauna no xacemeto, en tanto que Carlos Rodríguez López o é da malacofauna e ictiofauna. Deixamos constancia aquí da nosa gratitude caraes polo empeño posto nestas análises, aínda inéditos.

funerarias –fosas e cista–, mentres que a escasa distancia, nun rechán a media ladeira, ubicaríase un asentamento ó ar libre do Bronce Inicial. Este modelo de asentamento faise máis explícito no poboado do Bronce Inicial de *A Lagoa* na coruñesa serra de *O Bocelo*, onde se definiu unha ocupación non permanente dunha extensa cunca con cabanas construídas con materiais perecedeiros e con redís para o gando. Estas comunidades garantirían a súa subsistencia co desenvolvemento dunha *agricultura de sacho ou de arado primitivo* e co aproveitamento dos *pastos* inmediatos por unha *cabana bovina* que, polas súas esixencias alimenticias, condiciona agora

a ubicación dos poboados (Méndez, 1994).

O mesmo modelo de ocupación de territorio parecen seguir os poboados adscritos ó **grupo cerámico V**, integrado por cerámicas predominantemente lisas, si ben parece observarse un *maior desapego agora polo litoral*. O conxunto de evidencias dispoñibles é agora incluso máis fuxidizo, e procede fundamentalmente de *O Casal* ou *Chan dos Carrís*, dos xacementos que foron obxecto de numerosas pero escuetas referencias. Quizáis este valeiro se cubra en parte con *Os Laguiños*, un poboado parcialmente escavado co gallo

das obras de construción do corredor de O Morrazo, no que se localizaron restos pertencentes a tres cabanas construídas con materiais perecedeiros, así como una vaixela cerámica na que predominan formas semiesféricas e globulares lisas (ver, neste mesmo volume, Mañana y Chao). Se poidésemos transferir estas características ó resto dos poboados que integran o grupo das cerámicas predominantemente lisas, nos atoparíamos cun rexistro arqueolóxico que *preserva formas de vida moi homoxéneas ata acadar practicamente o I milenio*, avanzando algunhas das características que serán propias dos primeiros poboados da Idade do Ferro.



## Arte Rupestre na Península do Morrazo

Manuel Santos Estévez


Se contemplamos un mapa de distribución dos **petroglifos de Estilo Atlántico** en Galicia, apreciamos inmediatamente que estes concéntranse, na súa grande maioría, na comarca coñecida como Rías Baixas e as terras inmediatas. Excepcionalmente atopamos gravados máis ó interior, pero nestes casos case sempre próximos ós cursos dos ríos de maior caudal e polo tanto susceptibles de ser navegados con embarcacións lixeiras.

A Península do Morrazo atópase en plena área de maior concentración de arte rupestre e a escasos quilómetros de dúas das áreas máis importantes: as comarcas de **Vigo** e **Campo Lameiro**. No Morrazo podemos contar coa práctica

totalidade dos deseños encuadrables dentro do Estilo Atlántico, como son as **combinacións circulares**, repartidas por case tódala xeografía da zona; **cérvidos**, máis escasos pero presentes en petroglifos como **Pinal do Rei** (Cangas), **labe-rintos** como os situados nas inmediacións da praia de **Mogor** (Marín) e representacións de armas como as de **Laxe da Chan** (Cangas).

→Figura 80  
Laxe da Chan (Cangas)

↓Figura 79  
Imaxe 3D da Península do Morrazo  
coa distribución dos petroglifos



↑Figura 81  
Combinación circular e cobiñas en Gondarán (Cangas)

↓Figura 82  
Laberinto de Mogor (Marín)



O Estilo Atlántico de arte rupestre esténdese por boa parte da fachada occidental Europea, dende o norte de Portugal ata as Illas Británicas e Irlanda, pero é en Galicia onde atopamos o repertorio máis complexo de deseños, xa que ademais de covañas, círculos concéntricos, espirais, labirintos e outros deseños xeométricos, a diferencia de lugares como Irlanda ou Escocia, en Galicia e norte de Portugal é posible observar gravados figurativos, é dicir, deseños nos cales podemos coñecer qué é o que representan, este tipo de petroglifos son especialmente interesantes á hora de obter información sobre a cronoloxía, función e significado dos petroglifos.

Respecto á **cronoloxía** do Estilo Atlántico, no Morrazo temos varios petroglifos que aportan interesantes datos sobre este aspecto. Así, na Laxe da Chan podemos observar gravados de alabardas, este tipo de armamento encádrase na primeira metade da Idade do Bronce, é dicir, entre o 2400 e o 1200 antes de Cristo; nesta mesma rocha é posible observar unhas das escasas representacións das coñecidas como *paletas*, moi semellantes ás atopadas no norte de Italia e que veñen sendo datadas en torno ó 850 antes de Cristo, noutras palabras nas postrimerías do

Bronce Final. Por outra banda, existen outros dous interesantes petroglifos que engaden información cronolóxica, trátase dun dos petroglifos de Mogor e a pedra do Pinal do Rei. En Mogor atopamos dúas rochas con sendos labirintos gravados, este tipo de figura é posible atopala en Europa e Próximo Oriente cun idéntico deseño, as figuras máis antigas dátanse en torno ó 1200 a. C. en Siria, pero as europeas encádranse entre o 750 e o 500 a. C. Por outra banda, se analizamos o petroglifo de Pinal do Rei, podemos ver unha escena de caza de cervo e varios xinetes a caballo, estas escenas son de especial relevancia, entre outras razóns, polo seu valor cronolóxico, sabemos que a iconografía da caza do cervo xeneralízase en diversos soportes (ourivería, petroglifos, metalurxia, etc.) en Europa a partir da Primeira Idade do Ferro, e o mesmo ocorre co uso do caballo na guerra. Polo tanto, baseándonos na información

dispoñible, debemos dicir que o **Estilo Atlántico de Arte Rupestre puido xurdir nos inicios da Idade do Bronce e continuar en uso no Bronce Final e na Primeira Idade do Ferro**, polo que poderíamos falar de 2000 anos de vida para este estilo que é o espacio cronolóxico que vai dende o 2500 ó 500 a. C.

En todo caso debemos dicir que, na Península do Morrazo, existen outros gravados cuxa cronoloxía é difícil de precisar, referímonos ós gravados de *A Borna* e *A Devesa do Rei* en Moaña. No primeiro caso temos un petroglifo no que, entre outros elementos, obsérvanse cruces modernas, certo número de figuras humanas e un grupo de liñas que, segundo varios investigadores, representarían embarcacións da Idade do Bronce. Por outra banda no petroglifo de Devesa do Rei, obxecto dunha escavación durante o seguimento arqueolóxico do Corredor do Morrazo, rexistrouse un interesante reticulado de non doada adscripción cronolóxica, aínda que temos que subliñar a semellanza con certas decoracións atopadas en tumbas megalíticas como as do dolmen de Antelas (Portugal) do IV milenio a. C., polo que non deberíamos descartar a posibilidade de que a cronoloxía deste petroglifo puidera corresponderse co Neolítico.

**Figura 83**  
1, 2 e 3 gravados do Dolmen de Antelas (Viseu). 4 Petroglifo de Devesa do Rei (Moaña)




## O contido dos gravados rupestres

Os petroglifos non reflicten a vida cotiá das persoas que os gravaron. As comunidades da Idade do Bronce e da Idade do Ferro, practicaban a agricultura e a gandería como base subsistencial, e debemos supoñer que este tipo de traballos ocuparían boa parte da súa rutina diaria. Pero nos paneis non aparecen actividades cotiás; pola contra, a temática máis representada é a relacionada coa caza e coa guerra. O feito de que a arte non retrate a vida cotiá non lle resta interese, moi ó contrario, xa que os petroglifos fálannos daquelas actividades que as xentes da Prehistoria Recente e Protohistoria consideraban máis prestixiosas.

O tema da guerra non se expresa de xeito explícito, senón suxerido, é dicir, non aparecen escenas de loita, tan só amósase o armamento, ben simulando un desfile, como na *Pedra das Procesións* (Gondomar), ben a xeito de depósito de armas como no petroglifo de *Laxe da Chan* (Cangas) onde as alabardas e puñais aparecen representados como colocadas sobre o chan. Por outra banda, chama a atención a ausencia de lanzas ou arcos en tódolos petroglifos de armas. Semella que nos petroglifos galegos exáltase o combate heroico a través da representación dun tipo determinado de armamento que implica a loita corpo a corpo rexeitando as armas arreboladizas que implican un distanciamento entre os combatentes. Esta recorrencia ó mundo bélico e heroico é unha constante nos gravados rupestres europeos da Idade do Bronce e

Figura 84

Pinal do Rei (Cangas)



do Ferro, os petroglifos semellan seguir unha estratexia ideolóxica que defende a preponderancia social dunha caste guerreira sobre o resto da comunidade, presentando a certos individuos como héroes e protagonistas de fazañas épicas e obviando a outros grupos sociais.

Por outra banda, temos as escenas cinexéticas, nas cales, curiosamente o único animal cazado é o cervo, o cal semella reflectir a importancia deste cuadrúpede dende o punto de vista simbólico, non só por ser o animal máis representado, senón tamén pola forma en que é cazado. As escenas venatorias aparecen acompañadas doutra serie de actividades de marcado carácter ritual, como é a monta acrobática, como ocorre en *Laxe da Sartaña* (Porto do Son) onde se pode ver a un xinete ergueito sobre o lombo dun cabalo, a monta sobre cérvido como en *Nabal do Martiño* (Pontecaldelas) ou a presenza de cabalos adornados con cornamentas de cervo como ocorre nun petroglifo de *A Pedreira* (Redondela). Nos últimos períodos da Prehistoria a caza semella ser algo máis que unha actividade lúdica ou un recurso para a procura do sustento. Cando contemplamos unha escena de caza nun petroglifo estamos a ver unha actividade de forte contido ritual e simbólico.

## A finalidade dos petroglifos

As estacións rupestres na Península do Morrazo, sitúanse nas ladeiras das serras e máis concretamente nas liñas de tránsito que comunican as terras altas e as zonas máis inmediatas á costa, e concretamente nos lugares que puideron servir de embarcadiro, é dicir, zonas de praia das baías máis recollidas, moitos dos petroglifos teñen un claro dominio visual sobre as enseadas de Cangas, de Meira ou de Mogor, resaltando deste xeito a importancia do tránsito marítimo como medio de comunicación entre comunidades. Polo tanto os gravados, alomenos os máis complexos, sitúanse fóra dos poboados e moitas veces incluso afastados destes.

Observando o contexto no cal aparece a arte rupestre en culturas etnográficas, comprobamos que, por termo xeral, atópase nas áreas destinadas a usos rituais de especial relevancia, como son os chamados ritos de paso, e especialmente aqueles relacionados co paso da infancia á madurez ou co ingreso dun individuo a un grupo social determinado, como por exemplo unha cofradía de guerreiros, que xeralmente teñen lugar en zonas afastadas do espazo doméstico, ó igual que ocorre cos petroglifos de Estilo Atlántico.

## Os territorios prehistóricos do entorno das Rías de Pontevedra e Vigo

Felipe Criado Boado

O progreso da investigación nos últimos anos, co incremento de datos empíricos e a aplicación de novas técnicas de análise (no uso sistemático de tecnoloxías GIS) e de novos modelos interpretativos (baseadas nos avances en Arqueoloxía da Paisaxe) permite asomarnos, dende o caso específico do Morrazo, á **territorialidade prehistórica**, facendo o que, dun modo aínda preliminar, poderíamos denominar una **socio-política da distribución do poboamento**.

Se nos baseamos nas análises anteriores de F. Méndez e M. Rey, e de M. Santos, e os completamos añadiendo os mapas de distribución de xacementos coñecidos de época **castrexa, romana e medieval** no Morrazo (ver figuras I, II, III), obtemos un panorama integral sobre a territorialidade das diferentes épocas prehistóricas, protohistóricas e históricas. Vemos como, coincidindo co cambio dende o asentamento estable e non monumental da Prehistoria Recente ó asentamento fortificado e monumental que representan os castros do primeiro milenio a.C., se establece una nova tendencia documentada no conxunto de Galicia (e avanzada no caso do Morrazo en algunhas fases ou xacementos da Prehistoria Recente, característica a través da cal seguramente se volve a expresar o maior dinamismo desta zona en comparación coas do interior e setentrión galego): **aséntase un novo tipo de poboamento carac-**

**terizado pola súa proximidade ó típico do Antigo Réxime de Galicia**, se non no seu patrón de asentamento (pois o castro como poboado fortificado non ten parangón nin antes nin despois na historia galega), si no seu patrón de distribución e ocupación do territorio.

A partir de agora ocúpanse esencialmente os vales e, en suma, as terras baixas. Rómpeuse a querencia polas zonas altas do megalitismo, que aínda mantiñan os poboados dos grupos cerámicos III e IV de Méndez e Rey na Idade de Bronce. Establécese unha xeografía humana que, con transformacións importantes en diferentes períodos, presenta os trazos básicos do patrón posterior da historia de Galicia. O noso fragmentario coñecemento (aínda non sistemático nin procedente dunha prospección intensiva) do poboamento romano e medieval do Morrazo, mostra unha liña xeral de concordancia có poboamento castrexo: as comunidades, unha vez liberadas do cinto amurallado que representa o castro e asentadas sobre o territorio en forma do hábitat aberto que son as vilas romanas e medievais, intensifican a ocupación do val con estratexias de subsistencia consistentes na agricultura intensiva de campos permanentes baseada no arado, a tracción animal, a tecnoloxía

do Ferro e, posiblemente, en sistemas de drenaxe do exceso de auga e de esterqueira para manter a produtividade do solo. Iso, precisamente, permitirá superar o ciclo de asentamento non permanente dominante na Prehistoria Recente.

Así pois, podemos recoñecer en liñas xerais tres **modelos territoriais** básicos: un ben definido na **Idade de Bronce**, que parece ter antecedentes claros e unha liña de continuidade co de **época megalítica**; e outro na **Idade de Ferro**, que é moi distinto ós dous anteriores e en cambio mostra unha clara correspondencia (senón continuidade) cos posteriores. Para outros momentos, sobre todo os máis primitivos ou premegalíticos, a territorialidade ou ben non existe como construción política excluínte, ou ben é tan difusa e aberta que deixa escaso rastro arqueolóxico, ou ben as estratexias de apropiación da paisaxe non chegaron ó punto de configurar a este como **territorio**.

O estudo da **paisaxe social da Idade de Bronce** permite, non só definir un modelo hipotético (Méndez 1991, 1993) e interpretativo (Méndez 1994) do patrón de asentamento do período, estendelo ó conxunto de Galicia (Méndez 1998), e contrastalo e xeneralizalo a partir do rexistro empírico para ofrecer tanto un modelo da paisaxe doméstica, sociedade e periodización como da paisaxe ritual e organi-



zación territorial (Santos e Criado, 2005, *en imprenta*) deste momento cultural, senón que podemos empezar a entender incluso cómo se organizaron socialmente unidades territoriais distintivas durante a Idade de Bronce.

A localización de xacementos habitacionais e petroglifos (principal rexistro dispoñible dado que os enterramentos son excepcionais) do período mostra que a súa distribución non é continua, senón que se concentran en sectores concretos da xeografía. Os poboados son escasos, pero a súa distribución, en liñas xerais, é congruente coa dos petroglifos, o que permite precisar esta e confirmar que o espacio doméstico se axustaba e coincidía, en liñas xerais, co espacio da arte.

Unha análise xeográfica a escala de Galicia da *distribución de xacementos da Idade de Bronce* mostra cinco circunstancias de gran interese:

Os espazos ocupados localízanse sempre en *terras altas*, onde predominan terreos de monte e, localmente, humedais; esta característica é coherente cun modelo de subsistencia, ocupación e uso do solo baseado nunha agricultura de roza e aixada e na explotación dunha cabana gandeira, xa que é nesas zonas onde se presentan as condicións ecolóxicas mais aptas para ese sistema tecnocómico. No Morrazo isto tamén inclúe as cuncas próximas á costa, dando lugar ó modelo dual de poboamento que identificaron Méndez e Rey e que non está presente noutras zonas de Galicia.

Petroglifos e poboados conforman *piñas* ben definidas que coinciden con unidades de relevo elevadas (serras e penichairas) ou (no caso do Morrazo) ben delimitadas, de certa extensión (entre 20 e 30 km<sup>2</sup> de media), o que posibilita que neles exista unha ampla variedade de recursos e terreos; cara ó interior son xeralmente zonas rodeadas por escarpes e pendentes abruptas, con superficies interiores nas que predominan as formas planas, amenizadas por vales transversais e colgados en altura (que constitúen os terreos nos que tradicionalmente se concentrou e concentra o poboamento tradicional nelas existente, así como as terras de labradío), e por divisorias e zonas de cumes de formas e condicións máis rigorosas; estas unidades topográficas ‘emerxen’ nun relevo rodeado de vales amplos e encaixados, efecto que é particularmente notable na provincia de Pontevedra, que presenta un relevo moi abrupto e escarpado.

Este patrón de distribución *invirte o tradicional*, xa que o poboamento galego histórico concentrouse nas zonas de vales entre esas unidades de serra; os vales, en cambio, estarían desocupados, en liñas xerais, ata a Idade de Ferro e proba diso sería que o patrón de distribución de xacementos do Bronce é o contrapunto da distribución dos xacementos castrexos e posteriores.

En cambio, o patrón de distribución do Bronce *coincide co dos momentos megalíticos* anteriores; en liñas xerais,

pois existen diferencias a escala de detalle que, como no Morrazo, non son significativas a escala xeral, ese patrón se superpón coa distribución das *mámoas* galegas.

Si se amplía a escala de observación, a localización de petroglifos e poboados non só non coincide, senón que ocupan espazos distintos e opostos dentro de cada unha destas zonas; este aspecto é, en definitiva, coherente coas observacións que ó respecto se realizaron ó interpretar a distribución de petroglifos como indicadores de espazos utilizados de forma ocasional e episódica.

Á luz desta descrición formal dos espazos ocupados na Idade de Bronce, pódese plantexar que estas zonas constituíron, de feito, auténticos **territorios sociais** que conformaron case ‘*illas*’ de *actividade* e ocupación humana *no seno dun espacio silvestre* configurado por vales nos que existían grandes espazos de bosque espeso e húmido (formacións que en galego se denominan *fraga*, o que suxire una metáfora de densidade e espesura). A partir das análises paleoecolóxicas do Suboreal galego, sabemos, en cambio, que as zonas elevadas (ou as plataformas e cuncas próximas á costa, como sería o caso do Morrazo) dispoñían dunha cuberta forestal menos densa e aberta, o que as facía máis atractivas e dispoñibles para o asentamento humano, circunstancia que se debe unir as restantes condicións favorables que presentaban para o sistema económico-social do momento (aptitude para as rozas, facilidade de laboreo, produtividade, existencia de pastos, etc.)



Na actualidade coñecemos varios ‘territorios’ deste tipo. Os estudos do SW galego realizados polo noso equipo dende 1993, nos permiten dispoñer dun amplo rexistro que confirma este modelo. Dentro dun área de 1000 km² en torno as rías de Vigo e Pontevedra, se documentan non menos de *17 zonas deste tipo*, algunhas das cales poderían subdividirse en varios territorios concretos, e que se corresponden con: terras altas de Moraña e Campo Lameiro, Monte Arcela (nas terras altas de Cotobade), Serra da Castrelada (nas terras altas de Ponte Caldelas), Pazos de Borbén, serras prelitorais de Vigo, e terras altas da Península do Morrazo, (ver mapa IV). Noutras zonas de Galicia, como a zona de Bocelo en Toques e Sobrado, ou as terras de Santiago, pódense percibir territorios semellantes.

Creemos factible propoñer que cada unha destas zonas conformaba un *territorio social distintivo*, posiblemente ocupado por una mesma unidade política de carácter supralocal constituída por grupos domésticos máis pequenos, de residencia local e que ocupaban os poboados non permanentes e de pequeno tamaño como *A Devesa de Abaixo* ou *Os Laguños*. Estes grupos variarían de residencia periodicamente, pero volvendo sempre sobre os mesmos espazos de asentamento. Desta forma, as zonas que definimos constituirían territorios restrinxidos e ben acotados, que eran utilizados de forma extensiva por comunidades locais que circularían periodicamente dentro de cada unha desas zonas. É posible que en ningún outro momento da Prehistoria




a ‘circulación’ fose máis ‘circular’ que durante estes momentos nesas zonas.

Este modelo territorial non só é congruente, como vemos, có rexistro empírico actualmente coñecido (ver os apartados *Modelo de formación dun xacemento arqueolóxico* e *De conxuntos materiais a poboados*, senón que tamén é coherente ca tecnoloxía de construción do espazo social que aportan os códigos de representación artística dese período (ver apartado *Arte rupestre na península do Morrazo*).

Os casos coñecidos nos permiten identificar un **patrón básico de territorio social** para este período.

As unidades básicas posúen ó redor de 30 km² de superficie. Son zonas elevadas e cun relevo suave no seu interior, con vexetación aberta de mato e reservas de bosque nas depresións húmidas. Están delimitadas de forma natural por prominentes escarpes de serras e están separadas de unidades semellantes por áreas de val ocupadas por bosque denso. Estes territorios únense entre si ó longo de longas vías de tránsito comarcal e rexional que discorren ó longo das divisorias e salvan as zonas deprimidas por outeiros, dorsais laterais de serra e *portos*, lugares nos que o espazo entre serras se estreita (mapa IV).

As liñas de tránsito supracomarcais acceden ós territorios sociais por zonas específicas ou *umbrais*, nos que se




localizan, marcándoos, estacións importantes de arte rupestre con petroglifos que posúen características relevantes (maior complexidade, riqueza de motivos e representacións de tipo excepcional como armas ou animais varóns de grandes dimen-

Figura 85

Relimitación de posibles territorios supralocales na Prehistoria Recente e a súa relación coas liñas de tránsito

sións). Sinálanse, así, non só as zonas de acceso a un territorio concreto, senón tamén de contacto entre territorios e de disolución polo tanto do límite ríxido que aparta a uns de outros. Algunhas destas zonas haberían de funcionar como áreas de



agregación de grupos sociais (xa fosen unidades que formaban parte do mesmo territorio, ou xa grupos pertencentes a territorios distintos) e puideron posuír, ou adquirir despois, rango de santuarios ou montañas sagradas (como propoñen algúns traballos de M. Santos e M. García Quintela).

Unha vez dentro de cada territorio, a súa vertebración e tránsito interior se conxuga a partir de liñas e puntos de tránsito locais, a miúdo marcados por petroglifos con motivos sinxelos. Así se unen entre si as zonas de concentración de recursos (reservas de pasto e terreos aptos para o cultivo) e as áreas de asentamento. Os *puntos de cruce* son especialmente relevantes e non é extraño que aparezan remarcados cun petroglifo complexo o reutilizando túmulos anteriores.

As *brañas* ou humedais (áreas de reserva de pasto fresco para a estación seca) se apropian mediante a construción de petroglifos nos seus arredores ou directamente mediante a colocación dun asentamento.

Os *asentamentos* toman a forma de aldeas de pequenos grupos domésticos (posiblemente limitados a unha ou dúas unidades domésticas) emprazadas no borde de brañas e en relación con áreas aptas para o cultivo de cereal. Este se practicaba con tecnoloxía de roza e aixola ou, moi probablemente, co concurso de arado lixeiro, adoptándose paulatinamente un sistema de barbeito de ciclo largo. O esgotamento do solo, que calquera de ambos sistemas provoca, implica a necesidade de desprazar o asentamento cara unha zona de característi-

cas semellantes do mesmo territorio.

O ritmo idóneo de recuperación das terras deste tipo en Galicia é de 10 o 12 anos. Tal é o lapso de tempo que tarda en recuperarse a vexetación arbustiva que se poda talar e queimar para enriquecer o terreo. Despois deste período poderíase volver ó sitio. Tendo en conta que unha parcela de monte pódese traballar dous anos seguidos sen que presente signos claros de esgotamento nin aparezan os efectos negativos da labradura intensiva (manifestados na ruptura da estrutura agregada do solo e a conseguinte aparición de problemas de drenaxe que obrigarían a facer una labra con sucros que require un aparato tecnolóxico mais complexo), un asentamento deste tipo podería estar en uso ata seis ou oito anos, pois un grupo pequeno non esgotaría en dous anos toda a superficie dispoñible de terreos en torno a súa aldea.

Unha vez esgotada, se imporía a necesidade de abandonar o asentamento, trasladarse a outro sitio do mesmo tipo, e volver máis tarde ó primeiro lugar cando o terreo se recuperara.

Deste modo se constituiría un *ciclo de asentamento regular e estable*, que se vincula a un mesmo territorio, mantense nun mesmo punto durante varios anos e, cando se move, implica a reocupación de espazos anteriores. O grado de estabilidade do asentamento

reflictese na arquitecturización do espazo doméstico e na construción dos primeiros sistemas de parcelación do campo (que virían marcados por fosos lineais documentados en algúns xacementos galegos), foran estes utilizados para delimitar espazos funcionais (pastos, cortellos ...), aillar a zona de vivenda ou definir lotes de cultivo.

A través do asentamento móbil fíxase una tradición espacial constante. Esta *tradición* aprópiase dos espazos monumentais anteriores (reocupando as súas inmediateiros e reutilizando os seus túmulos). Controlando o tempo e a tradición, a comunidade se apropia na súa totalidade da paisaxe e o territorio: mentres *fóra* mantense esencialmente un *espazo silvestre*, espeso e de difícil acceso, *dentro* todo el é *utilizado*, domesticado e cerrado. Por iso os umbrais de acceso ós diferentes territorios fanse significativos: neles, a apropiación do tempo e espazo que dirixe a territorialidade da Idade de Bronce se concreta na formalización de áreas de prestixio ritual e sagrado.

Estas observacións pódense concretar examinando a función que desempeña a *arte rupestre* na articulación destes territorios. A análise espacial dos petroglifos e emprazamento permite ver que en realidade funcionaron como un dispositivo artificial que marcaba as cubetas principais, sinalaba as liñas de tránsito entre elas, fixaba os umbrais exteriores deste sistema, dividían o espazo habitable do non habitable, separaba o espazo de val e funerario do ter-



ritorio de monte, doméstico e culturizado e, en definitiva, *ordenaba o medio e o transformaba primeiro en paisaxe cultural e despois en territorio social*. Indícase en diferentes estudos que cada un dos territorios, que definidos dentro da zona de distribución principal de arte rupestre, parece ter trazos característicos no seu estilo de representación.

A distribución dos petroglifos con representacións de armas (algo que si ben non é inusitado no arte rupestre galego, si é excepcional) se corresponden con puntos de límite entre varios territorios distintos, con áreas nas que, de feito, se poderían realizar rituais de agregación.

Como xa estudiou C. Parcerro (Parcerro, 2002) as cousas cambian ca cultura castrexa. No **Ferro 1** (900-400 a.C.) comézase a romper a pauta territorial do complexo megalitismo-bronce. Isto ocorre mediante a adopción do primeiro asentamento permanente, petrificado, fortificado e monumentalizado, que se sitúa na cima dos escarpes que se asoman ós vales, no límite polo tanto das unidades territoriais anteriores.

Dende estes puntos os grupos domésticos locais usan o espacio conxugando o aproveitamento de áreas de pasto, cultivo de rozas e de agricultura permanente ou semipermanente realizada mediante ritmos de barbeito. Isto permite introducir unha novidade na situación anterior: *por primeira vez se fixa o territorio dos grupos locais*. Anteriormente este diluíase debido ó ritmo circular do asentamento no seno do territorio supralocal. Agora, ó facerse permanente o

asentamento, faise tamén permanente o seu territorio. Por elo, a unidade territorial básica é a de cada castro individual. Por enriba deste nivel a análise descubre agrupacións de castros que ocupan unha unidade xeográfica determinada, vincúlanse visual e espacialmente entre si e pódense entender, polo tanto, como un *territorio supralocal*.

Desta forma iníciase a fase de colonización intensiva dos vales e terras baixas que recibirá un maior empuje no Ferro 2, pero que non culminará ata a época romana. O modelo territorial do **Ferro 2** (400 a.C.-0), xenera unha fórmula de apropiación do espacio, inédita ata a data en Galicia, baseada na *constitución do val como unidade territorial e de articulación espacial significativa*. Este feito posúe unha gran relevancia: a semellanza entre o patrón territorial do Ferro 2 e o que, a partir de aí, pasará a ser característico de Galicia, non se basea só na ocupación das terras baixas, na adopción dun sistema de poboamento que se aproxima ó tradicional, e ni tan sequera na (posible) constitución nestes momentos da agricultura de labradío, senón tamén en conformación dunha configuración territorial baseada nos vales. Neste momento se forma unha *paisaxe cóncava* plena, semellante xa á que ocuparán as *parroquias* e *lugares* tradicionais.

O que antes era o *centro* do *orden prehistórico* (as divisórias e interiores das terras

altas), pasa a ser dentro do *orden protohistórico e antigo* a marxe, o límite e a *fronteira*. Incluso hai un despoboamento relativo desas zonas en beneficio dunha maior concentración da poboación nas terras baixas. O mapa dos territorios sociais dá a volta respecto ó existente na Idade de Bronce: os espazos de vales situados entre os territorios do Bronce, serán agora os territorios sociais da cultura castrexa e posteriores.

O elemento nuclear da territorialidade sigue sendo o castro individual e con el o territorio local. Pero a diferenza da situación no Ferro 1, no Ferro 2 *o territorio se artificializa*, abrindo sistemas de cultivo en recintos e terrazas anexas ó castro e arquitecturando incluso os camiños nas proximidades do poboado fortificado. Superado o círculo máis inmediato ó castro, se dilúe esta artificialización intensiva do medio, ata que se chega ó centro (outro castro) do territorio local veciño.

A análise espacial mostra que estes territorios locais son o constituente mínimo de **territorios supralocais** máis amplos, que se estenden xeralmente ó longo da unidade que configura unha forma fisiográfica tipo *val*, e vinculan un pequeno grupo de castros (ó redor de 10 por termo medio) entre si. Estes grupos forman un *acio* máis ou menos heteroxéneo que se individualiza doutros *acios* semellantes, dos que queda apartado no só por unha distancia física maior á media das distancias entre castros dun mesmo territorio, senón tamén polas formas do relevo e a ruptura das

relacións visuais entre eles (que, en cambio, son case constantes entre todos os castros dun mesmo grupo territorial).

Recentemente propúxose que eses territorios de carácter supralocal se corresponderían ca unidade de organización in-

díxena que se representa na epigrafía romana como C invertida (García Quintela, 2002). Esta adscripción, que a moitos especialistas lles parece problemática, é sen embargo só unha parte dunha lectura completa da organización socio-política

da cultura castrexa que se pode facer conciliando o rexistro arqueolóxico coas interpretacións ofrecidas por unha Antropoloxía Histórica baseada nos autores clásicos, a epigrafía e a comparación con contextos indoeuropeos. Queda moito por andar.





## A Cultura material cerámica e lítica

### ESTUDO DA CULTURA MATERIAL DO XACEMENTO DE MONTENEGRO

*Marta Tabarés Domínguez e Sofía Baqueiro Vidal*

Preséntase a continuación unha valoración preliminar da análise da cultura material recuperada durante a escavación do xacemento de *Montenegro* en 2002–2003. A cerámica presenta unhas **características adscribíbles cronoculturalmente ó Neolítico Final**, coa documentación de cerámicas inciso–metopadas así como algún recipiente campaniforme. A colección lítica resulta bastante significativa, tanto a nivel cuantitativo como cualitativo, cun predominio da produción tallada fronte á pulida e cunha utilización maioritaria de materias primas de orixe local.

#### A produción cerámica

O conxunto material cerámico recuperado na escavación de Montenegro consta de mil novecentas trinta e cinco pezas, a partir das que se, puideron reconstruír un total de cento vinte cacharros, que conforman o 13% da mostra analizada.

A grandes rasgos, e tendo en conta que isto é un avance preliminar das características do material, creemos que se poden clasificar tres grupos:

- ❖ **cerámicas lisas**
- ❖ **cerámicas decoradas**, dentro das cais incluíríamos:
  - ❖ cerámicas decoradas de tradición campaniforme
  - ❖ cerámicas decoradas de tradición inciso–metopada (tipo *Penha*)
  - ❖ e un terceiro grupo, tamén

→Figura 86

Cacharro con decoración incisa

→Figura 87

Cacharro con decoración inciso–metopada

decorado, que poderíamos denominar **indeterminado**, no que as características do material non son claras, debido, na meirande medida, o pequeno tamaño dos fragmentos analizados e que poderían pertencer tanto ó grupo das decoradas campaniformes como ó das inciso–metopadas.

O bo grao de conservación no que se atopa o material permitíunos observar o predominio de morfoloxías simples pechadas, tipo cuencos, cunha variedade de tamaños moi ampla, sen apreciarse a simple vista grandes diferencias morfolóxicas entre a cerámica lisa e a decorada.

En relación coa calidade das pastas dos recipientes reconstruídos, estes, parecen ser maioritariamente de pastas medias, con abundancia

→Figura 88

Cacharro campaniforme

→Figura 89

Cacharro con decoración incisa





←Figura 90

Cacharro con decoración inciso-metopada

↙Figura 91

Cacharro con decoración incisa

→Figura 92

Lámina de cristal de rocha



→Figura 93

Lasca de cuarcita

↘Figura 94

Aixola

↓Figura 95

Lasca de cristal de rocha



de desgrasantes, texturas compactas e acabados alisados medios, se ben hai algúns recipientes de calidade excepcional.

Documentáronse un número bastante elevado de recipientes decorados. Nos recipientes de tradición inciso-metopada destaca maioritariamente a técnica da incisión. Os elementos decorativos son bastante variados, aparecendo reticulados, zig-zags, liñas rectas, horizontais, verticais e oblicuas, triángulos recheos, puntos..., o que nos permite apreciar que o esquema decorativo se corresponde cos esquemas da cerámica tipo *Penha*, coñecida tanto en Galicia como no Norte de Portugal.

En canto ós recipientes campaniformes, unicamente podemos reconstruír catro, dous de eles cunhas características bastante «típicas» dentro do campaniforme, con combinación de liñas horizontais e oblicuas, e outros dous cuns rasgos máis peculiares, como é a presenza de metopas.



As características desta cerámica parecen seguir o mesmo patrón formal que nos restantes xacementos coñecidos no NW peninsular para este período cronolóxico, entre os que destaca, na Península do Morrazo, o xacemento de *Lavapés* como exemplo para a cerámica inciso-metopada, ou o xacemento de *O Fixón* para a cerámica campaniforme. Deste xeito, esperamos que co estudo do material deste xacemento poidamos ampliar a variabilidade formal dos recipientes, así como unha caracterización máis completa do estilo cerámico para este período cronocultural en Galicia.

#### A produción lítica

A colección lítica do xacemento está composta por algo máis dun millar de pezas, cuxo soporte litolóxico parece corresponderse fundamentalmente con materias primas de orixe local, entre as que destaca porcentualmente o seixo en diferentes variedades. Ademais, documéntanse outras litoloxías como o granito, o xisto ou o sílex. A análise desta colección atópase nunha fase inicial, polo que apenas poderemos anotar algúns rasgos característicos da mesma.

Dende unha perspectiva tecnolóxica, a **producción tallada** supera á pulida e, dentro desta, pódense identificar tódalas categorías analíticas corresponden-

tes ós produtos xerados mediante procesos de talla, isto é, núcleos, soportes simples (lascas e láminas), soportes retocados e restos de talla. Así mesmo, parece constatarse a existencia de diferentes estratexias de explotación para a obtención de soportes, destacando a identificación de produtos e restos obtidos mediante unha técnica de talla bipolar sobre iunque.

Por outro lado, e como hipótese de partida, podemos plantexar a existencia de actividades produtivas que implicasen accións de percusión e que non teñen que ser estrictamente relacionadas con actividades de talla.

A produción pulida está representada fundamentalmente por material vencellado a actividades de moenda, coa documentación dun importante número de muíños e mans de muíño, realizados maioritariamente en granito. Noutro orde da **producción pulida** atópanse varias pezas que poderíamos agrupar de xeito xenérico como ferramentas de corte, e que son dúas machadas e unha axiola de pequeno tamaño.

Así mesmo, podemos destacar a documentación dun importante número de cantos rodados de seixo e cuarcita, de morfoloxías e métricas heteroxéneas, destacando algúns que presentan melladuras nos extremos, posibles percutores e outros de pequeno tamaño nos que aparentemente non parecen existir pegadas de modificación antrópica.


Deste xeito, e como unha valoración inicial da colección, debemos destacar a excepcionalidade da mesma, tendo en conta diferentes aspectos. Por unha banda, a variabilidade litolóxi-

ca, e, pola outra, a tecnolóxica, que esperamos nos permitan realizar un achegamento a aquelas que foron as estratexias de xestión de materias primas, así como as estratexias produtivas levadas a cabo por esta comunidade prehistórica.

## Valoración

A pesares de que o estudo se atopa nunha fase preliminar, podemos avanzar que a importancia deste xacemento radica tanto nas características do mesmo como nas particularidades da cultura material recuperada. Esperamos que a análise da mesma contribúa a caracterizar aqueles aspectos máis destacables da produción material das comunidades da prehistoria recente nesta área do noroeste.

Figura 96  
Debuxos de Muíños



## ESTUDO DA CULTURA MATERIAL DE A DEvesa DE Abaixo— OS TORRADOIROS

*Pilar Prieto Martínez, Marta Tabarés Domínguez e Sofía Baqueiro Vidal*

Preséntase o estudo da cultura material da escavación do xacemento de *A Devesa de Abaixo* de 2003, contratado ó Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe pola empresa de arqueoloxía *Arqueoconsulting*. Esta escavación desenvolveuse en dúas áreas próximas pero ben diferenciadas topográficamente, e que se denominaron A Devesa de Abaixo e Os Torradoiros. A cerámica caracterízase pola súa variabilidade formal tanto dentro de cada unha das áreas escavadas como entre as dúas áreas. Esta diversidade pode estar indicando **áreas de actividade funcional diferentes dentro do mesmo período ou dous momentos de ocupación diferentes dentro da Idade do Bronce**. A industria lítica amosa unha maior riqueza en A Devesa de Abaixo, tanto nun nivel cuantitativo como cualitativo, destacando coma novidade o grande porcentaxe de produtos líticos resultado de actividades de percusión, ademais da existencia de produción tallada e pulimentada.

### A produción cerámica

Recuperáronse un total de dous mil setecentos oitenta e un fragmentos cerámicos, e o seu estudo permitiunos diferenciar 131 recipientes en total, distribuídos en dúas áreas, 61 cacharros pertencen a *Os Torradoiros* e 70 a *A Devesa de Abaixo*. Neste lugar coñécese material dende os anos oitenta (Suárez 1986), e parte daquel presenta unha coherencia formal co atopado na escavación recente (ver detalles na memoria técnica, Vázquez 2004). **As ca-**

→Figura 97

Fragmento de asa con decoración de A Devesa de Abaixo

→Figura 98

Fragmento de panza con decoración acanalada de A Devesa de Abaixo

**características da cerámica responden ás da Idade do Bronce, se ben poderían corresponderse con dous momentos diferentes dentro deste período, ou ben a dúas áreas de funcionalidade diferente** dentro do mesmo momento de ocupación. Seguidamente sintetizamos as características básicas do material, que presenta unha certa complexidade pola súa heteroxeneidade e por atoparse en dúas áreas diferentes.

En ambas áreas podemos clasificar tres categorías formais ou tres formas de fabricar cerámica, xa que presen-



→Figura 99

Cacharro con decoración incisa e impresa de Os Torradoiros

→Figura 100

Fragmento de panza con decoración campaniforme de A Devesa de Abaixo

→Figura 101

Fragmento campaniforme con impresión de cuncha de Os Torradoiros





←Figura 102

Cacharro campaniforme con impresión de peine (Vasilla-forno) de Os Torradoiros



←Figura 103

Cacharro con cordón aplicado de A Devesa de Abaixo



←Figura 104

Cacharro con cordón aplicado de Os Torradoiros

tan diferencias importantes en tres aspectos: as morfoloxías, as pastas e a decoración. Estas categorías son: a cerámica lisa, a cerámica decorada campaniforme e a cerámica decorada non campaniforme. Dentro de cada categoría (ver caracterización xeral en Prieto 1999), hai rasgos semellantes en Os Torradoiros e A Devesa de Abaixo.

A **cerámica lisa** é a que posúe as pastas máis toscas do xacemento e non se observan diferencias entre as dúas áreas excavadas. As formas básicas predominantes son sinxelas (cuncos) e as menos frecuentes, pero presentes, son compostas (colos estrangulados suaves con perfís de vasos).

A **cerámica decorada campaniforme** é a que presenta as pastas máis finas e a decoración máis coidada e complexa, destacando a impresión de peine, punzón e cuncha, e a incisión. As formas documentadas son compostas (vasos). Se imos a un nivel de detalle, obsérvanse di-

ferencias entre as dúas áreas. En Os Torradoiros, esta cerámica presenta os rasgos típicos que se coñecen neste tipo de cerámica, perfil en S, pastas finas e decoración puntillada e con cuncha. Estas características remiten-nos a unha fase máis ou menos temprana da Idade do Bronce Inicial; mentres que, en A Devesa de Abaixo, esta cerámica presenta unhas técnicas decorativas pouco frecuentes neste período, como a incisión, que noutras zonas da península adoitan corresponderse con momentos tardíos deste período (como é o caso de Ciempozuelos na Meseta, ou Palmela en Portugal). Esta cerámica é a única do xacemento que pode ser un indicador cronolóxico relativo do xacemento mentres estamos á espera de análisis radiocarbónicos.

A **cerámica decorada non campaniforme** amosa unhas pastas medias e toscas, cunha decoración máis sinxela que o grupo anterior, que está feita con incisións superficiais e profundas, impresións de punzón ou *cordóns* na parte superior do cacharro. As for-

mas son variadas, simples e compostas, e son as de maior tamaño nambas áreas. O grupo cerámico que posúe cordóns é moi semellante nambas áreas, o igual que a cerámica lisa, e adoita acompañar á cerámica campaniforme puntillada tanto en Galicia como no resto de Europa. Porén, a grande novidade do xacemento é a cerámica impresa e/ou incisa, moito máis numerosa en A Devesa de Abaixo que en Os Torradoiros, e que amosa unhas características formais descoñecidas ata o momento en Galicia. Hai diferencias entre a cerámica de A Devesa de Abaixo e Os Torradoiros, máis tosca e con decoracións de maior tamaño e máis sinxelas no primeiro e máis coidadas e con decoracións máis esmeradas e de pequeno tamaño no segundo. Temos buscado paralelos en zonas xeográficas próximas e o máis parecido que atopamos para A Devesa de Abaixo é cerámica da Idade do Bronce Final no norte de Portugal, mentres que en Os Torradoiros, aínda que non atopamos cerámica idéntica, pódese observar que nas características da cerámica decorada non campaniforme son coherentes coas cerámicas que habitualmente acompañan ó campaniforme, e que nos levan ó Bronce Inicial.

Ó conxunto cerámico de Os Torradoiros hai que engadir-lle un par de pezas chamativas: Por un lado, un vaso campaniforme que amosa indicios de ter servido para reducir mineral de cobre e convertilo en metal, e que se relacionaría cos inicios dunha metalurxia que emprega unhas técnicas moi sinxelas (Rovira e Montero 1994). E, por outro lado, unha *fusaiola* que non está completa pero é fácil de reconstruír. Esta peza é

interesante porque é un indicio da posible existencia de actividade textil no lugar.

#### A produción lítica

Foron recuperadas un total de mil seiscentas sesenta e nove pezas líticas, das que mil cento cincuenta e tres (en torno ó 69%) foron recuperadas en A Devesa de Abaixo e quinientas ventiséis (apenas un 31%) en Os Torradoiros. As características mais destacables da produción lítica de A Devesa de Abaixo concrétnanse nos seguintes puntos:

O emprego maioritario de **materias primas** de orixe local, sobre todo o seixo nas súas diferentes variedades. Tamén granito, gneis, xistos e de xeito excepcional outras como o sílex. Isto poderíase traducir nunha xestión de recursos litolóxicos que implica un aproveitamento do entorno máis inmediato.

A existencia de diferentes estratexias de explotación na **producción lítica tallada** (diferentes formas de obtención de lascas a partir dos bloques de materia prima ou núcleos), que teñen como obxectivo a obtención de lascas, de xeito expeditivo, que posiblemente serán empregadas en bruto sen necesidade de ser modificadas mediante retoque. Destaca a ausencia case total do compoñente laminar nesta produción.

Os soportes retocados (un raspador, un denticulado, unha laminiña con borde abatido e un microlito xeométrico) poderían responder a un tipo de actividade especializada e a súa documentación no xacemento resulta pouco significativa. Ademais, dúas das pezas, excepcionais polo soporte litolóxico, o sílex,

e polo soporte tecnolóxico, laminar, poderían ter sido aportadas ó xacemento xa formalizadas.

Plantéxase a existencia de actividades de percusión no xacemento, cuxa estratexia de xestión litolóxica responde a un aproveitamento das variedades do seixo en forma de soportes fundamentalmente rodados. Estas actividades, non exclusivamente relacionadas coa produción tallada, parece que poderían responder a outro tipo de actividades produtivas cuxa intensidade contundencia provocaron a fragmentación destes soportes rodados e a existencia de estigmas moi característicos nos fragmentos resultantes. A existencia doutro tipo de pezas asimilables ás documentadas en contextos de actividade metalúrxica, unida á documentación en Os Torradoiros dunha «vasilla-forno», podería plantexar a existencia deste tipo de actividades no xacemento, tendo en conta a súa proximidade. Así mesmo, plantexamos outra posibilidade interpretativa para explicar a existencia deste tipo de actividades de percusión no xacemento, que poderían estar relacionadas coa preparación de desgrasante de seixo para agregar ás pastas da produción cerámica do xacemento.

En canto á **producción pulida**, e perante a falta de análíticas que o corroboren, podemos plantexar tamén a existencia dunha xestión de recursos litolóxicos de carácter local, centrada no aprovisionamento maiorita-

rio de granito e gneis, e cun importante índice de soportes rodados. As pezas atribuíbles á produción pulida fálannos de dúas situacións diferentes. Por un lado, existe un forte compoñente de pezas relacionadas coas actividades de moenda (mans de muíño e muíños, que en liñas xerais aparecen moi fracturadas) e, por outro, un escaso número de pezas que, ó igual que ocorre cos soportes retocados, parecen responder a outro tipo de actividades máis especializadas (como pulidores).

Destaca tamén a documentación dunha estela vencellada directamente á estrutura tipo cista, de documentación excepcional polo momento en xacementos galegos.

Por outro lado, realizar unha valoración da produción lítica de Os Torradoiros resulta máis complicado, xa que apenas unha porcentaxe moi pequena de pezas mostra evidencias claras de ter formado parte dun proceso de manufactura antrópica. Podemos destacar a existencia de dúas pezas retocadas (un raspador de pequenas dimensións e un fragmento de prisma retocado). Ademais, documentáronse algunhas pezas que poderían relacionarse con actividades de moenda. E, por último, destaca a documentación dun posible ídolo antropomorfo.

#### Valoración

O material estudado amosa moitas dificultades á hora de interpretalo. Por un lado, pola novidade dalgunhas das pezas descoñecidas en contextos galegos, por outro, pola ausencia de estruturas arqueolóxicas ou a existencia de estruturas de difícil interpretación, e, fi-

Figura 105

Debuxo dunha selección de pezas cerámicas de A Devesa de Abaixo

nalmente, pola carencia de información radiocarbónica.

Porén, coa información actualmente dispoñible, valoramos que a funcionalidade de *A Devesa do Rei* podería estar relacionada con actividades cerimoniais ligadas a prácticas funerarias (a cista e/ou as fosas seladas polo nivel de arxilas), máis que á deposición de enxovais nas propias tumbas, en parte, pola gran cantidade de recipientes atopados e, en parte, pola súa localización tan dispersa pero delimitada sobre as estruturas. É así como atopamos sentido á existencia de recipientes de uso doméstico e á existencia de industria lítica abundante con actividades de percusión e talla, ademais doutros materiais, tanto cerámicos como líticos, de características máis sofisticadas e excepcionais.

En cambio, o material atopado en *Os Torradoiros* apunta a que se desenvolveron actividades domésticas (cociña, metalurxia, textil, moenda), que son propias dun asentamento habitacional a pesar de que non se conserven estruturas na área excavada. Cabe destacar que é un dos poucos xacementos en Galicia nos que se documenta un asentamento deste período con indicios de activi-



Figura 106

Debuxo dunha selección de pezas cerámicas de Os Torradoiros



Figura 107

Debuxo dunha selección das pezas líticas talladas de A Devesa de Abaixo

dade metalúrxica; Ata o momento o noso único indicio desta actividade era a documentación de crisois (Comendador 1999), pero agora tamén dispomos doutro tipo de restos, como é a vasilla-forno, única polo de agora en Galicia.

Como consecuencia, as hipóteses acerca da cronoloxía relativa do xacemento pasan por dúas opcións, que poden ser igual de coherentes e interesantes. O xacemento faise significativo no caso de que haxa contemporaneidade/sincronía entre ambas áreas porque estaríamos ante o primeiro poboadado da Idade do Bronce que se coñece en Galicia co seu cemiterio anexo. Pero tamén estaríamos ante un xacemento dotado dun sentido sustantivo en época prehistórica no caso de que ambas áreas estivesen distanciadas no tempo, e se desenvolvese unha ocupación diacrónica, intermitente pero reiterada ó longo dun tempo prolongado, que primeiro se tería ocupado como lugar habitacional (Os Torradoiros) e despois como lugar funerario no que se terían practicado, ademais, actividades cerimoniais conectadas coas tumbas (A Devesa de Abaixo).




Figura 108

Debuxo dunha selección das pezas líticas pulimentadas de A Devesa de Abaixo

## ESTUDO DA CULTURA MATERIAL DO XACEMENTO DE O REGUEIRIÑO

*Pilar Prieto Martínez, Marta Tabarés Domínguez e Sofía Baqueiro Vidal*

125

Preséntase o estudo da cultura material da escavación de O Regueiriño de 2003, contratado ó Laboratorio de Arqueoloxía del Paisaxe pola empresa de arqueoloxía *Adro Arqueológica S.L.*. Este estudo céntrase na análise do material cerámico e lítico principalmente. A cerámica analizada correspóndese coa recuperada na escavación de O Regueiriño de 2003, engadido o material depositado no Museo de Pontevedra, procedente de sondaxes arqueolóxicas realizadas nos anos oitenta. A cerámica caracterízase por ser **bastante homoxénea e pertencer maioritariamente ó Neolítico Inicial e Medio**, unicamente dous recipientes campaniformes apuntan a que houbo unha actividade puntual no Bronce Inicial. A análise da industria lítica correspóndese exclusivamente co material recuperado durante a escavación, documentándose tanto unha produción tallada como pulimentada, e cuxas características teñen coherencia dentro da fase neolítica do xacemento.

### A produción cerámica

Na intervención de O Regueiriño recuperáronse un total de mil douscentos vintetrés fragmentos cerámicos (o seu estudo en detalle pódese consultar na Memoria Técnica entregada na DXPC de Lima 2004). O seu estudo permitíunos diferenciar dous estilos cerámicos; por unha banda, o que posúe a meirande parte de recipientes (108 vasillas en total: 82 procedentes da escavación de 2003 e 26 do

→Figura 109

Cacharro con decoración de punto en raia de O Regueiriño

→Figura 110

Cacharro con decoración de punto en raia de O Regueiriño

Museo), que é do Neolítico Inicial/Medio; e, por outra banda, o máis tardío, da Idade do Bronce Inicial, do que se dispón de dous recipientes campaniformes. A meirande parte dos fragmentos destes dous recipientes documentáronse na intervención dos anos oitenta (Peña 1985, Suárez 1997). Brevemente sintetizamos as características da cerámica.

En relación coa **cerámica neolítica** poderíamos falar dunha **única categoría formal**, dado que a maneira de fabricar os recipientes é semellante na cerámica lisa e decorada, compartindo a mesma cadea técnica. Os rasgos xerais da cerámica lisa e decorada son basicamente os seguintes: Posúen unhas morfoloxías sinxelas que son maioritarias en número, e principalmente cuncos, destacando nalgúns dos recipientes elementos de presión como perforacións

→Figura 111

Fusaiola de O Regueiriño



ou asas con ocos de moi pequeno tamaño, que parecen pensados para ser colgados con cordas. Ademais, presentan unhas pastas de texturas e calidade medias, a pesares de ter un tratamento final coidado da pasta; os acabados son de calidade media e as cores roxizas e marróns cunha aparencia mate. A aparencia final da meirande parte dos recipientes é tosca.

Nun nivel un pouco máis de detalle, podemos falar de tres grupos ou tendencias estilísticas, xa que, a pesar da homoxeneidade constatada, obsérvanse







←Figura 112  
Cacharro liso de O Regueiriño



✓Figura 113  
Cacharro liso con perforación de O Regueiriño

algunhas diferencias. Na cerámica lisa obsérvase unha maior variedade nas formas, tamaños e acabados dos recipientes, que probablemente se relacione cunha maior variedade de funcións. Na cerámica decorada as formas son máis homoxéneas, de tendencias sinxelas, e hai menos variedade de acabados; porén, obsérvanse diferencias na decoración. Hai unha tendencia, que se corresponde co número maior de recipientes, que posúe unha decoración sinxela e que se caracterizan por unha decoración puntual limitada ó labio e/ou ó borde composta por un elemento decorativo aillado ou reiterado ata tres veces (as técnicas que destacan son a incisión e impresión). E outra tendencia, máis restrinxida en canto ó número de vasillas, que posúe unha decoración complexa, presentando unha banda de decoración zonal máis ancha que ocupa o

tercio superior ou a metade superior do cacharro, cun deseño máis chamativo e visible que o grupo anterior (destaca como novidade neste grupo o uso da técnica denominada 'punto en raia'). O uso dos recipientes do xacemento apunta a labores vinculadas a actividades domésticas (cociñado, servizo e despensa).

Ó conxunto cerámico hai que engadirlle a presenza dunha fusaíola completa. Esta peza é interesante porque é un indicio da posible existencia de actividade textil no lugar. Ademais, é unha peza interesante porque está completa e porque polo de agora non hai moitos exemplos en xacementos galegos.

En relación coa cerámica da Idade do Bronce, cabe destacar a que se coñece como *cerámica campaniforme*. Son recipientes totalmente diferentes ó grupo anterior na forma, fabricación e decoración. Un deles posúe impresión de peite e o outro de cuncha. En xeral, son de mellor calidade, son máis chamativos e a súa aparencia é moi boa. O ser un grupo tan escaso no xacemento, probablemente o seu achádego sexa circunstancial e non debido a unha ocupación doméstica. Tradicionalmente considérase que a súa

función está orientada ó consumo de bebidas alcohólicas (Sherratt 1987).

A cerámica deste xacemento presenta a peculiaridade de que, a pesares do emprego dunhas técnicas de manufacturación moi sinxelas e de xeito homoxéneo para todo o conxunto do neolítico, amosa unha certa heteroxeneidade a través de tres recursos técnicos, como son: o tipo de acabado, a forma final que se lle dá á parte superior dos recipientes na fase de modelado, ou a presenza dunha ornamentación que consegue a variabilidade xogando con diferentes técnicas decorativas. Estas características responden a un patrón formal definido para a cerámica deste período en Galicia (Prieto 2001) e que se poden observar nos xacementos de A Fontenla e A Cunchosa (Suárez 1997) localizados tamén na Península do Morrazo.

A grande aportación desta cerámica é a variedade e cantidade de recipientes estudados que, ademais de contribuír a ampliar o rexistro arqueolóxico deste tipo de xacementos, moi pouco coñecidos, permítennos definir mellor o estilo cerámico da época.

#### A produción lítica

A cultura material lítica recuperada nesta intervención no xacemento de O Regueiriño apenas está representada por un total de cento vintecinco pezas. As características mais salientables desta produción lítica, se concretan nos seguintes puntos:

A variedade litolóxica que serviu de soporte a este conxunto está representado por materias primas de orixe local (seixo e granito fundamentalmen-

te) aínda que podería darse algunha salvedade, como é o caso dalgúns exemplares silíceos, ou o de dúas pezas cuxo soporte litolóxico non foi identificado. Deste xeito, en torno á metade da mostra está realizada sobre diferentes variedades do grupo do seixo, destacando a presenza das variedades cristalinas e a presenza dunha importante porcentaxe de pezas que conservan restos de superficie cortical prismática, o que implica unha predilección no aprovisionamento deste tipo de soportes, así como un aproveitamento exhaustivo dos mesmos.

Dende unha perspectiva tecnolóxica, o conxunto de produtos tallados supera ó dos pulidos, cunha porcentaxe do 49% fronte ó 30%. A porcentaxe restante correspóndese cun conxunto de pezas que non responden a ningunha das dúas producións anteriores.

Dentro da **producción tallada** predominan os produtos de lascado, isto é, os *soportes simples* (lascas e láminas) os *soportes retocados* e os residuos *de talla*, fronte ós *núcleos*, que apenas aparecen representados. No grupo dos soportes simples, podemos destacar o feito de que os soportes laminares aparecen igual de representados que os soportes tipo lasca. Polo que se refire ós soportes retocados, podemos destacar aquelas pezas que, a nivel morfolóxico, se poderían asimilar ó que nas listas tipolóxicas se coñece como raspadores denticulados; mais estas pezas presentan filos agudos que parecen insinuar un uso das mesmas como instrumentos cortantes e non de raspado.

En canto ás estratexias de explotación tecnolóxica levadas a cabo na produción lítica tallada, podemos anotar unha serie de rasgos que poderían relacionarse co emprego da técnica de talla bipolar sobre iunque, un tipo de técnica que, aplicada sobre materias primas do grupo do seixo, permite unha optimización da materia prima así como dos resultados obtidos.


Na **producción pulida** destaca a documentación dun abundante número de pezas que poderían relacionarse coas **actividades de moenda**, isto é, de muíños e moventes. O sustrato granítico da zona na que se ubica o xacemento podería ter facilitado todos os soportes necesarios para estes obxectos. Por exemplo, os moventes comparten a particularidade de ser cantos rolados naturais reaproveitados, cuxas características morfolóxicas fanos aptos para este tipo de tarefas. Xunto a estas pezas, poderíamos destacar outras, como a documentación de dous posibles instrumentos empregados para pulir.

Xunto a estas pezas, dentro desta produción pulida destaca unha, que presenta o que poderíamos denominar como pulimento de fabricación e non de uso (como o conxunto das pezas de moenda). O estado de fragmentación da mesma impídenos asegurar qué tipo de pieza é, aínda que todo parece indicar que se podería tratar dun fragmento de lámina de azada ou de aixola. Este tipo de pezas relaciónase co traballo sobre madeira.

Completa este conxunto lítico un grupo numeroso de pezas que, se ben non responden a ningunha das producións mencionadas, si se correspondería cunha actividade antrópica dada a súa documentación no xacemento. Este é o caso de numerosos fragmentos de cantos rolados así como formas prismáticas de seixo e cristal de rocha.

En liñas xerais, trátase polo tanto dun conxunto que, aínda que pouco numeroso, é bastante representativo, xa que nel inclúense exemplos de dous tipos de producións, a tallada e a pulimentada, ben caracterizables e que responden a dous tipos de necesidades diferentes. Así mesmo, ambalas dúas producións reflicten diferentes estratexias de aprovisionamento de materias primas, así como diferentes estratexias de explotación, ben mediante a aplicación de técnicas de talla específicas, ben mediante a configuración de superficies pulidas. Estes dous tipos de estratexias tamén nos permiten plantexar, polo menos, **dous tipos de actividades** levadas a cabo no xacemento: por un lado a **producción** (coa fabricación de soportes e ferramentas) e por outro o **consumo** (coas pezas relacionadas con actividades de moenda, por exemplo).

Podemos concluír destacando o feito de cómo a análise das coleccións líticas recuperadas en contextos arqueolóxicos nos permite levar a cabo un achegamento ás preferencias litolóxicas e tecnolóxicas, así como ás necesidades concretas deste tipo de comunidades, e como, a partires do control e aproveitamento dos recursos que tiñan dispoñibles no entorno, permítían satisfacelas.



### Valoración

Debemos destacar que O Regueiriño é o primeiro xacemento do Neolítico Inicial/Medio en Galicia no que se estuda a cultura material de xeito integral, producindo así un valor engadido a un xacemento que en si mesmo xa é moi importante na literatura ar-

Figura 114

Selección dos recipientes neolíticos máis representativos do xacemento

queolóxica do noso país. O seu estudo sistemático permitiranos compara-lo material recuperado aquí con outras coleccións de materiais do noso entorno próximo e peninsular para, deste xeito, poder contribuír a articular e definir o estilo deste período nun contexto máis amplo.




Figura 115

Reconstrucción dos recipientes da Idade do Bronce, seguindo a cadea técnica de fabricación

Figura 116  
Selección das pezas líticas talladas  
máis representativas do xacemento





Figura 117  
Selección das pezas líticas puli-  
mentadas máis representativas do  
xacemento





## CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DO RECIPIENTE CERÁMICO DE REGUEIRIÑO

*Tolanda Porto Tenreiro*

131

No contexto das escavacións arqueolóxicas desenvolvidas no Corredor do Morrazo recuperáronse gran cantidade de materiais arqueolóxicos que na súa maior parte foron procesados, inventariados e finalmente gardados establecendo as condicións mínimas para garanti-la súa conservación. Nembargantes, existen algúns exemplos de materiais que recibiron tratamentos individualizados, determinados por diferentes circunstancias. Un exemplo deste tipo de intervencións é o que corresponde ó tratamento de restauración aplicado a un recipiente cerámico da Idade do Bronce procedente do xacemento de *O Regueiriño* (Moaña, Pontevedra).

O recipiente, recuperado na súa maior parte nas escavacións que tiveron lugar nos anos 76 e 77 (Peña, 1984) permanecía depositado no almacén do Museo de Pontevedra. A aparición de novos fragmentos na escavación levada a cabo nese mesmo xacemento en outubro do 2003 (Lima, 2004), xunto co valor e singularidade desta peza dentro do conxunto de materiais procedentes dese xacemento, nos levaron a propor un tratamento de restauración, orientado á recuperación patrimonial deste obxecto, que permitise a súa exposición nas salas do Museo de Pontevedra.

Xustificación e Criterios da intervención

O recipiente responde ó patrón cerámico de tradición campaniforme. A **singularidade** desta

Figura 118

Resultado final da intervención t

peza vén determinada por unha serie de características formais que a fan peculiar en relación coa cerámica campaniforme galega, se ben posúe os rasgos propios deste tipo de cerámica.

A decisión de aplicar un tratamento de conservación e restauración deste último recipiente baséase na súa singularidade e na intención de realizar unha actuación que resulte definitiva para garanti-la conservación do obxecto. Neste senso consideramos que unha reintegración da forma que o recipiente tería orixinalmente contribuiría a converte-la peza nun obxecto museable. A este motivo, estritamente relacionado coa súa conservación física, únfanse ademais outros vinculados ós valores e potencial que a peza tiña como elemento pertencente a un conxunto de cultura material dun contexto prehistórico.

O tratamento formulado está baseado en dous criterios fundamentais como son a estabilidade e a compatibilidade.

A **estabilidade** referida a que se empregarán aqueles materiais que presenten unha maior resistencia ante os



Copia gratuita. Personal free copy

<http://libros.csic.es>

diferentes factores de alteración. É necesario considerar o seu comportamento fronte ó envellecemento para evitar aqueles que poidan danar ó obxecto ou ben catalizar novos ciclos de alteración.

A **compatibilidade** referida ó uso de materiais afíns ó orixinal para que o seu comportamento sexa similar fronte ós factores ambientais, evitando un comportamento diferencial que poida dana-lo obxecto.

Diagnose do Estado de Conservación

O estudo individualizado do obxecto permitíunos caracterizalo tipo de material e facer unha diagnose do seu estado de conservación coa intención de determina-las causas que provocaron o seu deterioro e aplicar un tratamento de conservación para paliarlo. Documentamos os aspectos tecnolóxicos relacionados co proceso de elaboración do recipiente, xa que consideramos que estes condicionaron tamén o resul-

tado final, entendendo como tal non a peza terminada e lista para ser usada, senón o obxecto tal e como chega ata nós, fragmentado e deteriorado.

A morfoloxía da peza é de cazola, e foi conformada manualmente mediante urdido. A pasta cerámica de coloración marrón escura posúe unha textura porosa con desgrasantes finos. A peza está decorada cunha liña de círculos impresos que recorre o perímetro na zona do borde realizada con algún elemento vexetal e cunha serie de liñas ondulantes realizadas mediante a impresión dunha cuncha de molusco. Como elemento accesorio presenta unha perforación de sección circular nunha zona próxima ó borde realizada con posterioridade á decoración e tamén á cocción.

O recipiente non estaba completo, os fragmentos conservados representan un 15–20% do total, e a maior parte deles pertencen á parte do borde e o corpo. Porén, aínda que a porcentaxe de peza orixinal non é moi elevada, é destacable que se pode reproducir unha parte importante do perfil, faltando unicamente a conexión entre a parte inferior do corpo e o fondo.



As alteracións máis graves que presentaban os fragmentos atopábanse na superficie da pasta onde se observan perdas do acabado, descunchados que nalgún caso chegan a varios milímetros de profundidade. A orixe desta alteración probablemente se atope no rodamento ó que se veu sometida a cerámica na fase de enterramento, pero tamén parece claro que puido ter sido provocada por un tratamento de limpeza demasiado agresivo.

